

CONTRATO PLURIANUAL DE XESTIÓN

Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde

(ACIS)

Reunidos.....	3
Cláusulas.....	4
1. Obxecto e estrutura do Contrato Plurianual de Xestión	4
2. Vixencia do Contrato Plurianual de Xestión	5
3. Misión e visión da ACIS	5
4. Formulación estratéxica 2026-2029: eixos, obxectivos e accións.....	8
5. Os compromisos recíprocos	18
6. Criterios e mecanismos para a esixencia de responsabilidades ao persoal directivo	20
7. A Comisión de Seguimento e Control.....	21
8. Marco de actuación en materia de xestión de recursos humanos	23
9. Política retributiva.....	24
10. Procedemento para a cobertura dos hipotéticos déficits	24
11. O procedemento para a introdución de modificacións ou adaptacións.....	25
Anexo I: Plan estratéxico (eixos, plans e accións)	26
Eixo 1. Formación	27
Eixo 2. Docencia	40
Eixo 3. Investigación.....	47
Eixo 4. Innovación	85
Eixo 5. Avaliación	129
Eixo 6. Xestión	144
Anexo II: Recursos Económicos	156
1. Proxección estimativa de ingresos	157
2. Fontes de financiamento	157
3. Proxección estimativa de gastos	158
4. Desagregación dos recursos económicos por eixos, capítulos e fontes de financiamento	159

Reunidos

Dunha parte, don Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade, nomeado polo Decreto 44/2024, de 14 de abril, que intervéen en base ao sinalado no artigo 3.2 do Decreto 144/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, e de acordo coas competencias que lle corresponden segundo o disposto na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

De outra parte, don Antonio Fernández-Campa García-Bernardo, en calidade de Xerente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, con CIF Q1500412J e domicilio social en Avenida Fernando de Casas Novoa, edificio CNL, número 37, portal A-B, 1º planta, CP 15707 Santiago de Compostela (A Coruña), en nome e representación da mesma e en virtude das facultades que lle confire o artigo 15 do Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos.

Expoñen

Que a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (en adiante, ACIS), creada en virtude do decreto 112/2015, do 31 de xullo, é unha Axencia pública autonómica pertencente ao grupo de entidades públicas instrumentais reguladas no Título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA). A Axencia atópase adscrita á Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde e posúe personalidade xurídica propia, así como tamén patrimonio e tesourería de si e autonomía na súa xestión nos termos que precisan as leis. ACIS constitúese co obxecto de garantir unha maior eficiencia e eficacia na xestión da docencia, a formación, a investigación, a innovación e a avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios.

Que este Contrato Plurianual de Xestión establece os compromisos que ten que cumprir a ACIS no ámbito de actividade que comprende o desenvolvemento do obxectivo anteriormente sinalado e prevé compensacións económicas por parte da Administración.

O contido deste Contrato Plurianual de Xestión foi aprobado, en termos de proposta, polo Consello Reitor da ACIS por Acordo de data 18 de decembro de 2025.

Con base nestes antecedentes elévase á consideración do Consello da Xunta de Galicia o presente contrato de xestión coas seguintes:

Cláusulas

1. Obxecto e estrutura do Contrato Plurianual de Xestión

O obxecto do presente Contrato Plurianual de Xestión é establecer o marco de relacións entre a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (en adiante, ACIS) e a Xunta de Galicia e, polo tanto, o sinalamento dos compromisos asumidos por cada unha das partes para a consecución do obxectivo fixado para a dita Axencia pola lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA), na súa disposición adicional terceira.

Así pois, este Contrato Plurianual de Xestión terá por obxecto regular a actividade da ACIS mediante o sinalamento das diferentes actividades conducentes ao cumprimento da súa misión, do enfoque que debe darse á realización das mesmas, así como da asignación dos recursos orzamentarios e a dotación de persoal precisa para levar a cabo devanditas actividades.

Este documento estrutúrase indo da enunciación dos aspectos máis xerais e estratéxicos, cara ao particular e operativo. Consecuentemente, en primeiro termo expónse o obxecto así como a misión e visión da Axencia, como expresión máis sintética das aspiracións fundamentais da nova entidade instrumental. Seguidamente establécense cales serán, para o período considerado, os obxectivos estratéxicos. A concreción destas metas depende da execución dos plans de actuación e obxectivos operativos que son expostos co detalle de aliñamentos, programación de accións e indicadores no Anexo I (eixos 1 a 6, ambos incluídos).

Complétase a regulación contida neste contrato mediante unha serie de cláusulas relativas a cuestións da xestión interna da Axencia (na cláusula 5 recóllense os compromisos recíprocos asumidos polas partes asinantes do Contrato Plurianual de Xestión; na cláusula 7 descríbese o funcionamento da comisión de seguimento e control; na cláusula 8 empréndese a análise do marco de actuación en materia de xestión de recursos humanos e a cláusula 11 dedícase ao tratamento dunha cuestión de tipo

procedimental: a introdución de modificacións orzamentarias ou adaptacións anuais que, no seu caso, resulten procedentes).

2. Vixencia do Contrato Plurianual de Xestión

A vixencia do presente Contrato Plurianual de Xestión comezará desde o día seguinte ao da súa aprobación polo Consello da Xunta e estenderase ata o 31 de decembro de 2029.

3. Misión e visión da ACIS

Dende unha perspectiva estratéxica a creación da Axencia responde á necesidade de dotar ás actividades de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios de flexibilidade de xestión, autonomía, promoción da eficiencia e responsabilidade por resultados. Ademais, a cada vez maior complexidade da investigación biomédica (configuración de proxectos consorciados, impacto normativo,...) demanda unha xestión diferenciada e profesionalizada.

A base da formulación estratéxica da ACIS concrétase na definición da súa visión e misión, que establecen as metas a longo prazo e potencian o desempeño e orientación estratéxica da Axencia.

A visión é a de converterse nun elemento nucleador do ecosistema galego de coñecemento e innovación en saúde contribuíndo ao seu posicionamento como referente internacional.

A misión é actuar como un instrumento que posibilite, con máxima eficiencia e aportando valor, a xestión do coñecemento xerado no Sistema Público de Saúde en Galicia, desde o momento da súa xeración ata na transferencia a sociedade promovendo ao mesmo tempo a incorporación ao sistema de novas tecnoloxías e sistemas organizativos nun modelo de innovación aberta.

A ACIS na planificación xeral da súa actividade mantén inalterable a perspectiva de coherencia co Plan Estratéxico de Galicia 2022 – 2030 que recolle os grandes desafíos aos que se vai enfrontar Galicia, e tamén as oportunidades que poden xurdir no contexto

das grandes tendencias actuais, fundamentalmente o envellecemento da poboación, o cambio climático e a transformación dixital.

O obxectivo xeral do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 (PEG) é deseñar as liñas estratéxicas de actuación que convertan a Galicia nunha rexión máis verde, máis dixital, máis resiliente e mellor adaptada aos retos actuais e futuros, que converxa en riqueza coa media española e europea, a partires dun modelo de crecemento sostible e inclusivo baseado no aumento da produtividade a través da innovación, a internacionalización, o apoio ás transicións ecolóxica e dixital, o fomento da calidade do emprego e do produto, e o aumento do benestar da cidadanía galega, en especial o dos máis desfavorecidos, para seguir a artellar unha sociedade ben formada, libre e cohesionada.

En aras de acadar este obxectivo, o Plan desenvolve as prioridades de actuación e obxectivos estratéxicos agrupados en cinco eixes. Dentro do Eixo 1, dedicado ao Reto Demográfico, a Prioridade de Actuación 1.4 é a de Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade. Entre os obxectivos estratéxicos desta Prioridade de Actuación, os de maior alienación da ACIS son os seguintes:

1.4.1. Promover a atención sanitaria integral adaptada ás distintas necesidades da poboación, aproveitar as tecnoloxías para impulsar a atención a domicilio e a teleasistencia que permitan prestar un mellor servizo asistencial a unha poboación moi avelentada e espallada no territorio.

1.4.3. Desenvolver, manter e implantar tecnoloxías e sistemas de información innovadores para mellorar as labores de prevención, diagnose, tratamento, control e xestión na sanidade.

1.4.4. Aumentar a eficiencia financeira do sistema sanitario e mellorar a xestión do capital humano e a satisfacción dos profesionais, a través dunha xestión orientada a resultados.

1.4.6. Fomentar a I+D+i no Sistema Público de Saúde de Galicia dirixida as necesidades dos e das pacientes co obxectivo de mellorar a súa atención e a transferencia dos resultados á sociedade.

Pola súa banda a Estratexia Galega de Saúde 2030 recolle as inquiredanzas e necesidades trasladadas polos axentes do ecosistema sanitario galego, e afonda e avanza nas dimensións traballadas na Sanidade Galega desde hai anos: a promoción da saúde, a

atención integrada e personalizada, a accesibilidade, o compromiso coa innovación, a dixitalización e a excelencia asistencial, así como a efectividade, a eficiencia e a mellora continua.

A Estratexia Galega de Saúde 2030, estrutúrase en 5 dimensións, 20 programas e 100 liñas de actuación. As 5 dimensións estratéxicas, orientadas a potenciar os programas de saúde previstos para abordar os cambios necesarios no sistema de saúde, son os seguintes:

- Gobernanza, planificación e xestión sustentable. Despregar un modelo de gobernanza, e coordinación multinivel orientado a unha xestión integral dun modelo de saúde innovador e sustentable.
- Sistema integrado de saúde centrado nas persoas. Avanzar cara a un modelo de atención transdisciplinar centrado na persoa, baixo un enfoque de saúde personalizada e poboacional.
- Profesionais, talento e valor. Garantir modelos de traballo baseados no talento, a profesionalización da xestión, o desenvolvemento de novas competencias e a xeración de valor.
- Dixitalización, innovación e o ecosistema de saúde. Impulsar a dixitalización e innovación no sistema sanitario fortalecendo a cadea de valor biosanitaria.
- Avaliación, transparencia e participación. Desenvolver un modelo de bo goberno, baseado na avaliación continua, a rendición de contas e a participación dos axentes do ecosistema de saúde.

Dentro de ditas dimensións, a actividade da ACIS ten encaixe dentro de distintos programas da Estratexia Galega de Saúde 2030, fundamentalmente os seguintes:

- Programa 12: novos modelos de traballo. Propón o desenvolvemento de novos modelos de traballo en rede e colaboración interdisciplinaria que facilite a provisión dunha atención integrada e de calidade.
- Programa 16: Innovación sanitaria en rede. Propón establecer un modelo de gobernanza do sistema que impulse os proxectos de investigación traslacional, consolide a rede de nodos de innovación sanitaria e estimule mecanismos de compra innovadora e por resultados, para a abordaxe de retos complexos.



- Programa 17: Cadea de valor biosanitaria e impulso en I+D+i. Pretende estimular o I+D+i traslacional no ecosistema galego de saúde e posicionalo como referente en saúde de vangarda, sendo capaz maximizar a captación de fondos e talento investigador e reforzando estratexias innovadoras para potenciar a investigación biomédica promovendo a colaboración público-privada.

4. Formulación estratéxica 2026-2029: eixos, obxectivos e accións

O plan estratéxico da Axencia para o período 2026 – 2029 estrutúrase nos Eixos, obxectivos estratéxicos, plans de actuación, obxectivos operativos e accións que se relacionan a continuación. A descrición detallada proporciónase nos Anexos 1 a 3.

EIXO 1. FORMACIÓN

Obxectivo Estratéxico: Formación.

Desenvólvese a través dos Obxectivos Operativos 1.1, 1.2 e 1.3, que integran as actuacións orientadas a consolidar un modelo integral de xestión da formación continuada, garantindo unha oferta formativa de excelencia aliñada coas necesidades actuais e futuras do sistema sanitario.

Obxectivo operativo 1.1: Promover un plan de formación continuada adaptado ás necesidades dos profesionais.

Accións:

1.1.1 Detección integral das necesidades de formación.

1.1.2 Deseño, planificación e execución do Plan anual de Formación.

1.1.3 Promover unha formación acreditada de calidade.

Obxectivo operativo 1.2: Transformar o coñecemento para favorecer novas contornas de aprendizaxe e potenciar novas metodoloxías docentes.

Accións:



1.2.1 Implementar e nutrir de contido á nova plataforma tecnolóxica de xestión do coñecemento SHARE.

1.2.2 Diseñar un plan integral de formación en simulación que facilite a aprendizaxe, a práctica e a asimilación de habilidades no coidado da saúde.

Obxectivo operativo 1.3: Facilitar sinerxías e colaboracións.

Acción:

1.3.1 Xestión dun plan de colaboracións externas.

EIXO 2. DOCENCIA

Obxectivo Estratéxico: Coordinación dun modelo integral de xestión da formación sanitaria especializada no Servizo Galego de Saúde.

Desenvólvese a través do Obxectivo Operativo 2.1 que pretende poñer en valor o sistema de formación sanitaria especializada no Servizo Galego de Saúde

Obxectivo operativo 2.1: Promover unha estrutura docente de calidade.

Accións:

2.1.1 Deseño e realización de actividades formativas en liña no marco do Programa Común Complementario.

2.1.2 Desenvolvemento e implantación do aplicativo SIXPROF.

2.1.3 Xestión das rotacións externas dos residentes e das prácticas de pregrao.

EIXO 3. INVESTIGACIÓN

Obxectivo Estratéxico: Investigación.

Desenvólvese a través dos Obxectivos Operativos 3.1, 3.2 e 3.3 que pretenden fomentar unha investigación de calidade que responda aos retos do Sistema Público de Saúde de Galicia.

Obxectivo operativo 3.1: Talento e carreira investigadora.

Consolidar unha contorna de investigación atractiva, estable e competitiva para a incorporación, captación e retención de persoal investigador altamente cualificado, mediante a implantación progresiva dun modelo avanzado de carreira investigadora coherente coas necesidades do sector sanitario.

Accións

3.1.1. Consolidar un servizo integral de apoio ao Investigador como estrutura de ventá única para consultas, trámites, incidencias e apoio profesional ao persoal investigador, mediante a plataforma de xestión da Investigación PLAXIS e procedementos dixitalizados.

3.1.2. Implantar e desenvolver o modelo de Carreira Investigadora baseado en itinerarios profesionais R1–R4 mediante o impulso da regulamentación, acreditación interna, e mecanismos de estabilización do persoal investigador.

3.1.3. Fomentar a formación avanzada en investigación, mediante desenvolvemento de itinerarios formativos de apoio e capacitación transversal, análise de datos, ética de IA, metodoloxías dixitais de investigación e transferencia para o persoal investigador.

3.1.4. Apoiar a captación e retorno de talento investigador coa promoción e impulso de convocatorias competitivas autonómicas, estatais e europeas, así como programas de atracción e de perfís sénior en áreas estratéxicas para a súa incorporación no ecosistema de investigación de Galicia (GALTIA, OPORTUNIUS...)

3.1.5. Desenvolver un conxunto de iniciativas destinadas á promoción, visibilidade e apoio integral do persoal investigador do Sistema Público de Saúde de Galicia, mediante programas de difusión, convocatorias de premios, o fortalecemento do



Portal de Investigación en Saúde como espazo único e integral de recursos e indicadores, mapeado de capacidades de investigación, reforzando a planificación e a consolidación da carreira investigadora.

Obxectivo operativo 3.2: Estruturas e plataformas de investigación

Impulsar e consolidar o tecido de estruturas e plataformas de apoio á investigación, reforzando capacidades científico-técnicas, harmonización de procedementos e interoperabilidade entre centros.

Accións

3.2.1. Promover o acceso de pacientes a ensaios clínicos a través da información e implementación dunha Plataforma Galega de Ensaos Clínicos (INNOVATRIAL) que permita establecer un sistema autonómico interoperable de información de investigación clínica.

3.2.2. Consolidar e potenciar a Rede Galega de Biobancos do Servizo Galego de Saúde coa actualización das infraestruturas, dixitalización de procesos , e reforzando a trazabilidade baixo estándares internacionais co deseño dun catálogo único de mostras interoperable.

3.2.3. Apoio e impulso no desenvolvemento de capacidades tecnolóxicas avanzadas de apoio a investigación (Plataforma Xenómica, Plataforma de xestión de Terapias Avanzadas e outras plataformas de diagnóstico rápido, microbioma, ómicas e tecnoloxías emerxentes, favorecendo unha translación efectiva ao sistema sanitario.

3.2.4. Fortalecer a gobernanza e coordinación interinstitucional coa participación activa e propositiva nos órganos responsables de coordinación autonómicos, nacionais e europeos da investigación para asegurar coherencia estratéxica, financiamento e interoperabilidade.

3.2.5. Dixitalizar e harmonizar procedementos científico-técnicos, establecer protocolos comúns ACIS-IIS-Fundacións Públicas de investigación e impulsar

medidas para a interoperabilidade de plataformas de soporte da investigación como o Portal de Investigación en Saúde e a Oficina Virtual do Profesional (FIDES) para que os méritos de investigación se rexistren e validen automaticamente, permitindo unha visualización clara da traxectoria investigadora e reforzando o seu impacto real en procesos de fomento carreira profesional.

Obxectivo operativo 3.3: Transferencia e valorización da investigación traslacional

Promover unha transferencia eficiente e profesionalizada dos resultados da investigación traslacional do Sistema Público de Saúde de Galicia, mediante a creación e consolidación da ACIS como Oficina de Transferencia do Coñecemento (OTC-ACIS)

Accións

3.3.1. Crear e consolidar a Oficina de Transferencia de Coñecemento de ACIS (OTC-ACIS) co fin de constituír unha estrutura acreditable segundo o RD 984/2022, especializada en xestión de PI, TRL, valorización e explotación de resultados.

3.3.2. Profesionalizar a xestión da Propiedade Industrial e Intelectual (PI/PII) cos definición e establecemento de procedementos unificados para comunicación temperá de resultados, protección, custodia, xestión de patentes, software e algoritmos de IA en saúde (propiedade intelectual).

3.3.3. Tramitación e impulso de contratos de transferencia, licenzas e acordos empresa-investigación co desenvolvemento dun modelo operativo estable para facilitar a valorización e explotación de resultados da investigación e a distribución de retornos.

3.3.4. Apoiar a creación e implantación de spin-offs e iniciativas emprendedoras polo persoal investigador do servizo galego de saúde co acompañamento nos procesos de constitución e aprobación dos plans de negocio, viabilidade, participación pública, captación de financiamento así como compatibilidade e autorización da participación dos profesionais sanitarios.



3.3.5. Implementar un sistema de intelixencia competitiva e vixilancia tecnolóxica co obxectivo de realizar análises sistemáticas de tendencias, mercados e necesidades asistenciais para orientar a investigación e a transferencia.

3.3.6. Impulsar proxectos piloto de validación traslacional, programas de impulso da valorización e transferencia de resultados da investigación así como apoio na coexistión de programas de colaboración público-privada que faciliten a transferencia temperá de solucións asistenciais como biomarcadores, algoritmos, ferramentas diagnósticas e modelos predictivos no ámbito clínico.

EIXO 4. INNOVACIÓN

Obxectivo Estratéxico: Cultura innovadora, transferencia de resultados, innovación aberta e internacionalización.

Desenvólvese a través dos Obxectivos Operativos 4.1, 4.2, 4.3, 4.4, 4.5, 4.6 e 4.7 que pretenden impulsar a innovación no Sistema Público de Saúde de Galicia.

Obxectivo operativo 4.1: Promover a cultura de innovación entre os profesionais sanitarios, dinamizar e dar soporte ás relacións entre os centros de investigación, o tecido empresarial e demais axentes de I+D+i

Accións:

4.1.1. Dinamizar e coordinar a rede de Nodos de innovación e a Plataforma de Innovación Sanitaria

4.1.2. Por en marcha a convocatoria anual dos Premios de innovación en saúde no Sistema Público de saúde de Galicia

4.1.3. Promover accións de divulgación do coñecemento científico e tecnolóxico, o desenvolvemento e innovación no ámbito sanitario en colaboración cos axentes do ecosistema de innovación

Obxectivo operativo 4.2: Promover proxectos de I+D+i en Intelixencia Artificial en coordinación coa Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información

Accións:

4.2.1. Coordinar e executar o proxecto ImageDataSpace – Espazo de datos para a investigación e desenvolvemento de novos produtos baseados en imaxe médica

Obxectivo operativo 4.3: Promover a transferencia dos resultados da investigación biomédica cos Institutos de Investigación Sanitaria

Accións:

4.3.1. Promover e executar un Programa de Desenvolvemento Precomercial dos Resultados da Investigación Sanitaria (PRIS)

Obxectivo operativo 4.4: Coordinar programas de Compra Pública Innovadora e garantir a posición de liderado a nivel europeo e nacional

Accións:

4.4.1. Xestionar e coordinar o Plan de Innovación Sanitaria en medicina 5P - PRECISAÚDE en nome do Servizo Galego de Saúde

4.4.2. Xestionar e coordinar o proxecto de Compra Pública Precomercial REHAL no eido da sustentabilidade e circularidade das cadeas de subministro co Servizo Galego de Saúde

4.4.3. Contribuír ao despregamento e o seguimento das solucións desenvolvidas no proxecto INNOVATRIAL a través do acordo entre o Servizo Galego de Saúde e o Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI)

4.4.4. Posicionar ao Servizo Galego de Saúde como entidade a nivel nacional e europeo referente en Compra Pública Innovadora e establecer un modelo de xestión dos DPIs e retornos económicos derivados

Obxectivo operativo 4.5: Promover a innovación aberta impulsada polos usuarios no Sistema Sanitario no marco da rede de Living Labs de Saúde de Galicia (LABSAÚDE)



Accións:

4.5.1 Despregar e desenvolver a Rede de Living Labs de Saúde de Galicia (LABSAÚDE)

Obxectivo operativo 4.6: Promover a internacionalización do Sistema Público de Saúde de Galicia a través de redes europeas relevantes de innovación

Accións:

4.6.1. Garantir a posición de liderado de Galicia na rede do European Innovation Partnership on Active and Healthy Ageing (EIP on AHA)

4.6.2 Posicionar a Galicia no Consorcio do European Institute of Innovation and Technology (EIT Health Spain)

4.6.3 Posicionar a Galicia na Rede Europea de Living Labs (ENoLL)

Obxectivo operativo 4.7: Promover a internacionalización a través do liderado e participación en proxectos europeos de innovación

Accións:

4.7.1. Executar o proxecto CIRCE xunto coa Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria

4.7.2. Executar o proxecto Invest4Health

4.7.3. Executar o proxecto Innov4life xunto coa área sanitaria de Vigo

4.7.4. Coordinar e executar o proxecto TRANSFIRESAÚDE

4.7.5. Coordinar e executar o proxecto HERCULES

4.7.6 Executar o proxecto JA Personalised Cancer Medicine xunto coa Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria

4.7.7. Executar o proxecto CEMTex co Servizo Galego de Saúde

4.7.8. Executar o proxecto REHEAL xunto co Servizo Galego de Saúde

4.7.9 Contribuír á execución do proxecto MAG-SUDOE coa Fundación Pública de Medicina Xenómica e a FIDIS

4.7.10 Coordinar e executar o proxecto INTEGRASAÚDE



4.7.11 Executar o proxecto EQUIO xunto coa Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria

4.7.12 Executar o proxecto EXOCARE xunto coa área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, área sanitaria de Vigo, e a Consellería de Política Social

4.7.13 Executar o proxecto estratéxico NEW HEALTH xunto coa Fundación Pública Galega de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela

4.7.14 Executar o proxecto JA SAMIRA xunto coa Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria e GALARIA EPSS

EIXO 5. AVALIACIÓN

Obxectivo Estratéxico: Avaliación de tecnoloxías sanitarias, elaboración de guías de práctica clínica e asesoramento científico-técnico.

Desenvólvese a través dos Obxectivos Operativos 5.1 e 5.2 que pretenden proporcionar a mellor evidencia científica dispoñible que sustente a toma de decisións do Sistema Público de Saúde no relativo a incorporación de tecnoloxías sanitarias, así como a adopción de novas prácticas clínicas.

Obxectivo operativo 5.1: Realizar informes de avaliacións de tecnoloxías sanitarias, así como a súa posterior difusión, solicitados pola Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde, pola RedETS ou os organismos europeos competentes en avaliación de tecnoloxías sanitarias.

Accións:

5.1.1 Realizar informes de avaliación de tecnoloxías sanitarias para a Comisión Asesora e a Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde.

5.1.2 Realizar os informes de avaliación de tecnoloxías sanitarias dentro da "Red Española de Agencias de Evaluación de Tecnologías Sanitarias y Prestaciones del Sistema Nacional de Salud (SNS)" (en adelante: RedETS), órgano competente para a avaliación de tecnoloxías non farmacolóxicas a incorporar ao SNS.

5.1.3 Realizar actividades encomendadas polo órgano europeo de avaliación de tecnoloxías sanitarias, así como colaborar con organismos internacionais relacionados coa avaliación de tecnoloxías dos que forma parte a Unidade de Asesoramento Científico-Técnico (AVALIA-T).

5.1.4 Difusión dos informes da avaliación e doutros produtos elaborados a través das redes sociais, artigos publicados en revistas científicas, boletíns electrónicos e participación en congresos e outras reunións e xornadas científicas.

5.1.5 Levar a cabo a detección e avaliación temperá de tecnoloxías novas e emerxentes.

Obxectivo operativo 5.2: Elaborar guías de práctica clínica e colaborar na realización doutros produtos baseados na evidencia científica así como desenvolver outras actividades propias da unidade.

Accións:

5.2.1 Realizar as Guías de Práctica Clínica (GPC) ou outros produtos baseados na evidencia (OPBE) encargados pola RedETS, realizados baixo o programa de guías do SNS, Guía Salud.

5.2.2 Elaborar guías e ferramentas metodolóxicas que incidan nunha maior calidade e uniformidade dos produtos elaborados polas distintas unidades e axencias de avaliación de tecnoloxías sanitarias das comunidades autónomas e países europeos.

5.2.3 Formación práctica en materias postgrao relacionadas coa documentación e a avaliación de tecnoloxías sanitarias.

5.2.4 Participación en grupos de traballo, comisións ou comités de interese estratéxico para a Consellería de Sanidade.

EIXO 6. XESTIÓN

Obxectivo Estratéxico: Xestión económica, de persoal e administrativa.

Desenvólvese a través dos Obxectivos Operativos 6.1 e 6.2 que pretenden a xestión eficiente dos recursos económicos e humanos das diferentes unidades/áreas de ACIS para facilitar a consecución dos seus obxectivos.

Obxectivo operativo 6.1: Xestión económica.

Accións:

6.1.1 Xestión orzamentaria: Elaboración do orzamento anual, control mensual da súa execución e xestión de expedientes de modificacións.

6.1.2 Tramitación contable de ingresos e gastos, xestión de inventarios, fiscalidade e contas anuais.

6.1.3 Seguimento e control de fondos europeos de I+D+i.

6.1.4 Elaboración e seguimento do contrato plurianual de xestión.

6.1.5 Informe de seguimento de indicadores.

Obxectivo operativo 6.2: Xestión de persoal e administrativa.

Accións:

6.2.1 Xestión de persoal: nóminas, xestión de expedientes de contratación de persoal, control horario, tramitación de permisos, vacacións e baixas.

6.2.2 Contratación administrativa e Convenios de colaboración empresarial.

6.2.3 Elaboración e seguimento do Plan de igualdade.

5. Os compromisos recíprocos

A través deste contrato ambas partes asumen os compromisos que se establecen a continuación:

Por parte de ACIS:

1. ACIS obrígase ao cumprimento baixo a súa exclusiva responsabilidade das disposicións legais vixentes en materia de relacións laborais, de seguridade e saúde no traballo e calquera outra de carácter xeral.
2. ACIS contará có persoal axeitado para a prestación dos servizos. No caso de xerarse baixas de persoal, sempre e cando fora necesario, procederá inmediatamente á substitución do persoal de forma que a execución deste contrato quede sempre asegurada.
3. Corresponderá a ACIS indemnizar todos os danos que se puideran ocasionar á Administración ou a terceiros como consecuencia da xestión do servizo público.
4. ACIS acadará o cumprimento dos obxectivos establecidos neste Contrato Plurianual de Xestión.
5. Actuar como medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos poderes adxudicadores dependentes dela, polo que está obrigada a realizar os traballos que aquela ou estes lle encomenden.

Por parte da Xunta de Galicia:

1. A provisión dos recursos orzamentarios necesarios para a consecución dos obxectivos da Axencia, segundo o establecido no Contrato Plurianual de Xestión, e recollidos nas Leis de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para cada ano.
2. A Xunta de Galicia valorará a posibilidade, previo informe favorable da Consellería de Facenda e Administración Pública, de incorporar os custos das actividades que ACIS realizaría, adicionalmente ás xa recollidas neste Contrato Plurianual de Xestión, no orzamento do seguinte ano para esa Área/Unidade/Servizo e así sucesivamente.
3. A Xunta de Galicia valorará a posibilidade, previo informe favorable da Consellería de Facenda e Administración Pública, de incrementar a asignación orzamentaria do eixo de innovación se durante a vixencia do presente contrato plurianual de xestión logra obter máis fondos europeos. O incremento orzamentario equipararíase ao importe de cofinanciamento da Axencia nese proxecto europeo no capítulo 6.

6. Criterios e mecanismos para a esixencia de responsabilidades ao persoal directivo

A ACIS adecuará a súa actuación ao presente contrato de xestión, de conformidade cos obxectivos e accións detalladas, durante o período que corresponde á vixencia do contrato.

Para avaliar o súa efectividade, establécense unha serie de obxectivos estratéxicos e operativos cuxa consecución se cuantifica a través dun número finito de indicadores, de tal forma que se entenderá que a ACIS desenvolveu con éxito o contrato de xestión se, polo menos, cumpre o 75% dos seus obxectivos estratéxicos.

Acádase un obxectivo estratéxico cando se obtén un resultado favorable, como mínimo, no 60% dos obxectivos operativos que forman parte do obxectivo estratéxico.

Os indicadores recollidos no contrato son a ferramenta a utilizar para avaliar o cumprimento dos obxectivos operativos, e será necesario acadar o valor estándar destes, polo menos, no 50% do conxunto de indicadores asociados a cada un dos obxectivos.

O persoal directivo da Axencia, está suxeito á esixencia de responsabilidade por incumprimento dos obxectivos mínimos previstos para cada área de actividade da Axencia no presente Contrato Plurianual de Xestión. Para tal efecto, terá a consideración de persoal directivo da Axencia o que ostente tal condición de conformidade co artigo 36 dos seus estatutos, aprobados por Decreto 112/2015, do 31 de xullo.

Existirá responsabilidade do persoal directivo responsable cando a porcentaxe de obxectivos incumpridos exceda do 50% do total de obxectivos correspondentes á súa área de actividade.

Para os efectos anteriores, non se terán en conta os indicadores asociados a obxectivos específicos ou actuacións que se cancelen ou non se leven a cabo por causas independentes da vontade e actividade da ACIS.

En caso de incumprimento, o Consello Reitor, por iniciativa propia ou por proposta da Dirección, e logo de analizar o conxunto de indicadores que non acadaron o valor de responsabilidade antedito, poderá apercibir formalmente aos (directores/as das correspondentes áreas).

En último termo, se durante tres exercicios consecutivos se produce o apercibimento dalgún membro do equipo directivo, o Consello Reitor poderá aprobar o seu cesamento, sen prexuízo da concorrencia doutras circunstancias que xustifiquen tal medida.

Por outro lado, no caso de que se acade ou supere o valor estándar do 80% dos indicadores relativos aos obxectivos operativos asociados a cada área da ACIS, de conformidade co previsto no presente contrato plurianual de xestión, as respectivas áreas poderán ser beneficiarias das medidas de recoñecemento que o Consello Reitor considere axeitadas e de conformidade coa normativa vixente que resulte de aplicación.

7. A Comisión de Seguimento e Control

Segundo o estipulado no artigo 87 da LOFAXGA, na súa nova redacción introducida pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, constitúese unha Comisión de Seguimento e Control co obxecto de interpretar e velar polo cumprimento do presente contrato e dos módulos específicos que comprende baixo a dependencia orgánica do Consello Reitor.

7.1 Constitución da Comisión de Seguimento e Control

A Comisión de Seguimento e Control estará integrada por un representante da ACIS, un representante da consellería de adscrición, un representante da consellería competente en materia de facenda, e un representante da consellería competente en materia de simplificación administrativa.

Exercerá a presidencia da comisión a persoa representante da consellería competente en materia de facenda.

As funcións de secretaría serán exercidas pola persoa integrante da comisión representante da ACIS.

7.2 Funcións da Comisión de Seguimento e Control

Á Comisión de Seguimento e Control correspóndelle exercer as seguintes funcións:

- A Elaborar e aprobar o seu propio regulamento interno.
- B Avaliar a consecución dos obxectivos e o cumprimento dos compromisos establecidos no contrato de xestión.



- C Propoñer as medidas correctivas que considere necesarias para asegurar a consecución dos obxectivos.
- D Propoñer a actualización dos obxectivos operativos e compromisos anuais, incluída, se procede a adecuación dos obxectivos estratéxicos.
- E Propoñer a modificación das cláusulas deste Contrato Plurianual de Xestión , no caso de circunstancias sobrevidas que impidan o incumprimento dos compromisos establecidos por algunha das partes.
- F Formular propostas para facer efectivos os beneficios ou as responsabilidades a que houbese lugar en relación cos resultados alcanzados.
- G No caso de déficits por insuficiencia de ingresos reais, respecto dos estimados, a comisión deberá decidir si tal situación responde a unha deficiente previsión ou unha xestión ineficiente, que levará consigo a esixencia de responsabilidades, ou se, pola contra, responde a circunstancias que escapen ao control da entidade., cuxos responsables realizaron unha xestión prudente e tecnicamente correcta.
- H Formular, en todo caso, propostas para a cobertura de posibles déficits, de acordo coas normas aplicables e os criterios establecidos ao respecto pola Consellería de Facenda e Administración Pública.
- I Analizar os resultados da xestión económico-financeira da Axencia a través da información que, de forma periódica, deberán proporcionarlle os seus órganos xestores.
- J Recibir da Xerencia da Axencia, no primeiro trimestre de cada exercicio anual, a información da execución e do cumprimento dos obxectivos establecidos no Contrato Plurianual de Xestión durante o exercicio anual inmediatamente anterior.
- K Informar ó Consello Reitor sobre a execución do orzamento da Axencia. Para tal efecto deberá recibir da Xerencia informes coa periodicidade que o Consello Reitor decida.
- L Recoller información sobre os sistemas de control e procedementos internos establecidos para asegurar o debido cumprimento das disposicións legais e demais normas aplicables así como coñecer os informes de auditoría de contas e informes adicionais sobre funcionamento do control interno e propor ao Consello Reitor as estratexias encamiñadas a corrixir as deficiencias observadas.

- M Vixiar o cumprimento das normas orzamentarias na elaboración do orzamento, así como na súa execución.
- N Informar ao Consello Reitor sobre os asuntos que este lle solicite.
- O Efectuar anualmente un informe de avaliación global do cumprimento do contrato Plurianual de Xestión polas partes, coas propostas de adaptación dos compromisos para o ano seguinte.
- P Antes do final do período de vixencia do Contrato Plurianual de Xestión a Comisión de Seguimento e Control, efectuar un informe global sobre o grao de cumprimento do Contrato Plurianual de Xestión e propoñerá as modificacións e adaptacións necesarias para a súa revisión e renovación.
- Q Outras funcións que expresamente lle sexan encargadas polas partes deste contrato de xestión ou que lle correspondan segundo determine a normativa legal ou regulamentaria.

7.3 Periodicidade das reunións da Comisión de Seguimento e Control

A programación das reunións farase de forma que permita facer o seguimento do peche e o inicio do orzamento.

8. Marco de actuación en materia de xestión de recursos humanos

O capital humano é o activo máis importante da Axencia.

O plan de recursos humanos da ACIS está fundado nun compromiso permanente polo desenvolvemento profesional, mediante accións formativas, baseadas nun diagnóstico de necesidades previo; o fomento de incorporación de profesionais da máxima competencia e a cultura da responsabilidade polos resultados esperados.

Coa constitución da Axencia incorporáronse os medios persoais que correspondían á Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria, ao Servizo de Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias así como persoal de innovación, investigación e docencia incluído na Unidade de Innovación, na Subdirección Xeral de Investigación e Docencia, respectivamente.

A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde contará con persoal funcionario, estatutario e laboral da Xunta de Galicia.

O persoal funcionario e estatutario ao servizo da Axencia rexerase polo disposto na normativa reguladora da función pública e nas súas normas de desenvolvemento.

Ao persoal laboral da xunta de Galicia destinado na Axencia garantiránselle os dereitos e deberes que se recollen no convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, e rexerase polo texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e pola demais normativa que lle resulte de aplicación ao persoal laboral ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

A incorporación de persoal á Axencia realizarase logo do informe favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos, función pública e de avaliación e reforma administrativa.

No anexo defínese a categoría, situación, vinculación e financiamento do persoal (pendente da elaboración e aprobación da relación de postos de traballo da ACIS para adaptar a organización do seu persoal aos compromisos e criterios de eficacia, eficiencia e especialización funcional recollidos neste Contrato Plurianual de Xestión).

9. Política retributiva

Tal e como establece na propia lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA) no seu artigo 78, os conceptos retributivos do persoal funcionario serán os establecidos na normativa reguladora da Función Pública da Xunta de Galicia e dos orzamentos da Comunidade Autónoma. Por outra banda as condición retributivas do persoal laboral serán as determinadas no Convenio Colectivo de aplicación.

10. Procedemento para a cobertura dos hipotéticos déficits

De producirse déficit derivado do incumprimento das estimacións de ingresos, este será corrixido, de acordo coas circunstancias e necesidades vixentes en cada momento, mediante a minoración dos créditos orzamentarios dos gastos da Axencia que esta

considere máis axeitados de acordo coas súas necesidades de execución orzamentaria polo importe correspondente.

Deberá remitirse ao Consello Reitor un informe explicativo das causas das desviacións na estimación de ingresos, das previsións de que o dito déficit poida repetirse nos exercicios seguintes e do impacto que puidesen ter na consecución dos obxectivos programados, así como, se é o caso, das necesarias modificacións que como consecuencia dos devanditos déficits deban introducirse no contrato de xestión e o alcance destas.

11. O procedemento para a introdución de modificacións ou adaptacións

As modificacións ou axustes para corrixir eventuais desviacións entre o planificado e o executado, sempre que non afecten a estrutura (obxectivos estratéxicos) do Contrato Plurianual de Xestión, serán aprobadas polo Consello Reitor.

En caso contrario, para a modificación do Contrato Plurianual de Xestión será necesario a aprobación do Consello da Xunta, previo informe das consellerías competentes en materia de administracións públicas e facenda, a proposta do Consello Reitor.

Enténdese que as modificacións afectan á estrutura do Contrato Plurianual de Xestión nos seguintes casos:

- Que os orzamentos da Xunta de Galicia non dotasen á Axencia da financiación prevista neste Contrato Plurianual de Xestión.
- A eliminación, modificación ou introdución de novos obxectivos estratéxicos e/ou operativos.
- A variación da contía dos valores dos indicadores en máis dun 40% do valor fixado (sexa un valor numérico ou temporal).

Nestes supostos, procederá a aprobación por parte do Consello da Xunta dun novo contrato de xestión.



Anexo I: Plan estratéxico (eixos, plans e accións)

Eixo 1. Formación

Neste Eixo 1 preténdese promover un modelo integral de xestión da formación continuada dos profesionais que traballan no Sistema Público de Saúde de Galicia

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1: FORMACIÓN

Antecedentes e diagnóstico de situación

A calidade e a eficiencia do Sistema Público Galego de Saúde dependen directamente das competencias dos seus profesionais. O continuo perfeccionamento e a adquisición de novas habilidades son imprescindibles para manter e optimizar o excelente nivel dos servizos sanitarios.

Neste eido, a Axencia Galega de Coñecemento e Innovación en Saúde busca dar un salto cualitativo a través da innovación aberta para mellorar a xestión e abrir novas vías na formación dos profesionais.

O seu campo de actuación comprende todas as etapas da formación dos profesionais sanitarios a partir da finalización dos estudos universitarios, dende as prácticas e a especialización ata a continua adquisición de coñecemento novo tanto para o exercicio asistencial como para as labores de investigación e innovación.

As modalidades formativas, sempre abertas á incorporación de novas fórmulas, abarcan todo tipo de canles, multitude de formatos e unha gran diversidade de fontes de coñecemento, co soporte documental necesario e un rigoroso sistema acreditador das actividades.

Formación continuada

A formación continuada dos profesionais do Sistema Público Galego de Saúde é unha prioridade para ACIS. A actualización permanente das competencias para a práctica sanitaria é imprescindible para acadar o noso obxectivo esencial: mellorar o coidado dos pacientes a través do coñecemento.

Os coñecementos e capacidades das/dos profesionais das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde determinan, en gran medida, a calidade dos servizos sanitarios dispensados aos usuarios.

Neste senso, a formación continua amósase como unha das ferramentas máis adecuadas para mellorar e adecuar, pola vía da capacitación das/dos profesionais, os servizos sanitarios ás demandas das/dos usuarias/os.

Os principios que rexen a xestión da formación continuada por parte da ACIS:

- Diseñar e renovar de maneira continuada unha oferta de actividades que acheguen valor aos profesionais de todas as áreas e especialidades a través de coñecemento aplicable á súa práctica diaria.
- Manter aberta con carácter permanente unha canle de comunicación cos profesionais para recoller as súas demandas de formación co obxectivo de que esta responda efectivamente ás súas necesidades.
- Mellorar a capacidade de todos os profesionais, independentemente das súas funcións, para a xestión, a adaptación e o liderado nos procesos de transformación que permiten que o sistema de saúde evolucione de forma áxil e efectivo.
- Incrementar a calidade e a competitividade do conxunto do sistema de saúde a través da mellora da produtividade e das competencias de cada un dos seus profesionais.
- Intensificar a motivación e o nivel de compromiso das persoas que traballan ao servizo do sistema sanitario.

Aliñamento co Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 e coa Estratexia Galega de Saúde 2030

No **Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030** o obxectivo estratéxico de formación encaixa no Eixe1 (O reto demográfico) aliñándose coa prioridade (PA) e co obxectivo (OE) seguintes:

- PA 1.4.: Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade.

- O.E. 1.4.4: Aumentar a eficiencia financeira do sistema sanitario e mellorar a xestión do capital humano e a satisfacción dos profesionais, a través dunha xestión orientada a resultados.

Preténdese promover a actualización de coñecementos e competencias e a mellora da cualificación dos profesionais a través de programas de formación continua.

No ámbito da formación continuada das profesións sanitarias, articularanse, actuacións e intervencións nas seguintes áreas:

- Elaborar un Plan de Formación Continuada orientado tanto ás necesidades estratéxicas da organización como ás demandas dos profesionais, que permita adaptar e mellorar as súas competencias.
- Favorecer as novas contornas de aprendizaxe e potenciar as novas metodoloxías docentes, aproveitando os Tics: contornas virtuais, teleformación e simulación médica. Desenvolver a Rede de Capacitación Sanitaria de Galicia.
- Recoñecer as actividades docentes e discentes de formación..

En canto á **Estratexia Galega de Saúde 2030**, no Programa 12 (Novos modelos de traballo) propónse o desenvolvemento de novos modelos de traballo en rede e colaboración interdisciplinaria que facilite a provisión dunha atención integrada e de calidade. Estes novos modelos deben incluír novas fórmulas de avaliación orientadas á medición dos resultados en saúde.

Entre os Obxectivos operativos deste programa o O4.3 propón fomentar a formación continua e o desenvolvemento profesional personalizado dos traballadores do sector saúde, adaptando as competencias e habilidades ás necesidades dos novos modelos de atención. Entre as liñas de actuación deste programa se atopan as seguintes:

L13.1 Reforzar a formación en xestión e liderado dos nosos profesionais.

L13.2 Incentivar a formación continuada ao longo da vida profesional, impulsando a consolidación de itinerarios formativos.

L13.3 Impulsar un programa de formación de directivos da saúde con itinerarios propios.

L13.6 Promover programas de formación en ciencias e técnicas ómicas, que facilite a estruturación do consello xenético

L13.7 Novos escenarios de formación e adestramento: gamificación, simulación clínica avanzada, técnicas de VR e xemelgos dixitais.

Obxectivo Estratéxico e Obxectivos Operativos

O “Eixo 1: FORMACIÓN” desenvólvese a través do “Obxectivo Estratéxico 1: FORMACIÓN” con tres Obxectivos Operativos. Estes obxectivos engloban as actuacións dirixidas a promover un modelo integral de xestión da formación continuada para acadar unha formación de excelencia orientada as necesidades do sistema.

Obxectivo operativo 1.1: Promover un plan de formación continuada adaptado ás necesidades dos profesionais.

Este obxectivo diríxese a desenvolver un modelo para promover un sistema de xestión da formación continuada, flexible, dinámico adaptado ás necesidades cambiantes da nosa organización.

Na actualidade a formación continuada estrutúrase en dous plans. Por unha banda, o Plan Estratéxico de Formación (PEF), no que se inclúen as actividades docentes á iniciativa dos distintos centros directivos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e, por outra banda, o Plan de Formación Continuada do persoal ao servizo do Servizo Galego de Saúde (AFEDAP) consensuado, a través da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, coas organizacións sindicais asinantes do acordo de formación continuada e que da resposta ás necesidades dos profesionais.

No Sistema Público de Saúde de Galicia, traballan máis de 45.000 profesionais, sanitarios e de xestión e servizos, que requiren unha actualización constante das súas competencias e habilidades.

Neste senso, o sistema sanitario está a sufrir grandes transformacións como consecuencia do cambio de modelo asistencial (envellecemento da poboación e cronicidade das patoloxías), feito que require dun cambio da formación continuada a un

novo contexto. É vital, traballar en detectar e adiantarse ás necesidades do noso sistema para transferir e planificar unha formación, non só de alta calidade, senón tamén axustada ao modelo do novo paciente.

Fíxanse para o Obxectivo Operativo 1.1 os resultados esperados que se reflicten na seguinte táboa para o período de vixencia do Contrato Plurianual de Xestión:

Acción	Indicador/Resultado	V ¹	C ¹
1.1.1 Detección integral das necesidades de formación.	Nº de enquisas de detección de necesidades a cubrir polos profesionais	11.000	100%
	Nº de actividades formativas do ano anterior analizadas a partir das súas enquisas de satisfacción	1.200	
	Nº de actividades formativas revisadas a partir da opinión dos/as programadores/as docentes e delegados/as de formación	1.200	
1.1.2 Deseño, planificación e execución do Plan anual de formación.	Nº de actividades formativas incluídas no plan de formación.	1.750	100%
	Nº de horas lectivas asociadas ao conxunto das actividades planificadas	30.000	
	Nº de certificados emitidos	340.000	
	% de cursos realizados/planificados	90%	
1.1.3 Promover unha formación acreditada de calidade.	Nº de solicitudes tramitadas anualmente	7.400	100%
	Nº de expedientes con créditos concedidos e tramitados	7.000	
	Nº de Comisións técnicas celebradas anualmente	24	
	Nº total de avaliadores dispoñibles no sistema de acreditación	230	

V¹: Valor do acumulado do indicador meta no período 2026-2029. C¹: Grado de cumprimento esperado.



Accións de desenvolvemento do O.O. 1.1

ACCIÓN 1.1.1		DETECCIÓN INTEGRAL DAS NECESIDADES DE FORMACIÓN							
Descrición		Desenvolvemento dun sistema anual e estruturado para identificar as necesidades formativas dos profesionais do Sistema Público de Saúde de Galicia, empregando diversas fontes complementarias. O proceso inclúe a elaboración e difusión dunha enquisa online dirixida a todo o persoal, a análise das enquisas de satisfacción das actividades formativas do ano anterior e a recollida da opinión dos/as, programadores/as docentes e delegados/as de formación. A avaliación conxunta desta información permitirá obter unha visión sólida e contrastada da realidade formativa das áreas sanitarias e das distintas categorías profesionais, constituíndo o punto de partida máis relevante para a elaboración do plan anual de formación.							
Reto		Deseño anual do plan de formación en base as necesidades reais dos profesionais.							
Responsable/es		Xefe/a de Servizo de innovación formativa.							
Cronograma		2026		2027		2028		2029	
		1 ^{er} S	2º S	1 ^{er} S	2º S	1 ^{er} S	2º S	1 ^{er} S	2º S
		☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒
Duración		A enquisa de necesidades estará a disposición de todos os profesionais do sistema ao longo de todo o ano a través de https://acis.sergas.es/							
Indicadores/Resultados esperados¹		2026		2027		2028		2029	
– N° de enquisas de detección de necesidades a cubrir polos profesionais		> 2.000		> 2.500		> 3.000		> 3.500	
– N° de actividades formativas do ano anterior analizadas a partir das súas enquisas de satisfacción		> 300		> 300		> 300		> 300	
– N° de actividades formativas revisadas a partir da opinión dos/as programadores/as docentes e delegados/as de formación		> 300		> 300		> 300		> 300	

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

ACCIÓN 1.1.2		DESEÑO, PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN DO PLAN ANUAL DE FORMACIÓN								
Descrición	A formación continuada constitúe un proceso permanente de ensino-aprendizaxe dirixido a todos os profesionais, destinado a actualizar e reforzar os seus coñecementos, habilidades e actitudes ao longo da súa traxectoria profesional. Este proceso responde á evolución científica e tecnolóxica, así como ás necesidades sociais e ás esixencias do propio sistema sanitario, garantindo que os profesionais dispoñan da capacitación necesaria para ofrecer unha atención de calidade.									
Reto	Deseñar e desenvolver actividades formativas dirixidas ás diferentes categorías profesionais do Sistema Público de Saúde de Galicia que, integradas no plan anual de formación, permitan acadar os seguintes obxectivos: - Garantir a actualización dos coñecementos dos profesionais e a mellora permanente da súa cualificación, incrementando á vez a súa motivación e implicación no traballo diario. - Potenciar a capacidade dos profesionais para realizar unha valoración equilibrada do uso dos recursos sanitarios en relación co beneficio individual, social e colectivo derivado da súa utilización - Xeneralizar entre os profesionais o coñecemento dos aspectos científicos, técnicos, éticos, legais, sociais e económicos vinculados ao funcionamento do sistema sanitario. - Mellorar nos profesionais a percepción do seu papel social como axentes individuais nun sistema xeral de atención á saúde e das esixencias éticas asociadas a este papel. - Favorecer o establecemento e consolidación de instrumentos eficaces de comunicación e intercambio de información entre os profesionais sanitarios.									
Responsable/es	Director/a da Área do Xestión do Coñecemento e o Talento Xefe/a de Servizo de innovación formativa.									
Cronograma	2026		2027		2028		2029			
	1 ^{er} S	2º S	1 ^{er} S	2º S	1 ^{er} S	2º S	1 ^{er} S	2º S		
	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒		
Duración	Esta acción ten carácter continuo ao longo do período de planificación aínda que cobra maior protagonismo no último trimestre de cada ano.									
Indicadores/Resultados esperados ¹			2026		2027		2028		2029	
- N° de actividades formativas incluídas no plan de formación			600		650		700		800	
- N° de horas lectivas asociadas ao conxunto das actividades planificadas			7.000		7.000		8.000		8.000	
- N° de certificados emitidos			70.000		80.000		90.000		100.000	
- % de cursos realizados/planificados			90%		90%		90%		90%	

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.



ACCIÓN 1.1.3		PROMOVER UNHA FORMACIÓN ACREDITADA DE CALIDADE							
Descrición	Promover unha formación acreditada de calidade significa garantir que as actividades de formación continuada dirixidas aos profesionais do Sistema Público de Saúde de Galicia cumpran estándares rigorosos, transparentes e homologables a nivel estatal. Para iso, mantense un sistema acreditador sólido, baseado en criterios técnicos claros e orientado a avaliar a pertinencia, coherencia metodolóxica e calidade das accións propostas polos provedores de formación. A acción inclúe a mellora das ferramentas tecnolóxicas de tramitación (SAGA/REXEL, SAFCO), a formación e actualización de avaliadores, a recepción e revisión dos expedientes, a organización das comisións técnicas e a tramitación dos créditos formativos. O obxectivo é garantir un proceso áxil, consistente e eficaz que asegure que a oferta formativa acreditada responde ás necesidades profesionais e contribúe á mellora continua da atención sanitaria.								
Reto	Manter e reforzar os estándares de calidade da formación continuada mediante procedementos rigorosos, avaliación especializada e ferramentas de xestión eficaces.								
Responsable/es	Director/a da Área do Xestión do Coñecemento e o Talento Xefe/a de Servizo de Docencia								
Cronograma	2026		2027		2028		2029		
	1 ^{er} S	2º S	1 ^{er} S	2º S	1 ^{er} S	2º S	1 ^{er} S	2º S	
	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒	
Duración	Esta acción ten carácter continuo ao longo do período de planificación.								
Indicadores/Resultados esperados ¹	2026		2027		2028		2029		
- Nº de solicitudes tramitadas anualmente	1.700		1.800		1.900		2.000		
- Nº de expedientes con créditos concedidos e tramitados	1.600		1.700		1.800		1.900		
- Nº de Comisións técnicas celebradas anualmente	6		6		6		6		
- Nº total de avaliadores dispoñibles no sistema de acreditación	50		50		60		70		

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

Obxectivo operativo 1.2: Transformar o coñecemento para favorecer novas contornas de aprendizaxe e potenciar novas metodoloxías docentes..

A transformación do coñecemento constitúe un elemento clave para impulsar novas contornas de aprendizaxe e incorporar metodoloxías docentes máis eficaces. Este enfoque permite que a información, a experiencia profesional e a evidencia xerada no sistema se convertan en recursos estruturados ao servizo da formación continua.

O avance das plataformas dixitais, a aprendizaxe personalizada, a microformación e os modelos híbridos facilita crear espazos flexibles, accesibles e orientados ás competencias, capaces de responder ás necesidades reais dos profesionais e aos retos asistenciais actuais.

Este obxectivo busca consolidar un ecosistema formativo moderno, sostible e conectado, no que a creación, actualización e transferencia do coñecemento resulte áxil, rigorosa e plenamente integrada nos procesos de mellora da calidade asistencial.

Fíxanse para o Obxectivo Operativo 1.2 os resultados esperados que se reflicten na seguinte táboa para o período de vixencia do Contrato Plurianual de Xestión:

Acción	Indicador	V ¹	C ¹
1.2.1 Implementar e nutrir de contido á nova plataforma tecnolóxica de xestión do coñecemento.	Nº de novos cursos/recursos formativos construídos con Author	230	100%
	Nº de novos cursos/recursos formativos para profesionais subidos a SHARE	95	
	Nº de novos cursos/recursos formativos para pacientes e cidadáns subidos a SHARE	95	
	Nº de artigos publicados nas "Playlist" de SHARE	120	
	Nº de profesionais que completan actividades formativas na plataforma SHARE	350.000	
1.2.2 Diseñar un plan integral de formación en simulación que facilite a aprendizaxe, a práctica e a asimilación de habilidades no coidado da saúde.	Nº de actividades formativas de simulación médica avanzada	95	100%
	Nº de horas lectivas de formación	1.140	
	Nº de profesionais que completan as actividades formativas	950	

V¹: Valor do acumulado do indicador meta no período 2026-2029. C¹: Grado de cumprimento esperado.

Accións de desenvolvemento do O.O. 1.2

ACCIÓN 1.2.1		IMPLEMENTAR E NUTRIR DE CONTIDO Á NOVA PLATAFORMA TECNOLÓXICA DE XESTIÓN DO COÑECEMENTO SHARE							
Descrición		A plataforma SHARE é hoxe o eixo da xestión do coñecemento no Sistema Público Galego de Saúde, ao integrar formación profesional, educación sanitaria para pacientes e difusión pública de información validada. A súa consolidación permitiu ofrecer aprendizaxe personalizada ao cadro profesional e dispoñer dun entorno accesible e estruturado para a actualización continua de competencias. A acción prevista céntrase en reforzar o desenvolvemento funcional de SHARE e en nutrir o seu catálogo con novos recursos formativos e informativos. Inclúe a ampliación dos contidos de autoformación, a mellora das recomendacións educativas integradas na historia clínica electrónica e a actualización do portal público “Espazo SHARE”. Con esta evolución, SHARE avanza cara a un sistema transversal e intelixente de xestión do coñecemento que mellora os procesos asistenciais, apoia a toma de decisións e impulsa a alfabetización sanitaria da poboación, consolidando un espazo común de aprendizaxe para profesionais, pacientes e cidadanía.							
Reto		Consolidar e ampliar o catálogo de SHARE para transformar o coñecemento tácito en contidos explícitos, validados e accesibles, facilitando o acceso á información no momento asistencial preciso, optimizando procesos e contribuíndo á mellora da alfabetización sanitaria.							
Responsable/es		Director/a da Área do Xestión do Coñecemento e o Talento Xefe/a de Servizo de Innovación Formativa Xefe/a de Servizo de Docencia Equipo do Servizo de Innovación Formativa							
Cronograma		2026		2027		2028		2029	
		1 ^{er} S	2º S	1 ^{er} S	2º S	1 ^{er} S	2º S	1 ^{er} S	2º S
			☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒
Duración		Esta acción ten carácter continuo ao longo do período de planificación.							
Indicadores/Resultados esperados ¹		2026		2027		2028		2029	
– N° de novos cursos/recursos formativos construídos con Author		50		50		60		70	
– N° de novos cursos/recursos formativos para profesionais subidos a SHARE		20		20		25		30	
– N° de novos cursos/recursos formativos para pacientes e cidadáns subidos a SHARE		20		20		25		30	
– N° de artigos publicados nas “Playlist” de SHARE		20		30		30		40	
– N° de profesionais que completan actividades formativas na plataforma SHARE		80.000		80.000		90.000		100.000	
(1)		Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.							

ACCIÓN 1.2.2

DESEÑAR UN PLAN INTEGRAL DE FORMACIÓN EN SIMULACIÓN, QUE FACILITE A APRENDIZAXE, A PRÁCTICA E A ASIMILACIÓN DE HABILIDADES NO COIDADADO DA SAÚDE

Descrición

A simulación médica avanzada constitúe unha metodoloxía clave para garantir unha atención segura, de calidade e adaptada ás necesidades asistenciais, aliñada cos obxectivos estratéxicos do Servizo Galego de Saúde de prestar servizos no lugar e momento adecuados e de xestionar os recursos de forma responsable e eficiente. En coherencia co impulso ás novas contornas de aprendizaxe e ás metodoloxías docentes innovadoras, a simulación intégrase como ferramenta central na actualización de competencias profesionais.

Ao longo dos últimos anos consolidouse unha rede de centros de simulación médica avanzada situados nas sete áreas sanitarias e na sede de ACIS. Esta acción céntrase na planificación e desenvolvemento dun plan integral de formación que articule, de maneira coordinada, actividades de simulación orientadas á práctica segura, á toma de decisións clínicas e á mellora das habilidades técnicas e non técnicas (traballo en equipo, comunicación, liderado).

As actividades formativas recrean escenarios que imitan contextos reais de actuación asistencial, nos que un grupo de profesionais resolve o caso clínico mentres o resto observa e participa posteriormente nun proceso estruturado de análise e reflexión. As intervencións rexístranse en audio e vídeo para seren revisadas xunto co persoal instructor e cos compañeiros, favorecendo a identificación de fortalezas e áreas de mellora, a corrección de erros en contornas seguras e a optimización do proceso de aprendizaxe.

Reto

Desear un plan integral de formación en simulación, que facilite a aprendizaxe, a práctica e a asimilación de habilidades no coidado da saúde.

Responsable/es

Director/a da Área do Xestión do Coñecemento e o Talento
Xefe/a de Servizo de Innovación Formativa
Equipo do Servizo de Innovación Formativa

Cronograma	2026		2027		2028		2029	
	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒

Duración

A acción ten carácter continuo ao longo do período de planificación.

Indicadores/Resultados esperados ¹	2026	2027	2028	2029
- Nº de actividades formativas de simulación médica avanzada	20	20	25	30
- Nº de horas lectivas de formación	240	240	300	360
- Nº de profesionais que completan as actividades formativas	200	200	250	300

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

Obxectivo operativo 1.3: Facilitar sinerxías e colaboracións

Faise necesario fixar sinerxías e puntos de encontro con outras institucións ou organismos líderes na xestión de proxectos de innovación formativa. Hoxe requírese ter unha visión ampla e mirar a outros sectores que nos permitan ver desde outras perspectivas puntos de mellora e outros enfoques que implementar no sector da Saúde. Para iso promoveranse que permitan:

- Facilitar a participación de referentes galegos para mellorar o impacto das accións e proxectos no campo da xestión do coñecemento sanitario.
- Aportar valor ao sistema sumando puntos de vista complementarios e aliados estratéxicos para o sector saúde, na xestión de proxectos formativos.

Fíxanse para o Obxectivo Operativo 1.3 os resultados esperados que se reflicten na seguinte táboa para o período de vixencia do Contrato Plurianual de Xestión:

Acción	Indicador	V ¹	C ¹
1.3.1 Xestión dun plan de colaboracións externas.	Nº de acordos de colaboración a asinar	15	100%
	Fondos a captar (€).	80.000 €	
	Nº de proxectos formativos a realizar	15	
	Nº de profesionais que completan as actividades formativas	750	

V¹: Valor do acumulado do indicador meta no período 2026-2029. C¹: Grado de cumprimento esperado.



Accións de desenvolvemento do O.O. 1.3

ACCIÓN 1.3.1		XESTIÓN DUN PLAN DE COLABORACIÓNS EXTERNAS							
Descrición	Nun mundo global requírense solucións globais, e isto pasa por implementar as melloras prácticas docentes e de xestión de coñecemento doutros ámbitos (universidade, fundacións, empresas, industria farmacéutica). Só se somos capaces de xerar ecosistema e sinerxías con axentes líderes na transformación da xestión do coñecemento, seremos capaces de adaptarnos á fenda dixital. Polo tanto, é necesario elaborar un plan de xestión de colaboracións formativas con axentes que axuden internamente a desenvolver e mellorar a excelencia da formación dos nosos profesionais.								
Reto	Promover un plan de xestión de contactos e proxectos formativos con colaboradores externos.								
Responsable/es	Director/a da Área do Xestión do Coñecemento e o Talento Xefe/a de Servizo de Innovación Formativa Xefe/a de Servizo de Docencia								
Cronograma	2026		2027		2028		2029		
	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S	
	X	X	X	X	X	X	X	X	
Duración	A acción ten unha duración continua ao longo dos anos.								
Indicadores/Resultados esperados ¹			2026	2027	2028	2029			
– N° de acordos de colaboración a asinar			3	3	4	5			
– Fondos a captar			15.000 €	15.000 €	20.000 €	30.000€			
– N° de proxectos formativos a realizar			3	3	4	5			
– N° de profesionais que completan as actividades formativas			150	150	200	250			

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

Eixo 2. Docencia

Neste Eixo 2 preténdese poñer en valor o sistema de formación sanitaria especializada no Servizo Galego de Saúde.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2: COORDINACIÓN DUN MODELO INTEGRAL DE XESTIÓN DA FORMACIÓN SANITARIA ESPECIALIZADA NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Antecedentes e diagnóstico de situación

A formación sanitaria especializada en Ciencias da Saúde é unha formación oficial e regulada, destinada a dotar aos profesionais dos coñecementos, técnicas e habilidades propias da especialidade elixida, garantindo unha atención sanitaria de alta calidade, integral e eficiente.

Os programas formativos de cada especialidade son elaborados polas correspondentes Comisións Nacionais e aprobados polo Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, que fixa os obxectivos e competencias a adquirir, así como os contidos e estrutura da formación. Este Ministerio convoca anualmente as prazas de formación sanitaria especializada e establece os procedementos para a realización de estadías formativas no estranxeiro e para o recoñecemento de títulos de especialista obtidos fóra de España, tanto en países da Unión Europea como extracomunitarios.

A formación sanitaria especializada desenvólvese en centros, unidades e dispositivos acreditados para este fin. O proceso de acreditación iníciase na Consellería de Sanidade, que valida a documentación e a remite ao Ministerio para a súa tramitación e resolución.

Neste contexto, a ACIS asume un papel clave na promoción, coordinación e autorización da formación regulada universitaria e especializada, actuando como eixo de cohesión entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, as unidades docentes e o ámbito universitario.

Aliñamento co Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 e coa Estratexia Galega de Saúde 2030

No **Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030** o obxectivo estratéxico de docencia encaixa no Eixe1 (O reto demográfico) aliñándose coa prioridade (PA) e co obxectivo (OE) seguintes:

- PA 1.4.:Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade.
 - o O.E. 1.4.4: Aumentar a eficiencia financeira do sistema sanitario e mellorar a xestión do capital humano e a satisfacción dos profesionais, a través dunha xestión orientada a resultados.

Recolléndose, entre as liñas de acción estratéxicas deste OE, a coordinación dun modelo integral de xestión da formación sanitaria especializada no Servizo Galego de Saúde.

Polo que se refire á **Estratexia Galega de Saúde 2030**, no Programa 11 (Captación e atracción de talento) propónse establecer mecanismos que aborden unha planificación estratéxica das necesidades dos profesionais nas diferentes categorías, garantindo un relevo xeracional adaptado ás novas demandas do sistema.

Entre os Obxectivos operativos deste programa o O4.1 propón garantir a atracción e captación de profesionais necesarios para a provisión de servizos sanitarios requiridos pola poboación galega. Entre as liñas de actuación deste programa se atopan as seguintes:

L11.1 Planificación plurianual das necesidades de profesionais tendo en conta a evolución de indicadores demográficos e de saúde da poboación.

L11.2 Diseñar medidas de captación e atracción do talento sanitario.

Obxectivo Estratéxico e Obxectivos Operativos

O “Eixo 2 DOCENCIA” se desenvolve a través do “Obxectivo Estratéxico 2: COORDINACIÓN DUN MODELO INTEGRAL DE XESTIÓN DA FORMACIÓN SANITARIA ESPECIALIZADA NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE” cun único Obxectivo Operativo centrado na promoción dunha estrutura docente de calidade.

Obxectivo Operativo 2.1: Promover unha estrutura docente de calidade

A formación dos profesionais sanitarios constitúe un alicerce básico do sistema sanitario. Dentro deste ámbito, a formación sanitaria especializada adquiriu unha relevancia singular, tanto pola súa contribución á calidade asistencial como polo seu papel na consolidación dun cadro profesional cualificado e actualizado.

A formación de especialistas en Ciencias da Saúde é un obxectivo prioritario da Administración sanitaria, estatal e autonómica, que debe garantir condicións docentes axeitadas: centros e unidades acreditadas, programas formativos actualizados, itinerarios formativos coherentes e mecanismos de avaliación sólidos. Os residentes sitúanse no centro deste sistema formativo, co propósito de acadar o nivel óptimo de coñecementos, habilidades e actitudes profesionais, en beneficio dunha mellora continuada da atención á cidadanía.

O modelo de formación mediante residencia esixe o desenvolvemento, en réxime tutelado, das actividades previstas no programa oficial de cada especialidade, así como a realización das avaliacións establecidas regulamentariamente. Neste contexto, a Administración sanitaria ten a responsabilidade de apoiar e fortalecer a figura do titor, facilitando a súa formación continua en metodoloxía docente, técnicas de comunicación, investigación, xestión da calidade, motivación, ética profesional e contidos específicos dos programas formativos.

A Lei 44/2003, de 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, configura o marco legal da formación especializada e define o seu obxecto: dotar os profesionais da saúde dos coñecementos, técnicas, habilidades e actitudes propias de cada especialidade, en paralelo á progresiva asunción da responsabilidade inherente ao exercicio autónomo da mesma. Nesta lei, as comisións de docencia son identificadas como órganos esenciais do sistema formativo, con funcións de organización e supervisión da FSE, así como de integración das actividades formativas e dos residentes na actividade asistencial ordinaria dos centros, en coordinación cos órganos de dirección.

Este obxectivo estratéxico pretende, en definitiva, fortalecer e poñer en valor o sistema de formación sanitaria especializada do Servizo Galego de Saúde, asegurando a súa calidade, coherencia e capacidade de responder ás necesidades presentes e futuras do sistema sanitario.

Fíxanse para o Obxectivo Operativo 2.1 os resultados esperados que se reflicten na seguinte táboa para o período de vixencia do Contrato Plurianual de Xestión:

Acción	Indicador	V ¹	C ¹
2.1.1 Deseño e realización de actividades formativas en liña no marco do Programa Común Complementario.	Nº de actividades en liña dispoñibles	57	100%
	Nº total de horas lectivas ofertadas	570	
2.1.2 Desenvolvemento e implatación do aplicativo SIXPROF.	Nº de reunións de consenso a celebrar	16	100%
	Nº de novas funcionalidades deseñadas no período	16	
	Nº de actualizacións ou novas versións publicadas no período	8	
2.1.3. Xestión das rotacións externas dos residentes e das prácticas de pregrao	Nº solicitudes de rotacións externas tramitadas	2.400	100%
	Nº solicitudes de prácticas de pregrao tramitadas	1.200	

V¹: Valor do acumulado do indicador meta no período 2026-2029. C¹: Grao de cumprimento esperado.



Accións de desenvolvemento do O.O. 2.1

ACCIÓN 2.1.1		DESEÑO E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS EN LIÑA NO MARCO DO PROGRAMA COMÚN COMPLEMENTARIO							
Descrición		Os programas oficiais de formación de especialistas están deseñados para que o residente adquira, de forma progresiva, os coñecementos e habilidades propios da súa especialidade, garantindo unha práctica asistencial de calidade e unha atención integral á cidadanía. Con todo, estes itinerarios formativos non sempre inclúen determinados ámbitos transversais como a bioética, a seguridade do paciente, a comunicación clínica, o traballo en equipo, a investigación ou a xestión sanitaria que hoxe resultan imprescindibles para unha práctica profesional completa. Ademais, ao comezo da residencia é necesario proporcionar contidos básicos que faciliten unha incorporación segura ao proceso formativo. Por este motivo, esta acción céntrase no deseño e desenvolvemento de actividades que conforman o programa común complementario, dirixido a todos os residentes do Sistema Público de Saúde de Galicia. Estas actividades, impartidas integramente en liña, permiten unha formación flexible, accesible e homoxénea, favorecendo a equidade territorial e garantindo que todos os residentes adquiren competencias transversais clave para o seu desenvolvemento profesional e para a mellora continua da calidade asistencial.							
Reto		Promover e impulsar as actividades dirixidas a mellorar a formación dos especialistas en Ciencias da Saúde mediante accións de teleformación incluídas no programa común complementario e consensuadas coas comisións de docencia.							
Responsable/es		Director/a da Área do Xestión do Coñecemento e o Talento Xefe/a de Servizo de Docencia							
Cronograma		2026		2027		2028		2029	
		1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
		☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒
Duración		Para conseguir este obxectivo, traballarase ao longo dos catro anos.							
Indicadores/Resultados esperados ¹		2026		2027		2028		2029	
– N ^o de actividades en liña dispoñibles		12		14		15		16	
– N ^o total de horas lectivas ofertadas		120		140		150		160	

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.



ACCIÓN 2.1.2 DESENVOLVEMENTO E IMPLATACIÓN DO APLICATIVO SIXPROF

Descrición

O aplicativo SIXPROF é a ferramenta corporativa destinada á xestión integral da formación sanitaria especializada no Servizo Galego de Saúde. O seu desenvolvemento responde á necesidade de contar cun sistema único e eficiente que centralice todos os procesos vinculados á traxectoria formativa dos residentes, garantindo unha xestión máis coherente, transparente e segura.

A plataforma abrangue a planificación das rotacións, a xestión das gardas e das actividades formativas complementarias, así como o seguimento e as avaliacións anual e final dos residentes. Permite xestionar titores, colaboradores docentes e comisións de docencia. Disporá de perfís específicos para residentes, titores, xefes de estudos, unidades docentes e ACIS, facilitando unha coordinación fluída entre todos os axentes implicados.

A acción incluírá a incorporación progresiva de novas funcionalidades e a integración con sistemas corporativos como FEGAS, XESAC ou FIDES, co obxectivo de garantir a interoperabilidade e consolidar SIXPROF como a futura plataforma de referencia para a docencia especializada en Galicia.

Reto

Garantir a implantación efectiva de SIXPROF como sistema único e interoperable para a xestión da formación sanitaria especializada, facilitando a coordinación entre todos os axentes docentes e mellorando a calidade e trazabilidade de todo o proceso formativo.

Responsable/es

Director/a da Área do Xestión do Coñecemento e o Talento
Xefe/a de Servizo de Docencia

Cronograma

2026		2027		2028		2029	
1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒

Duración

Para conseguir este obxectivo, traballarase ao longo dos catro anos..

Indicadores/Resultados esperados ¹	2026	2027	2028	2029
- Número de reunións de consenso cos axentes implicados.	4	4	4	4
- Nº de novas funcionalidades deseñadas no período	4	4	4	4
- Nº de actualizacións ou novas versións publicadas no período	2	2	2	2

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.



ACCIÓN 2.1.3	XESTIÓN DAS ROTACIÓNS EXTERNAS DOS RESIDENTES E DAS PRÁCTICAS DE PREGRAO							
Descrición	Esta acción abrangue a xestión integral das rotacións externas dos residentes de formación sanitaria especializada, entendidas como períodos formativos realizados en centros ou dispositivos non previstos no programa oficial nin na acreditación da unidade docente. A ACIS será a responsable de coordinar e autorizar estas rotacións, tramitando as solicitudes, verificando o cumprimento dos requisitos normativos e formativos, coordinándose coas comisións de docencia e cos centros de orixe e destino, e garantindo o rexistro e seguimento de todas as estancias autorizadas. Así mesmo, a acción inclúe a coordinación e autorización, por parte da ACIS, da formación práctica de alumnos de titulacións universitarias e de formación profesional, tanto sanitarias coma non sanitarias, nos centros dependentes da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde. Isto implica a xestión de solicitudes e convenios coas universidades, a planificación e asignación de prazas, centros e titores, e o seguimento do desenvolvemento das prácticas, asegurando a súa adecuación aos obxectivos formativos, o respecto á normativa vixente e a compatibilidade coa actividade asistencial.							
Reto	dar resposta ás solicitudes de rotacións externas e prácticas de pregrao de maneira áxil, coordinada e eficiente							
Responsable/es	Director/a da Área do Xestión do Coñecemento e o Talento Xefe/a de Servizo de Docencia							
Cronograma	2026		2027		2028		2029	
	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒
Duración	Esta acción ten carácter continuo ao longo do período de planificación.							
Indicadores/Resultados esperados¹		2026	2027	2028	2029			
- N° solicitudes de rotacións externas tramitadas		600	600	600	600			
- N° solicitudes de prácticas de pregrao tramitadas		300	300	300	300			

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

Eixo 3. Investigación

Neste Eixo 3 preténdese fomentar unha investigación de calidade e excelencia que responda aos retos do Sistema Público de Saúde de Galicia.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3: INVESTIGACIÓN

Antecedentes e diagnóstico de situación

O sistema sanitario de Galicia dispón dun ecosistema de I+D+i sanitario sólido, conformado por tres Institutos de Investigación Sanitaria (Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña – INIBIC; Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela – IDIS; e Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur – IISGS) e pola Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS) como entidade instrumental pública responsable de coordinar e impulsar a investigación e a innovación en saúde.

Os Institutos de Investigación Sanitaria, froito da asociación entre os hospitais docentes e investigadores do Servizo Galego de Saúde, o Sistema Universitario Galego e outras entidades públicas, conforman estruturas de referencia no ámbito estatal. Os tres institutos (IDIS, INIBIC e IISGS) están acreditados polo Instituto de Salud Carlos III, o que os posiciona como centros de excelencia na investigación biomédica a nivel nacional. A súa misión fundamental é a realización de investigación traslacional de alta calidade, favorecendo que o coñecemento xerado na relación entre profesionais sanitarios, pacientes e poboación se traduza en avances detectables na práctica clínica.

Estes institutos permiten ademais captar recursos económicos competitivos, garantir unha xestión transparente dos fondos e optimizar o uso das infraestruturas e capacidades de investigación existentes no sistema público sanitario de Galicia. A consolidación dunha investigación aplicada, próxima ao paciente e conectada co sistema asistencial, require seguir reforzando infraestruturas, reorganizando procesos e fortalecendo a cooperación entre grupos, unidades e redes de investigación tanto autonómicas como nacionais e europeas.

Nos últimos anos producíronse avances significativos no ecosistema galego de investigación sanitaria: a mellora das plataformas de apoio ao investigador (Portal da Investigación en Saúde), fortalecemento e ampliación da Rede Galega de Biobancos, a profesionalización das unidades de apoio científico-técnico e a maior integración da investigación no conxunto do SERGAS coa creación e implantación da carreira profesional de investigadores. A pesar destes progresos, segue a ser necesaria unha coordinación

máis estreita entre ACIS, os IIS e as fundacións públicas de investigación sanitaria, así como unha estrutura autonómica robusta para a transferencia de coñecemento.

A experiencia recente demostrou o papel esencial da I+D+i na resposta rápida aos retos sanitarios e na capacidade de anticipación ante emerxencias. A pandemia puxo de manifesto o valor dunha investigación áxil, cooperativa e integrada no sistema sanitario, así como a necesidade de fortalecer o desenvolvemento de produtos sanitarios, biomarcadores, algoritmos e tecnoloxías emerxentes mediante colaboración público-privada.

A investigación é un motor estratéxico de progreso asociado á mellora da atención sanitaria, ao benestar da cidadanía e á competitividade da economía galega. A súa contribución á cohesión social e ao PIB require un ecosistema sólido, ben financiado e cun marco organizativo e profesional estable.

A nivel normativo e organizativo, o novo marco estatal —Lei 17/2022 de modificación da Lei da Ciencia, o Real Decreto 984/2022 de Oficinas de Transferencia de Coñecemento e o proceso de creación da categoría estatutaria de persoal investigador no ámbito do SERGAS— confirma a necesidade de avanzar cara un sistema profesionalizado de carreira investigadora, estabilización progresiva, itinerarios claros e recoñecemento da actividade docente, de transferencia e de liderado científico.

A carreira investigadora é hoxe un dos principais retos do ecosistema galego: a ausencia dun marco implantado, a dificultade para reter talento sénior e a variabilidade contractual limitan o desenvolvemento dun corpo investigador forte e sustentable. É preciso establecer mecanismos de acreditación interna, mentorización, promoción profesional e acceso competitivo, así como favorecer a presenza da figura de investigador nas Relacións de Postos de Traballo do servizo galego de saúde.

Así mesmo, a transferencia de coñecemento require dunha estrutura acreditable autonómica especializada. A inexistencia dunha Oficina de Transferencia de Coñecemento (OTC) en ACIS acreditada segundo o RD 984/2022 limita a capacidade de protexer e valorizar os resultados, xestionar contratos de transferencia, acompañar spin-offs e establecer modelos de explotación sustentables. A implantación dunha OTC-ACIS como ventá única é clave para articular unha transferencia moderna, áxil e profesionalizada.

En paralelo, a investigación en saúde está a experimentar unha transformación impulsada pola explosión de datos clínicos, ómicos e de investigación. O avance cara a medicina personalizada require infraestruturas de datos interoperables, capacidade bioinformática, metodoloxías de análise avanzada, integración entre investigación básica e clínica e estándares europeos como os definidos polo Espazo Europeo de Datos

Sanitarios (EHDS). Galicia precisa consolidar unha Plataforma Galega de Xestión de Investigación en Saúde (PLAXIS) e fortalecemento do Portal de Investigación en Saúde como espazo único e integral de recursos e indicadores, así como un mapeado de capacidades de investigación, reforzando a planificación e a consolidación da carreira investigadora.

O ecosistema investigador debe tamén responder aos novos desafíos do modelo asistencial: cronicidade, saúde mental, envellecemento, prevención, novas terapias avanzadas e tecnoloxías disruptivas. Para iso, cómpre reforzar as liñas de investigación prioritarias, fomentar o traballo multidisciplinar, mellorar o acceso a financiamento competitivo e impulsar a colaboración público-privada co tecido empresarial e industrial galego.

Este obxectivo estratéxico recolle un modelo integral de desenvolvemento que busca incrementar a masa crítica de persoal investigador altamente cualificado, implantar reformas estruturais, mellorar a eficiencia e fortalecer os mecanismos de xeración e transferencia de coñecemento. A existencia dunha estrutura forte de apoio ao investigador —coordinada desde ACIS— é esencial para atraer talento, evitar a fuga de profesionais, mellorar a competitividade científica e impulsar a innovación aplicada á práctica clínica.

Os centros sanitarios galegos teñen un elevado potencial investigador, mais necesitan actualizar tecnoloxías, metodoloxías e capacidades de forma continua. A revolución biofarmacéutica, a biomedicina traslacional, a xenómica e as tecnoloxías baseadas en IA están transformando a maneira de investigar e tratar pacientes. Galicia debe posicionarse neste contexto global.

Esta dinámica de alta competitividade, innovación disruptiva e investigación aplicada require:

- Atracción e retención de talento investigador altamente cualificado, mediante itinerarios profesionais e condicións estables.
- Desenvolvemento dunha carreira profesional investigadora recoñecida, con acreditación, promoción e avaliación continua.
- Impulso decidido da transferencia e valorización, para que o coñecemento chegue ao paciente e ao mercado.
- Colaboración estreita entre axentes públicos e privados, favorecendo a innovación baseada en concorrencia, codeseño e cocreación.

Aliñamento co Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 e coa Estratexia Galega de Saúde 2030

No **Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030** o obxectivo estratéxico de investigación encaixa no Eixe1 (O reto demográfico) aliñándose coa prioridade (PA) e co obxectivo (OE) seguintes:

- PA 1.4.:Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade.
 - o O.E. 1.4.6.: Fomentar a I+D+i no Sistema Público de Saúde de Galicia dirixida as necesidades dos e das pacientes co obxectivo de mellorar a súa atención e a transferencia dos resultados á sociedade.

Recolléndose, entre as liñas de acción estratéxicas deste OE, impulsar a xestión do coñecemento e a investigación, dirixida ás necesidades dos e das pacientes e aos retos do sistema sanitario en xeral, co obxectivo de mellorar a atención e a transferencia dos resultados á sociedade. Proceso de innovación aberto e internacionalización tanto das actividades de investigación como de transferencia.

Así mesmo, tamén se aliña, dentro do Eixe 3 (Competitividade e crecemento) do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, coa prioridade (PA) e co obxectivo (OE) seguintes:

- PA 3.1.: Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas
 - o OE 3.1.1.: Fomentar o investimento en I+D+i no sector empresarial, dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado reforzando a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, avanzar na especialización a través da priorización en ámbitos estratéxicos para Galicia, impulsando o liderado empresarial, especialmente das PEMES , na transformación das ideas innovadoras en produtos e servizos de alto valor engadido, xeradores de crecemento, emprego e benestar. Apoiar o talento emprendedor en todos os eidos (xeración, atracción e retención). Mellorar a xestión administrativa e as sinerxías vinculadas a procesos ou instrumentos de apoio á I+D+i e incrementar a eficiencia na xestión dos recursos dispoñibles a partires da avaliación do seu rendemento.

Recolléndose, entre as liñas de acción estratéxicas deste OE:

- Dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado (universidades, centros públicos e privados de investigación, agrupacións industriais e empresas) e valorización e comercialización de resultados de investigación.
- Reforzar a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, especialmente coas empresas (PEMES de xeito prioritario).
- Xerar, reter e atraer talento para I+D+i en Galicia.
- Mellorar a eficiencia, a estruturación e a ordenación do ecosistema de I+D+i a través da consolidación dunha nova gobernanza da I+D+i en Galicia que permita articular un proceso participativo eficaz e sostible no tempo no marco da RIS3. Optimizar as sinerxías entre os diferentes apoios a nivel rexional, estatal e europeo avanzado na especialización Galega no marco das grandes prioridades europeas deste período: transición verde e dixitalización e transición industrial para reforzar a eficiencia dos fondos e seu impacto en Galicia.
- Mellorar a xestión administrativa vinculada a procesos ou instrumentos de apoio á I+D+i. Incrementando a eficiencia na xestión dos recursos dispoñibles. Mellorar a tramitación na xestión de axudas e incrementar a eficiencia na xestión dos recursos dispoñibles.

Polo que se refire á **Estratexia Galega de Saúde 2030**, no Programa 16 (Innovación sanitaria en rede) proponse establecer un modelo de gobernanza do sistema que impulse os proxectos de investigación traslacional, consolide a rede de nodos de innovación sanitaria e estimule mecanismos de compra innovadora e por resultados, para a abordaxe de retos complexos.

Entre os Obxectivos operativos deste programa o O5.3 busca incentivar e fortalecer as capacidades de innovación do sistema sanitario a través de modelos avanzados de cooperación. Entre as liñas de actuación deste programa se atopan as seguintes:

L16.1 Establecer estruturas de gobernanza que reforcen a vertebración e coordinación das capacidades dedicadas á investigación e innovación en saúde.

L16.2 Reforzo das capacidades e infraestruturas para a investigación clínica.

L16.3 Incentivar a actividade investigadora dos profesionais da saúde, promovendo a excelencia e a avaliación de resultados.

L16.4 Establecer fórmulas que faciliten a estabilización e o impulso á figura do profesional-investigador.

L16.5 Fomentar proxectos orientados á investigación traslacional.

Por outra banda no Programa 17 da Estratexia (cadea de valor biosanitaria e impulso en I+D+i) se pretende estimular o I+D+i traslacional no ecosistema galego de saúde e posicionalo como referente en saúde de vangarda, sendo capaz maximizar a captación de fondos e talento investigador e reforzando estratexias innovadoras para potenciar a investigación biomédica promovendo a colaboración público-privada.

Entre os Obxectivos operativos deste programa o O5.3 propón incentivar e fortalecer as capacidades de innovación do sistema sanitario a través de modelos avanzados de cooperación. Entre as liñas de actuación deste programa se atopan as seguintes:

L17.3 Desenvolver un programa orientado á captación de fondos para a investigación e innovación sanitaria, fortalecendo o posicionamento de Galicia ante a política sanitaria europea e os programas de financiamento en saúde.

L17.5 Diseñar un Plan de impulso ao ecosistema galego biosanitario que favoreza a captación de talento e investimentos.

Obxectivo Estratéxico e Obxectivos Operativos

O "Eixo 3: INVESTIGACIÓN" desenvólvese a través do Obxectivo Estratéxico 3: INVESTIGACIÓN, estruturado para o período 2026–2029 a través de tres Obxectivos Operativos que permiten dar resposta aos retos técnicos, organizativos e estratéxicos identificados.

Obxectivo operativo 3.1: Talento e carreira investigadora

Consolidar unha contorna de investigación atractiva, estable e competitiva para a incorporación, captación e retención de persoal investigador altamente cualificado,

mediante a implantación progresiva dun modelo avanzado de carreira investigadora coherente coas necesidades do sector sanitario.

Na seguinte táboa fíxanse os resultados esperados e indicadores do Obxectivo Operativo 3.1 para o período de vixencia do Contrato Plurianual de Xestión:

Acción	Indicador	V ¹	C ¹
3.1.1. Consolidar un servizo integral de apoio ao Investigador como estrutura de ventá única para consultas, trámites, incidencias e apoio profesional ao persoal investigador (plataforma de xestión da Investigación PLAXIS)	Consultas resoltas respecto das recibidas a través de PLAXIS (%).	100%	100%
	Uso dos protocolos de xestión práctica e procedementos harmonizados ACIS–IIS (%).	95%	
	Tempo medio de resolución de consultas técnico-administrativas (días).	≤3	
	Nivel de dixitalización dos trámites de investigación (% de procesos automatizados).	90%	
	Xestión de solicitudes de axudas, documentación de seguimento e tramitación da firma do representante legal do Servizo Galego de Saúde como centro beneficiario (%)	100%	
3.1.2. Implantar e desenvolver o modelo de Carreira Investigadora baseado en itinerarios profesionais R1–R4 e favorecer a progresión profesional.	Publicación do marco regulatorio de carreira investigadora do persoal estatutario (Si/Non).	100%	100%
	Nº de itinerarios profesionais implantados (R1–R4).	4	
	Nº de investigadores acreditados anualmente nos niveis R2–R4.	≥120	
	Accións formativas e de mentorización desenvolvidas (Nº).	≥30	
3.1.3. Fomentar a formación avanzada en investigación, mediante desenvolvemento de itinerarios formativos de apoio e capacitación transversal.	Nº de programas formativos ACIS–IIS impartidos ao ano.	≥12	100%
	Nº de investigadores formados en análise de datos, bioinformática e IA.	≥300	
	Grao de satisfacción global dos participantes (%).	≥85%	
3.1.4. Apoiar a captación e retorno de talento investigador	Nº de contratos competitivos de incorporación/retorno captados.	≥60	



Acción	Indicador	V ¹	C ¹
coa promoción e impulso de convocatorias competitivas autonómicas, estatais e europeas, así como programas de atracción para a súa incorporación no ecosistema de investigación de Galicia.	Nº de perfís sénior (R4) incorporados ao ecosistema.	≥15	100%
	Participación en convocatorias nacionais e europeas (% de propostas lideradas por IIS/ACIS).	≥40%	
3.1.5. Desenvolver un conxunto de iniciativas destinadas á promoción, visibilidade e apoio integral do persoal investigador do Sistema Público de Saúde de Galicia, mediante programas de difusión, convocatorias de premios, o fortalecemento do Portal de Investigación en Saúde como espazo único e integral de recursos e indicadores, mapeado de capacidades de investigación, reforzando a planificación e a consolidación da carreira investigadora.	Reunións de coordinación co SERGAS, IIS e fundacións sobre carreira e estabilización (Nº).	≥20	100%
	Accións e programas de difusión e visibilidade da investigación impulsados anualmente (Nº).	≥15	
	Recursos, servizos e indicadores integrados no Portal de Investigación en Saúde como espazo único de apoio ao persoal investigador (Nº).	≥40	
	Mapeos de capacidades de investigación e informes asociados elaborados para planificación e consolidación da carreira investigadora (Nº).	≥8	

V¹: Valor do acumulado do indicador meta no período 2026-2029. C¹: Grao de cumprimento esperado.

Accións de desenvolvemento do O.O. 3.1

ACCIÓN 3.1.1	CONSOLIDAR UN SERVIZO INTEGRAL DE APOIO AO INVESTIGADOR COMO ESTRUCTURA DE VENTÁ ÚNICA PARA CONSULTAS, TRÁMITES, INCIDENCIAS E APOIO PROFESIONAL AO PERSOAL INVESTIGADOR (PLATAFORMA DE XESTIÓN DA INVESTIGACIÓN PLAXIS)
Descrición	Actuar como punto de referencia autonómico, en coordinación cos Institutos de Investigación Sanitaria, as fundacións públicas de investigación do SERGAS e outros axentes de investigación do ecosistema biosanitario, co obxectivo de ofrecer aos investigadores e ao persoal con actividade científica (incluíndo técnicos/as de apoio, persoal predoctoral, postdoctoral e clínicos investigadores) do Sistema Público de Saúde de Galicia –ou con potencial vinculación ao mesmo– un servizo integral, dixitalizado e áxil que proporcione: • orientación personalizada nos trámites administrativos e científico-técnicos necesarios para o desenvolvemento da actividade investigadora; • resolución de consultas e xestión de incidencias a través da ventá única ferramenta de xestión PLAXIS, integrada cos sistemas de información dos IIS e do SERGAS; • intermediación coas axencias financiadoras estatais e autonómicas (ISCIII, AES, AEI, Xunta, GAIN, CDTI, programas europeos); • información actualizada e asesoramento sobre oportunidades de financiamento, tanto competitivas como institucionais, orientadas ás liñas estratéxicas do SERGAS e ACIS; • apoio na tramitación, seguimento e xestión das axudas para a contratación de recursos humanos en investigación, contratos predoutorais, posdoutorais e estabilización, así como proxectos de investigación e desenvolvemento tecnolóxico; • información e acompañamento sobre a integración de datos no Portal da Investigación en Saúde e outros procedementos vinculados a investigación traslacional. A estrutura funcionará como un servizo continuado, responsable e coordinado, que permita liberar carga administrativa aos investigadores, mellorar a eficiencia dos procesos e favorecer a integración plena da investigación nos centros asistenciais.
Reto	Facilitar a interlocución efectiva dos investigadores coas Administracións Públicas, cos IIS e co resto de axentes implicados, ofrecendo apoio técnico e administrativo especializado que permita optimizar o tempo dedicado á investigación, mellorar a experiencia do persoal investigador e reforzar a integración e cohesión do ecosistema de investigación sanitaria de Galicia. Este servizo contribúe a un dos obxectivos clave do período 2026–2029: reducir a fragmentación administrativa, automatizar procedementos e dotar os investigadores dun acompañamento integral que fortaleza a competitividade do sistema público de saúde de Galicia.
Responsable /es	Director/a Técnico/a da Área de Investigación de ACIS, en coordinación operativa coa Rede de Unidades de Apoio á Investigación dos IIS, as fundacións de investigación e a estrutura técnica de xestión de ACIS.

Cronograma	2026		2027		2028		2029	
	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
	X	X	X	X	X	X	X	X



ACCIÓN 3.1.1 CONSOLIDAR UN SERVIZO INTEGRAL DE APOIO AO INVESTIGADOR COMO ESTRUCTURA DE VENTÁ ÚNICA PARA CONSULTAS, TRÁMITES, INCIDENCIAS E APOIO PROFESIONAL AO PERSOAL INVESTIGADOR (PLATAFORMA DE XESTIÓN DA INVESTIGACIÓN PLAXIS)

Duración A acción ten carácter continuo polo dinamismo dos procedementos das axudas nas que o Servizo Galego de Saúde e ACIS participan e poidan participar como beneficiarios, e polo dinamismo inherente ao ámbito da xestión de RRHH.

Indicadores/Resultados esperados¹	2026	2027	2028	2029
% de consultas resoltas respecto das recibidas a través de PLAXIS	70%	80%	90%	100%
% de uso dos protocolos de xestión práctica e procedementos harmonizados ACIS-IIS (%).	60%	70%	80%	95%
Tempo medio de resolución de consultas técnico-administrativas (días).	6	5	4	≤3
Nivel de dixitalización dos trámites de investigación (% de procesos automatizados).	50%	70%	85%	90%
(%) Xestión de solicitudes de axudas, documentación de seguimento e tramitación da firma do representante legal do Servizo Galego de Saúde como centro beneficiario	75%	85%	90%	100%
% de consultas resoltas respecto das recibidas a través de PLAXIS	70%	80%	90%	100%

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

ACCIÓN 3.1.2	IMPLANTAR E DESENVOLVER O MODELO DE CARREIRA INVESTIGADORA BASEADO EN ITINERARIOS PROFESIONAIS R1–R4 MEDIANTE O IMPULSO DA REGULAMENTACIÓN, ACREDITACIÓN INTERNA, E MECANISMOS DE ESTABILIZACIÓN DO PERSOAL INVESTIGADOR							
Descrición	Facilitar a captación, integración e desenvolvemento profesional do persoal investigador cualificado ao servizo do Sistema Público de Saúde de Galicia mediante a consolidación dun modelo de carreira investigadora avanzado (R1–R4), conforme co marco estatal da Lei 17/2022, o Real Decreto 984/2022, e o proceso autonómico de creación da categoría estatutaria de persoal investigador. A acción ten por obxectivo dotar o sistema dun modelo profesional estable, con itinerarios formativos, mecanismos de acreditación, procesos de promoción, mentorización e harmonización contractual, garantindo a súa plena integración na estrutura organizativa do SERGAS e nos Institutos de Investigación Sanitaria. A través da coordinación con Dirección Xeral de RRHH do SERGAS, Dirección Xeral de Función Pública e as fundacións de investigación, promoverase un sistema ordenado que consolide unha masa crítica de investigadores altamente cualificados e permita alcanzar a máxima competitividade científica e capacidade de transferencia.							
Reto	Promover unha integración real e efectiva do persoal investigador no Sistema Público de Saúde de Galicia, impulsando accións estruturais que permitan: • aumentar a estabilidade das carreiras investigadoras, • garantir a súa progresión profesional, • mellorar o recoñecemento da súa actividade investigadora, docente e de transferencia, • incrementar a masa crítica estable, • crear un ecosistema atractivo, competitivo e capaz de captar talento nacional e internacional.							
Responsable /es	Director/aTécnico/a da Área de Investigación de ACIS.							
Cronograma	2026		2027		2028		2029	
	1 ^{er} S	2º S	1 ^{er} S	2º S	1 ^{er} S	2º S	1 ^{er} S	2º S
	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒
Duración	A acción ten carácter continuo polo dinamismo dos procedementos das axudas nas que o Servizo Galego de Saúde e ACIS participan e poidan participar como beneficiarios, e polo dinamismo inherente ao ámbito da xestión de RRHH.							
Indicadores/Resultados esperados ¹	2026		2027		2028		2029	
Publicación do marco regulatorio da carreira investigadora autonómica (Si/Non)	Si		–		–		–	
Nº itinerarios profesionais implantados (R1–R4)	1		2		4		4	
Nº de investigadores acreditados anualmente nos niveis R2–R4	40		80		100		≥120	
% de execución do gasto respecto ao programado para a realización desta acción operativa CPX	90%		90%		90%		90%	

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.



ACCIÓN 3.1.3 FOMENTAR A FORMACIÓN AVANZADA EN INVESTIGACIÓN, MEDIANTE DESENVOLVEMENTO DE ITINERARIOS FORMATIVOS DE APOIO E CAPACITACIÓN TRANSVERSAL, ANÁLISE DE DATOS, ÉTICA DE IA, METODOLOXÍAS DIXITAIS DE INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA PARA O PERSOAL INVESTIGADOR

Descrición Esta acción ten como finalidade fortalecer as competencias do persoal investigador do Sistema Público de Saúde de Galicia a través da oferta de itinerarios formativos especializados, programas de mentorización e actividades de capacitación transversal en metodoloxía científica, xestión de proxectos, escritura científica, análise avanzada de datos, bioinformática e intelixencia artificial.

O programa integrárase no marco da carreira investigadora, permitindo unha actualización continua das habilidades profesionais e favorecendo a excelencia científica, a autonomía e a consolidación da traxectoria investigadora.

Reto Garantir que o persoal investigador dispoña das competencias técnicas e transversais necesarias para desenvolver investigación de alta calidade, competitiva a nivel estatal e europeo, e plenamente aliñada coas necesidades asistenciais do Sistema Público de Saúde de Galicia. Ademais, reforzar a capacitación en análise de datos, IA e competencias dixitais como elementos clave da modernización do sistema.

Responsable /es Director/a Técnico/a da Área de Investigación de ACIS.

Cronograma	2026		2027		2028		2029	
	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒

Duración A acción ten carácter continuo polo dinamismo dos procedementos das axudas nas que o Servizo Galego de Saúde e ACIS participan e poidan participar como beneficiarios, e polo dinamismo inherente ao ámbito da xestión de RRHH.

Indicadores/Resultados esperados ¹	2026	2027	2028	2029
Accións formativas e de mentorización desenvolvidas (Nº)	6	8	8	10
Nº de programas formativos ACIS–IIS impartidos ao ano	3	4	4	5
Nº de investigadores formados en análise de datos, bioinformática e IA	≥40	≥60	≥80	≥100
Grao de satisfacción global dos participantes (%)	≥85%	≥88%	≥90%	≥90%

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

ACCIÓN 3.1.4 APOIAR A CAPTACIÓN E RETORNO DE TALENTO INVESTIGADOR COA PROMOCIÓN E IMPULSO DE CONVOCATORIAS COMPETITIVAS AUTONÓMICAS, ESTATAIS E EUROPEAS, ASÍ COMO PROGRAMAS DE ATRACCIÓN E DE PERFÍS SÉNIOR EN ÁREAS ESTRATÉXICAS PARA A SÚA INCORPORACIÓN NO ECOSISTEMA DE INVESTIGACIÓN DE GALICIA (GALTIA, OPORTUNIUS...)

Descrición Mediante esta acción promoverase a captación, retorno e consolidación de talento investigador en áreas estratéxicas para o Sistema Público de Saúde de Galicia, articulando un apoio integral aos programas autonómicos (GALTIA, OPORTUNIUS e outros afíns), así como ás convocatorias estatais e europeas dirixidas á incorporación de persoal investigador excelente.

ACIS proporcionará acompañamento técnico nos procesos de identificación de oportunidades, preparación de propostas, coordinación interinstitucional e seguimento dos contratos competitivos, favorecendo que o ecosistema de investigación sanitaria galego sexa capaz de atraer perfís de alto impacto científico e clínico e de estabilizar investigadores con traxectorias consolidadas (R4).

Esta acción busca reforzar a masa crítica do sistema, impulsar grupos emerxentes e garantir a dispoñibilidade de talento estratéxico nos ámbitos prioritarios definidos polas políticas públicas de investigación e innovación en saúde.

Reto Reforzar a capacidade do Sistema Público de Saúde de Galicia para competir con éxito na captación de talento investigador, tanto en programas autonómicos como estatais e europeos, asegurando o retorno e a incorporación de perfís sénior en áreas de interese estratéxico. Ao mesmo tempo, consolidar mecanismos estables de apoio para aumentar a competitividade das propostas lideradas polos IIS e por ACIS, mellorar a posición de Galicia no contexto nacional e europeo e contribuír á sustentabilidade a longo prazo das liñas de investigación prioritarias.

Responsable /es Director/a Técnico/a da Área de Investigación de ACIS.

Cronograma	2026		2027		2028		2029	
	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒

Duración A acción ten carácter continuo polo dinamismo dos procedementos das axudas nas que o Servizo Galego de Saúde e ACIS participan e poidan participar como beneficiarios, e polo dinamismo inherente ao ámbito da xestión de RRHH.

Indicadores/Resultados esperados ¹	2026	2027	2028	2029
Nº contratos competitivos de incorporación/retorno captados	15	15	15	≥15
Nº perfís sénior (R4) incorporados ao ecosistema	1	3	4	≥4
Participación en convocatorias nacionais e europeas (% propostas lideradas ACIS/IIS)	25%	30%	35%	≥40%

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

ACCIÓN 3.1.5	DESENVOLVER UN CONXUNTO DE INICIATIVAS DESTINADAS Á PROMOCIÓN, VISIBILIDADE E APOIO INTEGRAL DO PERSOAL INVESTIGADOR DO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA, MEDIANTE PROGRAMAS DE DIFUSIÓN, CONVOCATORIAS DE PREMIOS, O FORTALECIMENTO DO PORTAL DE INVESTIGACIÓN EN SAÚDE COMO ESPAZO ÚNICO E INTEGRAL DE RECURSOS E INDICADORES, MAPEADO DE CAPACIDADES DE INVESTIGACIÓN, REFORZANDO A PLANIFICACIÓN E A CONSOLIDACIÓN DA CARREIRA INVESTIGADORA							
Descrición	Esta acción ten como finalidade impulsar un conxunto articulado de iniciativas destinadas a potenciar a visibilidade, recoñecemento e apoio integral ao persoal investigador do Sistema Público de Saúde de Galicia. Inclúe o desenvolvemento anual de programas de difusión, actividades de recoñecemento científico e convocatorias de premios orientadas a valorar a excelencia e o impacto da investigación en saúde. Reforzarase o Portal de Investigación en Saúde como espazo único, integral e dinámico de recursos, servizos e indicadores, facilitando a consulta de oportunidades, métricas, documentación e información estratéxica relevante. Ademais, elaboraranse mapeados de capacidades científicas e tecnolóxicas e informes asociados que permitirán orientar a planificación da carreira investigadora, identificar fortalezas e necesidades e mellorar a toma de decisións no ecosistema de investigación sanitaria galego.							
Reto	Fortalecer unha cultura de recoñecemento, transparencia e apoio ao persoal investigador, garantindo que dispón de ferramentas adecuadas para progresar na carreira investigadora, acceder a recursos, visualizar resultados e participar activamente na planificación estratéxica. Ademais, integrar nun único espazo dixital toda a información relevante para o persoal investigador e consolidar mecanismos sistemáticos de análise e reporte das capacidades de investigación do sistema sanitario.							
Responsable/es	Director/aTécnico/a da Área de Investigación de ACIS.							
Cronograma	2026	2027		2028		2029		
	1 e r S	2º S	1º S	2º S	1º S	2º S	1º S	2º S
Duración	A acción ten carácter continuo polo dinamismo dos procedementos das axudas nas que o Servizo Galego de Saúde e ACIS participan e poidan participar como beneficiarios, e polo dinamismo inherente ao ámbito da xestión de RRHH.							
Indicadores/Resultados esperados¹	2026	2027	2028	2029				
Reunións de coordinación co SERGAS, IIS e fundacións sobre carreira e estabilización (Nº)	3	5	6	≥20				
Accións e programas de difusión e visibilidade da investigación impulsados anualmente (Nº)	10	12	14	≥15				
Recursos, servizos e indicadores integrados no Portal de Investigación en Saúde (Nº)	25	30	35	≥40				
Mapeos de capacidades de investigación e informes asociados elaborados (Nº)	3	5	6	≥8				

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

Obxectivo operativo 3.2: Estruturas e plataformas de investigación.

Impulsar e consolidar o tecido de estruturas e plataformas de apoio á investigación, reforzando capacidades científico-técnicas, harmonización de procedementos e interoperabilidade entre centros.

O aumento de grupos de investigación biosanitaria a nivel nacional e europeo, nun contexto de financiamento competitivo e limitado, esixe reforzar e especializar as estruturas de apoio á investigación, optimizando o seu funcionamento e coordinación efectiva e dispoñer de plataformas robustas que faciliten investigación clínica, traslacional e baseada en datos

Neste escenario, ACIS, como elemento nucleador e vertebrador da actividade investigadora no ámbito sanitario, liderando accións que reforzan:

- acceso equitativo á investigación clínica mediante plataformas autonómicas interoperables (INNOVATRIAL),
- a consolidación da Rede Galega de Biobancos, asegurando calidade, trazabilidade e estándares internacionais,
- o desenvolvemento de capacidades tecnolóxicas avanzadas (xenómica, terapias avanzadas, ómicas, diagnóstico rápido),
- a participación activa de Galicia en órganos de gobernanza científica autonómicos, nacionais e europeos con capacidade de decisión en políticas de investigación e innovación (AEI, IISCI, CIBER, CNIO, GAIN, universidades, redes temáticas, ITEMAS, CECBE-INVESTEN, CIBER, COSCE, Farmaindustria – ICAP);
- a dixitalización e harmonización dos procedementos científico-técnicos, favorecendo unha xestión eficiente, automatizada e interoperable dos méritos e actividades de investigación.
- a participación activa nos órganos de goberno de organismos autonómicos, estatais e europeos colaborar en estreita coordinación coa área de Innovación de ACIS no marco da **OTC-ACIS** para asegurar que a investigación que se desenvolve en Galicia ten ese marcado carácter traslacional con obxectivo dunha aplicación práctica para os pacientes, mediante patentes, licenzas, contratos de

transferencia, spin-offs e outros instrumentos de valorización e de impulso da colaboración público-privada – CPI-.

Este obxectivo garante un ecosistema de investigación máis cohesionado, competitivo e orientado á excelencia, reforzando a translación efectiva dos resultados científicos ao ámbito asistencial e consolidando o posicionamento estratéxico do Sistema Público de Saúde de Galicia.

Na seguinte táboa fíxanse os resultados esperados e indicadores do Obxectivo Operativo 3.2 para o período de vixencia do Contrato Plurianual de Xestión:

Acción	Indicador	V ¹	C ¹
3.2.1. Promover o acceso de pacientes a ensaios clínicos a través da información e implementación dunha Plataforma Galega de Ensaos Clínicos (INNOVATRIAL) que permita establecer un sistema autónomo interoperable de información de investigación clínica.	Nº de xornadas anuais de difusión sobre ensaios clínicos / CAEIC/ATENCIÓN PRIMARIA.	≥8 acumulado	100%
	Posta en marcha e uso efectivo do sistema integrado de datos de investigación clínica (INNOVATRIAL + integración PGDI) (Si/Non)	100%	
	Nº ensaios clínicos rexistrados na plataforma	≥300 acumulado	
	Nº profesionais formados na plataforma	≥600	
	% centros do SERGAS integrados na plataforma	100%	
3.2.2. Consolidar e potenciar a Rede Galega de Biobancos do Servizo Galego de Saúde coa actualización das infraestruturas, dixitalización de procesos , e reforzando a trazabilidade baixo estándares internacionais co deseño dun catálogo único de mostras interoperable.	Nº de eventos de difusión anuais da Rede Galega de Biobancos	≥4 acumulado	100%
	Documento de xestión e desenvolvemento da Rede Galega de Biobancos actualizado (Si/Non)	Si	
	Nº solicitudes de mostras tramitadas	≥1.000	



Acción	Indicador	V ¹	C ¹
3.2.3. Apoio e impulso no desenvolvemento de capacidades tecnolóxicas avanzadas de apoio a investigación (Plataforma Xenómica, Plataforma de xestión de Terapias Avanzadas e outras plataformas de diagnóstico rápido, microbioma, ómicas e tecnoloxías emerxentes, favorecendo unha translación efectiva ao sistema sanitario.	% mostras rexistradas con trazabilidade completa	≥95%	100%
	Nº de reunións de órganos de goberno, comisión e grupos técnicos e plataformas nacionais/autónomas ás que se asiste	≥160 acumulado (100%)	
	Nº proxectos soportados por plataformas avanzadas	≥60	
	Nº usuarios formados en plataformas (xenómica, terapias avanzadas, ómicas)	≥400	
	Nº informes de actividade emitidos por plataformas	≥40	
3.2.4. Fortalecer a gobernanza e coordinación interinstitucional coa participación activa e propositiva nos órganos responsables de coordinación autonómicos, nacionais e europeos da investigación para asegurar coherencia estratéxica, financiamento e interoperabilidade.	Nº de solicitudes de PI / acordos / licenzas tramitadas	≥170 acumulado (100%)	100%
	Nº de actuacións desenvoltas no marco do Programa InTrES	≥48 acumulado (100%)	
	Nº órganos autonómicos, nacionais e europeos nos que ACIS participa activamente	≥40 acumulado	
	Nº posicionamentos técnicos emitidos por ACIS	≥30	
	% acordos institucionais executados dentro do prazo	≥85%	
3.2.5. Dixitalizar e harmonizar procedementos científico-técnicos, establecer protocolos comúns ACIS-IIS-Fundacións Públicas de investigación e impulsar medidas para a interoperabilidade de plataformas de soporte da investigación como o Portal de Investigación en Saúde e a Oficina Virtual do Profesional (FIDES) para que os méritos de investigación se rexistren e validen automaticamente,	Nº procedementos ACIS-IIS-Fundacións harmonizados	≥20	100%
	% de méritos de investigación validados automaticamente en FIDES	≥80%	
	Nº integracións realizadas entre Portal de Investigación e plataformas do SERGAS	≥12	



Acción	Indicador	V ¹	C ¹
permitindo unha visualización clara da traxectoria investigadora e reforzando o seu impacto real en procesos de fomento carreira profesional.	Nº profesionais con acceso ao rexistro automático de actividade investigadora	≥8.000	
	Redución do tempo medio de tramitación científico-técnica	≥40% redución	

V¹: Valor do acumulado do indicador meta no período 2026-2029. C¹: Grao de cumprimento esperado

Accións de desenvolvemento do O.O. 3.2

ACCIÓN 3.2.1 PROMOVER O ACCESO DE PACIENTES A ENSAIOS CLÍNICOS A TRAVÉS DA INFORMACIÓN E IMPLEMENTACIÓN DUNHA PLATAFORMA GALEGA DE ENSAIOS CLÍNICOS (INNOVATRIAL) QUE PERMITA ESTABLECER UN SISTEMA AUTONÓMICO INTEROPERABLE DE INFORMACIÓN DE INVESTIGACIÓN CLÍNICA

Descrición Esta acción ten como finalidade establecer e consolidar un sistema autonómico interoperable de información sobre ensaios clínicos, mediante a implementación da Plataforma Galega de Ensaos Clínicos (INNOVATRIAL), integrada cos sistemas de datos de investigación (PGDI).

A plataforma permitirá centralizar a información sobre ensaios clínicos activos, facilitar o acceso dos pacientes e profesionais, harmonizar procedementos, mellorar a coordinación entre centros e garantir un seguimento eficiente e transparente da investigación clínica no ámbito do SERGAS.

Inclúe accións de difusión, formación e acompañamento ao persoal investigador e clínico, así como a creación de circuitos normalizados de identificación, rexistro e xestión de ensaios clínicos, incorporando Atención Primaria, Atención Hospitalaria e estruturas de soporte como o CAEIC.

Reto O principal reto consiste en **incrementar o acceso equitativo e transparente dos pacientes a ensaios clínicos**, nun contexto crecente de complexidade normativa e tecnolóxica, garantindo:

- interoperabilidade dos sistemas,
- rexistro exhaustivo e actualizado de ensaios clínicos en Galicia,
- coordinación entre centros do SERGAS, IIS e fundacións de investigación,
- información accesible e de calidade para profesionais e cidadanía,
- fortalecemento do papel do CAEIC e da Atención Primaria na investigación clínica.

A creación dunha plataforma integrada permitirá superar a fragmentación actual e facilitar un ecosistema de investigación clínica máis eficiente, seguro e orientado ao paciente.

Responsable /es Director/a Técnico/a da Área de Investigación de ACIS.

Cronograma	2026		2027		2028		2029	
	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒

Duración A acción ten carácter continuo polo dinamismo dos procedementos das axudas nas que o Servizo Galego de Saúde e ACIS participan e poidan participar como beneficiarios, e polo dinamismo inherente ao ámbito da xestión de RRHH.

Indicadores/Resultados esperados ¹	2026	2027	2028	2029
Nº xornadas anuais de difusión (CAEIC / Atención Primaria)	2	2	2	≥8 acumulado
Posta en marcha e uso efectivo da plataforma INNOVATRIAL + PGDI (Si/Non)	Si (fase 1)	Si (fase 2)	Si (consolidado)	100%
Nº ensaios clínicos rexistrados na plataforma	50	80	90	≥300 acumulado
Nº profesionais formados na plataforma	150	150	150	≥600 acumulado



ACCIÓN 3.2.1 PROMOVER O ACCESO DE PACIENTES A ENSAIOS CLÍNICOS A TRAVÉS DA INFORMACIÓN E IMPLEMENTACIÓN DUNHA PLATAFORMA GALEGA DE ENSAIOS CLÍNICOS (INNOVATRIAL) QUE PERMITA ESTABLECER UN SISTEMA AUTONÓMICO INTEROPERABLE DE INFORMACIÓN DE INVESTIGACIÓN CLÍNICA

% centros do SERGAS integrados na plataforma	30%	60%	80%	≥100%
--	-----	-----	-----	-------

- (1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual, salvo nos casos que se recolle a indicación de valor acumulado no exercicio 2029 (en que se indica o obxectivo final a acadar, totalizando todo o período).

ACCIÓN 3.2.2 CONSOLIDAR E POTENCIAR A REDE GALEGA DE BIOBANCOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE COA ACTUALIZACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS, DIXITALIZACIÓN DE PROCESOS , E REFORZANDO A TRAZABILIDADE BAIXO ESTÁNDARES INTERNACIONAIS CO DESEÑO DUN CATÁLOGO ÚNICO DE MOSTRAS INTEROPERABLE

Descrición Os biobancos son unidades especializadas que xestionan coleccións de mostras biolóxicas para fins diagnósticos e de investigación, reguladas polo Real Decreto 1716/2011. En Galicia existen varios biobancos adscritos ao SERGAS, inscritos no Rexistro Nacional, que constitúen unha infraestrutura crítica para a biomedicina e a investigación traslacional.

Esta acción engloba actividades dirixidas a:

- impulsar, dar soporte e difundir o traballo dos biobancos integrados na **Rede Galega de Biobancos**;
- avanzar cara un modelo de funcionamento máis integrado, interoperable e baseado en estándares de calidade;
- apoiar o desenvolvemento e explotación de plataformas tecnolóxicas como **Innovamicrolab** e outras solucións avanzadas para diagnóstico microbiolóxico automatizado e análise do microbioma.
- incremento da difusión e posta en valor da actividade da rede, mellora da coordinación cos IIS, fundacións e unidades clínicas.

O obxectivo final é ofrecer un **sistema robusto, seguro e eficiente de xestión de mostras**, que proporcione soporte científico-técnico avanzado a proxectos de investigación e que incremente a competitividade do ecosistema galego.

Reto Poñer en valor a actividade dos biobancos, difundir as accións e servizos ofertados, favorecer o seu uso por parte da comunidade científica, e apoiar o desenvolvemento de ferramentas que contribúan, de maneira clara e directa, á mellora da saúde da poboación.

Asimesmo, o reto principal consiste en **acelerar a consolidación dunha infraestrutura crítica para a investigación**, superando desafíos asociados á:

- heteroxeneidade de coleccións e procedementos,
- necesidade de trazabilidade completa e auditábel,
- demanda crecente de mostras de alta calidade para proxectos de I+D+i,
- falta dun catálogo único interoperable,
- crecente esixencia de cumprimento de estándares internacionais (ISBER, OECD).

Responsable /es Director/a Técnico/a da Área de Investigación de ACIS.

Cronograma	2026		2027		2028		2029	
	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒

Duración A acción ten carácter continuo polo dinamismo dos procedementos das axudas nas que o Servizo Galego de Saúde e ACIS participan e poidan participar como beneficiarios, e polo dinamismo inherente ao ámbito da xestión de RRHH.

Indicadores/Resultados esperados ¹	2026	2027	2028	2029
Nº eventos de difusión anuais	1	1	1	≥4 acumulado
Documento de xestión actualizado (Si/Non)	Si	—	—	100%
Nº solicitudes de mostras tramitadas	150	250	300	≥1.000 acumulado



ACCIÓN 3.2.2 CONSOLIDAR E POTENCIAR A REDE GALEGA DE BIOBANCOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE COA ACTUALIZACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS, DIXITALIZACIÓN DE PROCESOS , E REFORZANDO A TRAZABILIDADE BAIXO ESTÁNDARES INTERNACIONAIS CO DESEÑO DUN CATÁLOGO ÚNICO DE MOSTRAS INTEROPERABLE

% mostras rexistradas con trazabilidade completa	50%	70%	85%	≥95%
--	-----	-----	-----	------

- (1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual, salvo nos casos que se recolle a indicación de valor acumulado no exercicio 2029 (en que se indica o obxectivo final a acadar, totalizando todo o período).

ACCIÓN 3.2.3 APOIO E IMPULSO NO DESENVOLVEMENTO DE CAPACIDADES TECNOLÓXICAS AVANZADAS DE APOIO A INVESTIGACIÓN (PLATAFORMA XENÓMICA, PLATAFORMA DE XESTIÓN DE TERAPIAS AVANZADAS E OUTRAS PLATAFORMAS DE DIAGNÓSTICO RÁPIDO, MICROBIOMA, ÓMICAS E TECNOLOXÍAS EMERXENTES, FAVORECENDO UNHA TRANSLACIÓN EFECTIVA AO SISTEMA SANITARIO

Descrición Esta acción ten como obxectivo impulsar un programa estratéxico de formación avanzada, orientado a reforzar as capacidades científicas, técnicas e metodolóxicas do persoal investigador do Sistema Público de Saúde de Galicia.
O programa integra itinerarios formativos estruturados en áreas clave para a investigación actual, incluíndo:

- análise de datos clínicos e epidemiolóxicos,
- bioinformática, intelixencia artificial e metodoloxías ómicas,
- deseño, execución e análise de ensaios clínicos,
- boas prácticas de investigación, reproducibilidade e integridade científica,
- metodoloxía de proxectos, transferencia e innovación.

Inclúe tamén **programas de mentorización**, acompañamento experto, formación aplicada e colaboración entre ACIS e os IIS para garantir un ecosistema de capacitación continuo e adaptado ás necesidades do sistema sanitario.

Reto O reto fundamental consiste en **superar a fragmentación actual dos programas formativos**, garantindo itinerarios estruturados, recoñecidos e orientados a:

- atraer e reter talento,
- fortalecer as capacidades analíticas e tecnolóxicas do persoal investigador,
- incrementar a competitividade en convocatorias autonómicas, estatais e europeas,
- mellorar a calidade e o impacto da produción científica,
- preparar perfís capaces de traballar con datos complexos, IA, ómicas e medicina personalizada.

Esta acción responde ao crecente desafío de dispoñer dun **capital humano altamente especializado**, capaz de desenvolver investigación traslacional, baseada en datos e orientada á aplicación clínica.

Responsable /es Director/a Técnico/a da Área de Investigación de ACIS.

Cronograma	2026		2027		2028		2029	
	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒

Duración A acción ten carácter continuo polo dinamismo dos procedementos das axudas nas que o Servizo Galego de Saúde e ACIS participan e poidan participar como beneficiarios, e polo dinamismo inherente ao ámbito da xestión de RRHH.

Indicadores/Resultados esperados ¹	2026	2027	2028	2029
Nº reunións de órganos de goberno, comisións e grupos técnicos de plataformas (xenómica, terapias avanzadas, ómicas)	35	40	45	≥160 acumulado
Nº proxectos soportados por plataformas tecnolóxicas avanzadas	10	15	15	≥60 acumulado
Nº usuarios formados en plataformas (xenómica, terapias avanzadas, ómicas)	80	100	120	≥400 acumulado



ACCIÓN 3.2.3 APOIO E IMPULSO NO DESENVOLVEMENTO DE CAPACIDADES TECNOLÓXICAS AVANZADAS DE APOIO A INVESTIGACIÓN (PLATAFORMA XENÓMICA, PLATAFORMA DE XESTIÓN DE TERAPIAS AVANZADAS E OUTRAS PLATAFORMAS DE DIAGNÓSTICO RÁPIDO, MICROBIOMA, ÓMICAS E TECNOLOXÍAS EMERXENTES, FAVORECENDO UNHA TRANSLACIÓN EFECTIVA AO SISTEMA SANITARIO

Nº informes de actividade emitidos polas plataformas	8	10	12	≥40 acumulado
--	---	----	----	---------------

- (1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual, salvo nos casos que se recolle a indicación de valor acumulado no exercicio 2029 (en que se indica o obxectivo final a acadar, totalizando todo o período).

ACCIÓN 3.2.4 FORTALECER A GOBERNANZA E COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL COA PARTICIPACIÓN ACTIVA E PROPOSITIVA NOS ÓRGANOS RESPONSABLES DE COORDINACIÓN AUTONÓMICOS, NACIONAIS E EUROPEOS DA INVESTIGACIÓN PARA ASEGURAR COHERENCIA ESTRATÉXICA, FINANCIAMENTO E INTEROPERABILIDADE

Descrición Esta acción ten como obxectivo reforzar a **gobernanza, representación institucional e coordinación estratéxica** do Sistema Público de Saúde de Galicia no ecosistema autonómico, estatal e europeo de I+D+i, garantindo unha participación activa e influente nos principais órganos de decisión, planificación e supervisión da investigación sanitaria.

A acción inclúe:

- participación sistemática en órganos nacionais e europeos (AEI, CNIO, CIBER, ISCIII, Investén- CECBE, CIBER, ITEMAS, COSCE, EU-Health),
- coordinación autonómica a través da Comisión Interdepartamental de I+D+i, Foro de Investigación Sanitaria e outras estruturas,
- emisión de posicionamentos técnicos, informes e contribucións estratéxicas,
- aseguramento da execución do gasto público en investigación, segundo o CPX e marcos normativos aplicables.

O fortalecemento da gobernanza interinstitucional é esencial para garantir **coherencia estratéxica, captación de financiamento, interoperabilidade e impacto**.

Reto O reto principal consiste en consolidar unha **posición sólida, estable e recoñecida** de ACIS e do SERGAS nos principais espazos de decisión en investigación, superando limitacións asociadas a:

- fragmentación da representación institucional,
- baixa participación en procesos de decisión estatal/europea,
- escasa visibilidade dos activos científicos galegos,
- necesidade de coordinación horizontal entre departamentos da Xunta,
- crecente complexidade dos procesos de interoperabilidade e aliñamento estratéxico.

A acción busca asegurar que Galicia actúe como **axente proactivo**, influíndo nas políticas de investigación, fortalecendo alianzas e captando oportunidades de financiamento e colaboración.

Responsable /es Director/a Técnico/a da Área de Investigación de ACIS.

Cronograma	2026		2027		2028		2029	
	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒

Duración A acción ten carácter continuo polo dinamismo dos procedementos das axudas nas que o Servizo Galego de Saúde e ACIS participan e poidan participar como beneficiarios, e polo dinamismo inherente ao ámbito da xestión de RRHH.

Indicadores/Resultados esperados ¹	2026	2027	2028	2029
Nº solicitudes de PI/acordos/licenzas tramitadas	40	45	45	≥170 acumulado
Nº actuacións desenvoltas no marco do Programa InTrES	12	12	12	≥48 acumulado
Nº órganos autonómicos, nacionais e europeos nos que ACIS participa activamente	10	10	10	≥40 acumulado



ACCIÓN 3.2.4 FORTALECER A GOBERNANZA E COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL COA PARTICIPACIÓN ACTIVA E PROPOSITIVA NOS ÓRGANOS RESPONSABLES DE COORDINACIÓN AUTONÓMICOS, NACIONAIS E EUROPEOS DA INVESTIGACIÓN PARA ASEGURAR COHERENCIA ESTRATÉXICA, FINANCIAMENTO E INTEROPERABILIDADE

Nº posicionamentos técnicos emitidos por ACIS	6	8	8	≥30 acumulado
% acordos institucionais executados dentro do prazo	80%	82%	83%	≥85%

- (1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual, salvo nos casos que se recolle a indicación de valor acumulado no exercicio 2029 (en que se indica o obxectivo final a acadar, totalizando todo o período).

ACCIÓN 3.2.5 DIXITALIZAR E HARMONIZAR PROCEDEMENTOS CIENTÍFICO-TÉCNICOS, ESTABLECER PROTOCOLOS COMÚNS ACIS-IIS-FUNDACIÓNS PÚBLICAS DE INVESTIGACIÓN E IMPULSAR MEDIDAS PARA A INTEROPERABILIDADE DE PLATAFORMAS DE SOPORTE DA INVESTIGACIÓN COMO O PORTAL DE INVESTIGACIÓN EN SAÚDE E A OFICINA VIRTUAL DO PROFESIONAL (FIDES) PARA QUE OS MÉRITOS DE INVESTIGACIÓN SE REXISTREN E VALIDEN AUTOMATICAMENTE, PERMITINDO UNHA VISUALIZACIÓN CLARA DA TRAXECTORIA INVESTIGADORA E REFORZANDO O SEU IMPACTO REAL EN PROCESOS DE FOMENTO CARREIRA PROFESIONAL

Descrición Esta acción ten como obxectivo avanzar cara a un **ecosistema dixital integrado de investigación**, no que os procedementos científico-técnicos sexan harmonizados, automatizados e interoperables entre ACIS, os IIS e as Fundacións de Investigación do SERGAS.

Inclúe:

- a dixitalización completa de procedementos clave (solicitudes, avales, rexistros, informes),
- a creación de protocolos comúns ACIS-IIS-Fundacións,
- a integración do Portal de Investigación en Saúde con plataformas corporativas como FIDES e Portal da Investigación en Saúde.,
- o **rexistro automático dos méritos de investigación**, garantindo a súa validación e trazabilidade,
- a visualización estandarizada da traxectoria investigadora como soporte á carreira profesional e á avaliación do talento.

O obxectivo último é construír un **sistema unificado de xestión da actividade investigadora**, reducindo cargas administrativas e asegurando información fiable, actualizada e accesible.

Reto O reto principal consiste en superar a **heteroxeneidade e fragmentación dos procedementos e sistemas actuais**, que dificultan:

- a trazabilidade e validación automática de méritos,
- a interoperabilidade entre plataformas,
- a redución de tempos de tramitación,
- a actualización continua da actividade investigadora,
- o uso eficiente dos datos para planificación, seguimento e carreira profesional.

A dixitalización e harmonización permitirán un modelo máis transparente, eficiente, automatizado e orientado ao talento investigador.

Responsable /es Director/a Técnico/a da Área de Investigación de ACIS.

Cronograma	2026		2027		2028		2029	
	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒

Duración A acción ten carácter continuo polo dinamismo dos procedementos das axudas nas que o Servizo Galego de Saúde e ACIS participan e poidan participar como beneficiarios, e polo dinamismo inherente ao ámbito da xestión de RRHH.

Indicadores/Resultados esperados ¹	2026	2027	2028	2029
Nº procedementos ACIS-IIS-Fundacións harmonizados	5	5	5	≥20 acumulado
% méritos de investigación validados automaticamente en FIDES	20%	40%	60%	≥80%



ACCIÓN 3.2.5 DIXITALIZAR E HARMONIZAR PROCEDEMENTOS CIENTÍFICO-TÉCNICOS, ESTABLECER PROTOCOLOS COMÚNS ACIS-IIS-FUNDACIÓNS PÚBLICAS DE INVESTIGACIÓN E IMPULSAR MEDIDAS PARA A INTEROPERABILIDADE DE PLATAFORMAS DE SOPORTE DA INVESTIGACIÓN COMO O PORTAL DE INVESTIGACIÓN EN SAÚDE E A OFICINA VIRTUAL DO PROFESIONAL (FIDES) PARA QUE OS MÉRITOS DE INVESTIGACIÓN SE REXISTREN E VALIDEN AUTOMATICAMENTE, PERMITINDO UNHA VISUALIZACIÓN CLARA DA TRAXECTORIA INVESTIGADORA E REFORZANDO O SEU IMPACTO REAL EN PROCESOS DE FOMENTO CARREIRA PROFESIONAL

Nº integracións Portal de Investigación – Sistemas SERGAS (FIDES, PGDI...)	3	3	3	≥12 acumulado
Nº profesionais con acceso ao rexistro automático	2.000	2.000	2.000	≥8.000 acumulado
Redución do tempo medio de tramitación científico-técnica	10%	20%	30%	≥40%

- (1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual, salvo nos casos que se recolle a indicación de valor acumulado no exercicio 2029 (en que se indica o obxectivo final a acadar, totalizando todo o período).

Obxectivo operativo 3.3: Transferencia e valorización da investigación traslacional.

Promover unha transferencia eficiente e profesionalizada dos resultados da investigación traslacional do Sistema Público de Saúde de Galicia, mediante a creación e consolidación da ACIS como Oficina de Transferencia do Coñecemento (OTC-ACIS)

A transformación dixital da sanidade e a expansión de fontes de datos (historias clínicas electrónicas, rexistros de saúde, biobancos, ómicas, datos de dispositivos e apps, etc.) abren novas oportunidades para a investigación traslacional e para a medicina personalizada, pero tamén esixen:

- infraestruturas técnicas robustas para almacenar, integrar e analizar datos de forma segura;
- capacidades bioinformáticas e estatísticas avanzadas;
- marcos claros de gobernanza, ética e protección de datos;
- metodoloxías que faciliten o paso desde a investigación básica á práctica clínica.

O Obxectivo Operativo 3.3 ten como finalidade consolidar un sistema robusto, profesionalizado e eficiente de transferencia e valorización da investigación sanitaria, cunha visión integral que abarca desde a identificación temperá de resultados ata a súa explotación, transformación en valor asistencial e retorno económico para o Sistema Público de Saúde de Galicia.

ACIS deberá actuar como organismo técnico acreditable en transferencia (OTC-ACIS), liderando un modelo autonómico que integre a xestión da propiedade industrial e intelectual, a valorización de tecnoloxías, a creación de spin-offs, a maduración de activos e a promoción de acordos empresa-investigación.

Este obxectivo reforza a capacidade do sistema sanitario galego para converter coñecemento científico en impacto asistencial e socioeconómico, articulando mecanismos de gobernanza de datos, intelixencia competitiva, colaboración

público-privada e apoio estruturado ao emprendemento científico e á transferencia temperá.

Na seguinte táboa fíxanse os resultados esperados e indicadores do Obxectivo Operativo 3.3 para o período de vixencia do Contrato Plurianual de Xestión:

Acción	Indicador	V ¹	C ¹
3.3.1. Crear e consolidar a Oficina de Transferencia de Coñecemento de ACIS (OTC-ACIS) co fin de constituír unha estrutura acreditable segundo o RD 984/2022, especializada en xestión de PI, TRL, valorización e explotación de resultados.	Posta en marcha operativa da Plataforma Galega de Xestión da Investigación (PLAXIS) (Si/Non)	100%	100%
	Nº de proxectos, convenios e outros trámites de investigación que empregan PLAXIS /ano	≥80 acumulado (20/ano)	
	Tempo medio de tramitación de solicitudes de acceso a datos (días)	≤30 días	
	Nº de integracións de fontes de datos estruturadas e non estruturadas	≥10 integracións	
3.3.2. Profesionalizar a xestión da Propiedade Industrial e Intelectual (PI/PII) cos definición e establecemento de procedementos unificados para comunicación temperá de resultados, protección, custodia, xestión de patentes, software e algoritmos de IA en saúde (propiedade intelectual).	Creación e consolidación de procedementos unificados (Si/Non)	Si (100%)	100%
	Nº de grupos/servizos asistidos pola unidade/ano	≥60 acumulado (15/ano)	
	Nº de divulgacións de invención (disclosures) rexistradas anualmente	≥40 acumulado	
	% de expedientes de PI tramitados segundo procedementos unificados (calidade/procesos)	≥90%	
3.3.3. Tramitación e impulso de contratos de transferencia, licenzas e acordos empresa-investigación co desenvolvemento dun modelo operativo estable para facilitar a valorización e explotación de resultados da investigación e a distribución de retornos.	Nº de proxectos piloto de investigación traslacional baseada en datos (T0–T4) apoiados	≥10 proxectos no período	100%
	Aprobación e implantación dun marco de gobernanza de datos e IA responsable en investigación (Si/Non)	Si (100%)	
	Nº de acordos empresa-investigación asinados (contratos, licenzas, acordos de explotación)	≥20 acordos	
	Ingresos xerados pola explotación de resultados (retornos económicos en €)	≥100.000.€	



Acción	Indicador	V ¹	C ¹
3.3.4. Apoiar a creación e implantación de spin-offs e iniciativas emprendedoras polo persoal investigador do servizo galego de saúde co acompañamento nos procesos de constitución e aprobación dos plans de negocio, viabilidade, participación pública, captación de financiamento así como compatibilidade e autorización da participación dos profesionais sanitarios.	Nº spin-offs acompañadas e/ou constituídas.	≥6	100%
	Nº de informes de viabilidade, e de compatibilidade de participación de persoal estatutario tramitados	≥ 20 informes	
	Nº informes xestionados para a constitución de spin-offs	≥ 30 informes	
	Financiamento captado por spin-offs apoiadas (público/privado)	≥2 M€	
3.3.5. Implementar un sistema de intelixencia competitiva e vixilancia tecnolóxica co obxectivo de realizar análises sistemáticas de tendencias, mercados e necesidades asistenciais para orientar a investigación e a transferencia.	Nº informes de vixilancia tecnolóxica publicados	≥12 informes	100%
	Nº alertas estratéxicas emitidas sobre tendencias, mercados ou necesidades asistenciais	≥40 alertas	
	Tempo medio de actualización das fichas de tecnoloxías emerxentes	≤90 días	
	Nº interaccións con IIS, unidades clínicas e empresas para detección de oportunidades	≥60 interaccións	
3.3.6. Impulsar proxectos piloto de validación traslacional, programas de impulso da valorización e transferencia de resultados da investigación así como apoio na coxestión de programas de colaboración publico-privada que faciliten a transferencia temperá de solucións asistenciais como biomarcadores, algoritmos, ferramentas diagnósticas e modelos predictivos no ámbito clínico.	Nº proxectos piloto de validación (biomarcadores, IA, modelos diagnósticos)	≥15 proxectos	100%
	% proxectos piloto que avanza a fase de avaliación clínica ou precomercialización	≥40%	
	Nº acordos de co-desenvolvemento e validación con empresas tecnolóxicas ou farmacéuticas	≥12 acordos	
	Nº de biomarcadores, algoritmos ou ferramentas diagnósticas avaliadas (T0–T4)	≥25 activos	

V¹: Valor do acumulado do indicador meta no período 2026-2029. C¹: Grao de cumprimento esperado

Accións de desenvolvemento do O.O. 3.3

ACCIÓN 3.3.1 CREAR E CONSOLIDAR A OFICINA DE TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO DE ACIS (OTC-ACIS) CO FIN DE CONSTITUÍR UNHA ESTRUCTURA ACREDITABLE SEGUNDO O RD 984/2022, ESPECIALIZADA EN XESTIÓN DE PI, TRL, VALORIZACIÓN E EXPLOTACIÓN DE RESULTADOS									
Descrición		Esta acción ten como finalidade crear e consolidar a Oficina de Transferencia de Coñecemento de ACIS (OTC-ACIS) como estrutura técnica especializada na xestión da propiedade industrial e intelectual, a valorización de resultados, a maduración tecnolóxica (TRL/CRL) e a explotación de activos de investigación do Sistema Público de Saúde de Galicia. A acción inclúe o despregamento operativo da Plataforma Galega de Xestión da Investigación (PLAXIS) , concibida como o sistema único para xestionar proxectos, convenios, contratos, trámites administrativos e solicitudes de acceso a datos. PLAXIS permitirá harmonizar procedementos, reducir tempos de tramitación e incrementar a calidade, trazabilidade e eficiencia da actividade investigadora. A OTC-ACIS actuará como unidade acreditable conforme ao RD 984/2022 , dotándose de procedementos, capacidades profesionais e ferramentas que garantan unha transferencia profesionalizada, transparente e orientada ao impacto.							
Reto		O principal reto desta acción é configurar unha estrutura autonómica sólida de transferencia, capaz de dar soporte sistemático e profesionalizado ás fases clave da valorización e explotación de resultados de investigación. Ademais, cómpre modernizar e integrar os sistemas de xestión da investigación mediante a Plataforma de Xestión de ACIS (PLAXI). , permitindo reducir burocracia, evitar duplicidades e asegurar a interoperabilidade de datos entre ACIS, IIS, Fundacións públicas de investigación, SERGAS e outras entidades colaboradoras. O reto inclúe tamén establecer procedementos comúns para PI, TRL, protección e custodia de resultados, garantindo cumprimento normativo, calidade técnica e unha capacidade real de captura de valor para o sistema sanitario.							
Responsable /es		Director/aTécnico/a da Área de Investigación de ACIS.							
Cronograma		2026		2027		2028		2029	
		1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S
		☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒
Duración		A acción ten carácter continuo polo dinamismo dos procedementos das axudas nas que o Servizo Galego de Saúde e ACIS participan e poidan participar como beneficiarios, e polo dinamismo inherente ao ámbito da xestión de RRHH.							
Indicadores/Resultados esperados ¹				2026	2027	2028	2029		
Posta en marcha operativa de PLAXIS (Si/Non)				Si (fase 1)	Si (fase 2)	Si (completo)	Si (100%)		
Nº proxectos, convenios e trámites xestionados en PLAXIS				10	20	25	≥80 acumulado		
Tempo medio de tramitación de solicitudes de acceso a datos (días)				45	35	30	≤30		
Nº integracións de fontes de datos estruturadas/non estruturadas				2	4	6	≥10		

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual, salvo nos casos que se recolle a indicación de valor acumulado no exercicio 2029 (en que se indica o obxectivo final a acadar, totalizando todo o período).

ACCIÓN 3.3.2 PROFESIONALIZAR A XESTIÓN DA PROPIEDAD INDUSTRIAL E INTELECTUAL (PI/PII) COS DEFINIÇÃO E ESTABLECIMENTO DE PROCEDEMENTOS UNIFICADOS PARA COMUNICACIÓN TEMPERÁ DE RESULTADOS, PROTECCIÓN, CUSTODIA, XESTIÓN DE PATENTES, SOFTWARE E ALGORITMOS DE IA EN SAÚDE (PROPIEDAD INTELECTUAL)

Descrición Esta acción ten como finalidade profesionalizar e unificar a xestión da Propiedade Industrial e Intelectual (PI/PII) no ecosistema sanitario galego, mediante a definición e implantación dun **marco común de procedementos** que abranxa todo o ciclo de vida dun resultado de investigación: comunicación temperá (disclosure), avaliación tecnolóxica, protección (patentes, copyright, software, algoritmos de IA), custodia, explotación e seguimento posterior.

A acción permitirá dotar a ACIS, como OTC-ACIS, dunha **estrutura sólida e estandarizada**, reducindo variabilidade, acurtando tempos, garantindo calidade e asegurando que os resultados con potencial de valorización se identifican e protexen de forma temperá. Para iso, impulsarase un sistema de acompañamento técnico que prestará servizo a grupos de investigación, servizos asistenciais e persoal clínico con actividade innovadora.

Reto O principal reto consiste en **construír un sistema autonómico profesionalizado de xestión da PI/PII**, que supere a fragmentación actual e permita unha protección eficiente dos resultados xerados no Sistema Público de Saúde de Galicia. Isto require:

- establecer procedementos claros e unificados,
- mellorar a cultura de comunicación temperá de resultados,
- incorporar criterios TRL/CRL desde o inicio,
- adaptar procesos á realidade da investigación baseada en IA e software,
- asegurar a compatibilidade regulatoria e o cumprimento ético-legal,
- e reforzar a capacidade da OTC-ACIS para acompañar á comunidade investigadora.

Este reto é clave para potenciar a valorización e explotación efectiva dos resultados e para incrementar o retorno científico, asistencial e económico.

Responsable/s Director/a Técnico/a da Área de Investigación de ACIS.

Cronograma	2026		2027		2028		2029	
	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒

Duración A acción ten carácter continuo polo dinamismo dos procedementos das axudas nas que o Servizo Galego de Saúde e ACIS participan e poidan participar como beneficiarios, e polo dinamismo inherente ao ámbito da xestión de RRHH.

Indicadores/Resultados esperados ¹	2026	2027	2028	2029
Creación e consolidación de procedementos unificados (Si/Non)	Si (fase 1)	Si (fase 2)	Si (completo)	Si (100%)
Nº grupos/servizos asistidos pola unidade	10	15	20	≥60 acumulado
Nº divulgacións de invención (disclosures) rexistradas	5	10	10	≥40 acumulado
% expedientes PI tramitados segundo procedementos unificados	40%	60%	80%	≥90%

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual, salvo nos casos que se recolle a indicación de valor acumulado no exercicio 2029 (en que se indica o obxectivo final a acadar, totalizando todo o período).

ACCIÓN 3.3.3 TRAMITACION E IMPULSO DE CONTRATOS DE TRANSFERENCIA, LICENZAS E ACORDOS EMPRESA-INVESTIGACIÓN CO DESENVOLVEMENTO DUN MODELO OPERATIVO ESTABLE PARA FACILITAR A VALORIZACIÓN E EXPLOTACIÓN DE RESULTADOS DA INVESTIGACIÓN E A DISTRIBUCIÓN DE RETORNOS

Descrición Esta acción ten como obxectivo impulsar un **modelo operativo estable de transferencia e valorización**, que permita transformar os resultados da investigación do Sistema Público de Saúde de Galicia en innovacións con impacto asistencial, científico e económico. Isto inclúe a tramitación técnica e xurídica de **contratos de transferencia, licenzas de explotación, acordos de co-desenvolvemento, colaboración con empresas, e modelos de distribución de retornos**, garantindo seguridade xurídica, coherencia procedimental e cumprimento normativo.

Ademais, prestarase apoio á posta en marcha de **proxectos piloto de investigación traslacional baseada en datos (T0–T4)**, facilitando o seu avance a fases de validación clínica e precomercialización. A acción inclúe tamén o desenvolvemento e implantación dun **marco de gobernanza de datos e IA responsable en investigación**, fundamental para asegurar o uso ético, seguro e transparente dos datos e algoritmos.

Reto O reto principal consiste en **incrementar a capacidade de transferencia efectiva** do ecosistema sanitario, pasando dun modelo reactivo a un modelo estruturado, profesionalizado e proactivo que:

- facilite a relación sistemática entre grupos de investigación e empresas,
- proporcione mecanismos áxiles e seguros para tramitar contratos, licenzas e acordos,
- garanta a explotación ordenada dos resultados protexidos,
- asegure a distribución equilibrada dos retornos,
- e permita que Galicia avance cara a un sistema de investigación orientado ao impacto.

Nun contexto crecente de investigación baseada en datos e IA, cómpre ademais consolidar marcos de gobernanza que dean seguridade técnica e ética e permitan avanzar en proxectos traslacionais complexos.

Responsable Director/a Técnico/a da Área de Investigación de ACIS.

Cronograma	2026		2027		2028		2029	
	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒

Duración A acción ten carácter continuo polo dinamismo dos procedementos das axudas nas que o Servizo Galego de Saúde e ACIS participan e poidan participar como beneficiarios, e polo dinamismo inherente ao ámbito da xestión de RRHH.

Indicadores/Resultados esperados ¹	2026	2027	2028	2029
Nº proxectos piloto de investigación traslacional baseada en datos (T0–T4) apoiados	2	3	3	≥10 acumulado
Aprobación e implantación do marco de gobernanza de datos e IA (Si/Non)	Si (deseño)	Si (implantación 1ª fase)	Si (avaliación)	Si (100%)
Nº acordos empresa-investigación asinados (contratos, licenzas, acordos de explotación)	3	5	6	≥20 acumulado
Ingresos xerados pola explotación de resultados (€)	10.000 €	25.000 €	30.000 €	≥100.000 € acumulado

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual, salvo nos casos que se recolle a indicación de valor acumulado no exercicio 2029 (en que se indica o obxectivo final a acadar, totalizando todo o período).

ACCIÓN 3.3.4 APOIAR A CREACIÓN E IMPLANTACIÓN DE SPIN-OFFS E INICIATIVAS EMPRENDEDORAS POLO PERSOAL INVESTIGADOR DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE CO ACOMPAÑAMENTO NOS PROCESOS DE CONSTITUCIÓN E APROBACIÓN DOS PLANS DE NEGOCIO, VIABILIDADE, PARTICIPACIÓN PÚBLICA, CAPTACIÓN DE FINANCIAMENTO ASÍ COMO COMPATIBILIDADE E AUTORIZACIÓN DA PARTICIPACIÓN DOS PROFESIONAIS SANITARIOS

Descrición Esta acción ten como finalidade impulsar a creación de **spin-offs e proxectos emprendedores** baseados en resultados de investigación sanitaria, proporcionando un acompañamento técnico integral ao persoal investigador durante todas as fases do proceso: análise de viabilidade, elaboración de plans de negocio, definición de modelos de participación pública, xestión de trámites legais, captación de financiamento e tramitación das autorizacións necesarias para o persoal estatutario implicado.

O apoio estrutural de ACIS permitirá crear un **ecosistema emprendedor sólido** que favoreza a transferencia temperá, a valorización tecnolóxica e a xeración de novas iniciativas empresariais innovadoras asociadas ao ámbito da saúde. Isto reforza o papel do SERGAS e de ACIS como axentes clave na promoción de emprendemento científico de alto valor engadido.

Reto O principal reto consiste en **incrementar a capacidade de xeración, maduración e implantación de spin-offs** dentro do Sistema Público de Saúde de Galicia, nun contexto no que:

- os procesos de constitución empresarial requiren asesoramento especializado,
- é necesaria a avaliación rigorosa da viabilidade e modelo de negocio,
- cómpre asegurar o cumprimento da normativa de participación pública,
- é imprescindible tramitar compatibilidades e autorizacións de profesionais sanitarios,
- e resulta clave facilitar o acceso ao financiamento público e privado.

Superar estes retos permitirá transformar resultados de investigación en solucións viables de mercado, con potencial de impacto clínico, social e económico.

Responsable /es Director/a Técnico/a da Área de Investigación de ACIS.

Cronograma	2026		2027		2028		2029	
	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒

Duración A acción ten carácter continuo polo dinamismo dos procedementos das axudas nas que o Servizo Galego de Saúde e ACIS participan e poidan participar como beneficiarios, e polo dinamismo inherente ao ámbito da xestión de RRHH.

Indicadores/Resultados esperados ¹				2026	2027	2028	2029
Nº spin-offs acompañadas e/ou constituídas				1	2	2	≥6 acumulado
Nº informes de viabilidade e compatibilidade tramitados				5	5	5	≥20 acumulado
Nº informes xestionados para constitución de spin-offs				8	8	8	≥30 acumulado
Financiamento captado por spin-offs apoiadas (€)				200.000 €	500.000 €	600.000 €	≥2 M€ acumulado

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual, salvo nos casos que se recolle a indicación de valor acumulado no exercicio 2029 (en que se indica o obxectivo final a acadar, totalizando todo o período).

ACCIÓN 3.3.5 IMPLEMENTAR UN SISTEMA DE INTELIXENCIA COMPETITIVA E VIXILANCIA TECNOLÓXICA CO OBXECTIVO DE REALIZAR ANÁLISES SISTEMÁTICAS DE TENDENCIAS, MERCADOS E NECESIDADES ASISTENCIAIS PARA ORIENTAR A INVESTIGACIÓN E A TRANSFERENCIA

Descrición Esta acción ten como finalidade poñer en marcha un **sistema estruturado de intelixencia competitiva e vixilancia tecnolóxica**, integrado na OTC-ACIS, que permita anticipar tendencias científicas, tecnolóxicas e de mercado, identificar oportunidades emerxentes e achegar información estratéxica para a toma de decisións en investigación e transferencia.

Inclúe a elaboración periódica de informes de vixilancia tecnolóxica, emisión de alertas estratéxicas, análise das necesidades asistenciais e creación de fichas de tecnoloxías emerxentes. O sistema apoiará a priorización de liñas de investigación, o impulso de proxectos traslacionais e a detección temperá de solucións con potencial impacto asistencial ou comercial.

Reto O principal reto consiste en **incorporar unha capacidade analítica avanzada e sistemática** que permita ao Sistema Público de Saúde de Galicia:

- anticiparse ás tendencias de alto impacto (biomarcadores, IA, diagnóstico, terapias avanzadas),
- identificar tecnoloxías emerxentes e necesidades asistenciais non cubertas,
- orientar a planificación da investigación e da transferencia cara aos ámbitos de maior valor,
- reforzar as alianzas con IIS, unidades clínicas e empresas,
- apoiar a toma de decisións baseada en evidencia estratéxica.

Nun contexto de aceleración tecnolóxica, esta capacidade convértese nun **elemento central para garantir competitividade, impacto e sustentabilidade**.

Responsable/s Director/a Técnico/a da Área de Investigación de ACIS.

Cronograma	2026		2027		2028		2029	
	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
								

Duración A acción ten carácter continuo polo dinamismo dos procedementos das axudas nas que o Servizo Galego de Saúde e ACIS participan e poidan participar como beneficiarios, e polo dinamismo inherente ao ámbito da xestión de RRHH.

Indicadores/Resultados esperados ¹	2026	2027	2028	2029
Nº informes de vixilancia tecnolóxica publicados	3	3	3	≥12 acumulado
Nº alertas estratéxicas emitidas	10	10	10	≥40 acumulado
Tempo medio de actualización das fichas de tecnoloxías emerxentes	120 días	100 días	90 días	≤90 días
Nº interaccións con IIS, unidades clínicas e empresas	10	15	20	≥60 acumulado

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual, salvo nos casos que se recolle a indicación de valor acumulado no exercicio 2029 (en que se indica o obxectivo final a acadar, totalizando todo o período).

ACCIÓN 3.3.6 IMPULSAR PROXECTOS PILOTO DE VALIDACIÓN TRASLACIONAL, PROGRAMAS DE IMPULSO DA VALORIZACIÓN E TRANSFERENCIA DE RESULTADOS DA INVESTIGACIÓN ASÍ COMO APOIO NA COXESTIÓN DE PROGRAMAS DE COLABORACIÓN PÚBLICO-PRIVADA QUE FACILITEN A TRANSFERENCIA TEMPERÁ DE SOLUCIÓNS ASISTENCIAIS COMO BIOMARCADORES, ALGORITMOS, FERRAMENTAS DIAGNÓSTICAS E MODELOS PREDICTIVOS NO ÁMBITO CLÍNICO

Descrición Esta acción busca acelerar a translación efectiva dos resultados de investigación ao ámbito asistencial mediante o impulso de proxectos piloto de validación traslacional en áreas prioritarias como biomarcadores, intelixencia artificial, ferramentas diagnósticas, medicina personalizada ou modelos predictivos. Inclúe o acompañamento técnico e regulatorio durante as fases T0–T4, a coordinación con unidades clínicas para avaliar a aplicabilidade real das solucións, e a coxestión de programas de colaboración público-privada que favorezan o co-desenvolvemento e validación con empresas tecnolóxicas, farmacéuticas e de dispositivos médicos. O obxectivo é crear un camiño estruturado de maduración que permita que os resultados de investigación do sistema sanitario avancen cara á súa validación clínica, á súa incorporación en procesos asistenciais ou á súa explotación no mercado.

Reto O principal reto desta acción consiste en converter resultados científicos en solucións validadas con aplicabilidade clínica real, superando as barreiras habituais da translación, entre elas:

- falta de procedementos estruturados para avanzar de T0 a T4,
- dificultade para conectar grupos de investigación con unidades clínicas,
- ausencia de itinerarios estables de co-desenvolvemento con empresas,
- complexidade regulatoria e ética no uso de datos e algoritmos clínicos,
- e necesidade de financiamento específico para validación preclínica e validación en contorno asistencial.

Superar este reto reforza a capacidade do sistema sanitario galego para innovar con impacto, acurtando o ciclo desde o descubrimento ata a práctica clínica. Ao tempo que permitirá transformar resultados de investigación en solucións viables de mercado, con potencial de impacto clínico, social e económico.

Responsable /es Director/a Técnico/a da Área de Investigación de ACIS.

Cronograma	2026		2027		2028		2029	
	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
								

Duración A acción ten carácter continuo polo dinamismo dos procedementos das axudas nas que o Servizo Galego de Saúde e ACIS participan e poidan participar como beneficiarios, e polo dinamismo inherente ao ámbito da xestión de RRHH.

Indicadores/Resultados esperados ¹	2026	2027	2028	2029
Nº proxectos piloto de validación traslacional (biomarcadores, IA, modelos diagnósticos)	3	4	4	≥15 acumulado
% proxectos piloto que avanza a fase de avaliación clínica ou precomercialización	20%	30%	35%	≥40%
Nº acordos de co-desenvolvemento e validación con empresas tecnolóxicas ou farmacéuticas	3	3	3	≥12 acumulado



ACCIÓN 3.3.6 IMPULSAR PROXECTOS PILOTO DE VALIDACIÓN TRASLACIONAL, PROGRAMAS DE IMPULSO DA VALORIZACIÓN E TRANSFERENCIA DE RESULTADOS DA INVESTIGACIÓN ASÍ COMO APOIO NA COXESTIÓN DE PROGRAMAS DE COLABORACIÓN PÚBLICO-PRIVADA QUE FACILITEN A TRANSFERENCIA TEMPERÁ DE SOLUCIÓNS ASISTENCIAIS COMO BIOMARCADORES, ALGORITMOS, FERRAMENTAS DIAGNÓSTICAS E MODELOS PREDICTIVOS NO ÁMBITO CLÍNICO

Nº biomarcadores, algoritmos ou ferramentas diagnósticas avaliadas (T0–T4)	5	7	8	≥25 acumulado
--	---	---	---	---------------

- (1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual, salvo nos casos que se recolle a indicación de valor acumulado no exercicio 2029 (en que se indica o obxectivo final a acadar, totalizando todo o período).

Eixo 4. Innovación

Neste Eixo 4 preténdese impulsar a innovación no Sistema Público de Saúde de Galicia.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4: CULTURA INNOVADORA, TRANSFERENCIA DE RESULTADOS, INNOVACIÓN ABERTA E INTERNACIONALIZACIÓN

Antecedentes e diagnóstico de situación

A innovación fai posible que o coñecemento xerado no ecosistema de saúde chegue ao paciente, en forma de novas técnicas de diagnóstico e tratamento e fórmulas asistenciais avanzadas; e ao mercado xerando beneficios económicos que reverten en mais recursos para o Servizo Galego de Saúde.

A Axencia Galega de Coñecemento en Saúde participa neste proceso cunha visión innovadora que integra a todos os axentes do sistema sanitario -dende os profesionais ata os provedores-, que recolle as mellores prácticas a nivel internacional e que se alía cos partners máis afíns aos intereses de Galicia neste eido.

Os proxectos de innovación promovidos pola ACIS achegan solucións orientadas:

- á promoción da saúde;
- á prevención;
- á abordaxe da cronicidade;
- á autoxestión e o autocoidado da doenza;
- á implantación de medidas que aseguren a continuidade asistencial;
- ao pulo dun modelo aberto coa participación do profesionais, provedores e pacientes;
- á adopción de metodoloxías axeitadas de avaliación de impacto en saúde e en custo;
- ao aproveitamento das vantaxes das TIC para achegar os servizos e apostar polo fogar como lugar de atención;
- e á xestión de fórmulas avanzadas para o envellecemento activo e saudable

Prioridades: A estratexia da ACIS no eido da innovación dá prioridade:

- Á transferencia dos resultados científicos xerados nos laboratorios dos hospitais a través dos institutos e das fundacións de investigación sanitaria e ao proceso de transformación dixital do sistema público de saúde.
- Ás ideas para a mellora continua achegadas polos profesionais do Servizo Galego de Saúde con base na súa experiencia, e demais axentes do ecosistema de saúde (cuádrupla hélice), a través de novas dinámicas de innovación aberta coma a rede de nodos de innovación ou os *living labs*.
- Ás iniciativas de compra pública innovadora para adoptar solucións novas adaptadas ás necesidades concretas do Sistema Galego de Saúde.
- O establecemento de redes de intercambio a nivel internacional e realización de proxectos conxuntos con entidades de referencia en Europa.

Aliñamento co Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 e coa Estratexia Galega de Saúde 2030

No Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 o obxectivo estratéxico de innovación encaixa no Eixe1 (O reto demográfico) aliñándose coa prioridade (PA) e co obxectivo (OE) seguintes:

- PA 1.4.:Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade.
 - O.E. 1.4.6.: Fomentar a I+D+i no Sistema Público de Saúde de Galicia dirixida as necesidades dos e das pacientes co obxectivo de mellorar a súa atención e a transferencia dos resultados á sociedade.

Recolléndose, entre as liñas de acción estratéxicas deste OE, impulsar un proceso de innovación aberto e internacionalización tanto das actividades de investigación como de transferencia.

Así mesmo, tamén se aliña, dentro do Eixe 3 (Competitividade e crecemento) do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, coa prioridade (PA) e co obxectivo (OE) seguintes:

- PA 3.1.: Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas

- OE 3.1.1.: Fomentar o investimento en I+D+i no sector empresarial, dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado reforzando a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, avanzar na especialización a través da priorización en ámbitos estratéxicos para Galicia, impulsando o liderado empresarial, especialmente das PEMES , na transformación das ideas innovadoras en produtos e servizos de alto valor engadido, xeradores de crecemento, emprego e benestar. Apoiar o talento emprendedor en todos os eidos (xeración, atracción e retención). Mellorar a xestión administrativa e as sinerxías vinculadas a procesos ou instrumentos de apoio á I+D+i e incrementar a eficiencia na xestión dos recursos dispoñibles a partires da avaliación do seu rendemento.

Recolléndose, entre as liñas de acción estratéxicas deste OE:

- Reforzar a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, especialmente coas empresas (PEMES de xeito prioritario).
- Promoción da cultura innovadora e de emprendemento. Concienciar á sociedade dos beneficios da investigación e a innovación, integrando a perspectiva de xénero. Apostar por unha I+D+i de impacto, máis social e responsable, por e para as persoas.
- Internacionalización da I+D+i galega e interconexión cos ecosistemas europeos. Necesidade de inserirnos nas cadeas de valor europeas.

Polo que se refire á **Estratexia Galega de Saúde 2030**, no Programa 16 (Innovación sanitaria en rede) propónse establecer un modelo de gobernanza do sistema que impulse os proxectos de investigación traslacional, consolide a rede de nodos de innovación sanitaria e estimule mecanismos de compra innovadora e por resultados, para a abordaxe de retos complexos.

Entre os Obxectivos operativos deste programa o O5.3 busca incentivar e fortalecer as capacidades de innovación do sistema sanitario a través de modelos avanzados de cooperación. Entre as liñas de actuación deste programa se atopan as seguintes:

L16.1 Establecer estruturas de gobernanza que reforcen a vertebración e coordinación das capacidades dedicadas á investigación e innovación en saúde.

L16.6 Consolidar e impulsar a Rede de nodos de innovación sanitaria.

L16.7 Desenvolver os mecanismos de compra innovadora e de compra por valor e resultados para retos de alta complexidade.

Por outra banda no Programa 17 da Estratexia (Cadea de valor biosanitaria e impulso en I+D+i) se pretende estimular o I+D+i traslacional no ecosistema galego de saúde e posicionalo como referente en saúde de vangarda, sendo capaz maximizar a captación de fondos e talento investigador e reforzando estratexias innovadoras para potenciar a investigación biomédica promovendo a colaboración público-privada.

Entre os Obxectivos operativos deste programa o O5.3 propón incentivar e fortalecer as capacidades de innovación do sistema sanitario a través de modelos avanzados de cooperación. Entre as liñas de actuación deste programa se atopa a seguinte:

L17.4 Establecer unha axenda de innovación en retos de saúde a abordar a través da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, aliñada a nivel autonómico, nacional e europeo.

Obxectivo Estratéxico e Obxectivos Operativos

O Eixo 4: INNOVACIÓN desenvólvese a través do "Obxectivo Estratéxico 4: CULTURA INNOVADORA, TRANSFERENCIA DE RESULTADOS, INNOVACIÓN ABERTA E INTERNACIONALIZACIÓN" con sete Obxectivos Operativos.

Obxectivo operativo 4.1: Promover a cultura de innovación entre os profesionais sanitarios, dinamizar e dar soporte ás relacións entre os centros de investigación, o tecido empresarial e demais axentes de I+D+i

Este obxectivo persegue promover e divulgar o coñecemento científico e tecnolóxico en Galicia, fomentando o interese pola investigación, o desenvolvemento e a innovación no ámbito sanitario, así como a través de congresos e reunións de carácter científico e de especialistas no sector sanitario.

O reto é lograr o establecemento dunha verdadeira cultura innovadora en todo o Sistema Público de Saúde, a través dun modelo de xestión aberto e participativo de iniciativas innovadoras, favorecendo a participación de todos os profesionais sanitarios e a súa divulgación á sociedade galega, ademais de desenvolver un modelo de traballo para potenciar a innovación biomédica con impacto no progreso social e no desenvolvemento económico da nosa comunidade, ademais da sustentabilidade do sistema sanitario pola entrada de retornos da explotación dos resultados da investigación biomédica.

Fíxanse para o Obxectivo Operativo 4.1 os resultados esperados que se reflicten na seguinte táboa para o período de vixencia do Contrato Plurianual de Xestión:

Acción	Indicador	V ¹	C ¹
4.1.1. Dinamizar e coordinar a rede de Nodos de innovación e a Plataforma de Innovación Sanitaria	Nº de propostas ao Plan de formación en materia de innovación	4	100%
	Nº de eventos/congresos anuais dos nodos de innovación	4	
	Nº de reunións dos coordinadores de nodos de innovación	16	
	Nº de ideas/proxectos a recibir a través da Plataforma	20	
	Posta en marcha de ideas/proxectos seleccionados (Nº)	8	
4.1.2. Por en marcha a convocatoria anual dos Premios de innovación en saúde no Sistema Público de saúde de Galicia	Convocatoria Premio de innovación (Nº)	4	100%
	Nº de ideas/proxectos a recibir nos nodos de innovación	80	
	Organización acto de entrega dos Premios de innovación (Nº)	4	
	Apoios para a posta en marcha de ideas/proxectos seleccionados (Nº)	16	
4.1.3. Promover accións de divulgación do coñecemento científico e tecnolóxico, o desenvolvemento e innovación no ámbito sanitario en colaboración cos axentes do ecosistema de innovación	Nº accións co CSG	8	100%
	Nº accións con BIOGA	8	
	Nº accións con outros axentes de apoio (GAIN, Universidades)	8	
	Nº eventos de divulgación organizados/ coa participación da ACIS	12	

V¹: Valor do acumulado do indicador meta no período 2026-2029. C¹: Grao de cumprimento esperado

Accións de desenvolvemento do O.O. 4.1

ACCIÓN 4.1.1		DINAMIZAR E COORDINAR A REDE DE NODOS DE INNOVACIÓN E A PLATAFORMA DE INNOVACIÓN SANITARIA							
Descrición		A Plataforma de Innovación Sanitaria, en marcha dende 2010, é unha ferramenta transversal da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde cuxo obxectivo último é xestionar os resultados de innovación sanitaria enmarcados nun modelo de “innovación aberta” e “innovación social”. ACIS coordina, desde a súa posta en funcionamento en 2015, a plataforma. No cadro desta iniciativa en 2014 impulsouse unha rede de “Nodos de innovación”, unha ferramenta en mans das xerencias das áreas sanitarias para dar soporte cun enfoque integral ó proceso de innovación na área, desde a captación de ideas ata a xestión dos seus resultados. A dinamización da rede realízase dende a área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria e consiste na captación, análise e avaliación de ideas, así como o soporte á súa implantación ou desenvolvemento cando se materializan os proxectos. Aos nodos calquera profesional, usuario ou axente externo pode achegar propostas de mellora para o sistema sanitario. Ademais dende os nodos realízanse tarefas de dinamización, formación e promoción de proxectos de innovación sanitaria que partan desde os profesionais. No 2025 a Xunta formaliza a creación da Rede de nodos de Innovación sanitaria mediante Decreto 25/2025, do 7 de abril, polo que se crea a Rede de nodos de innovación sanitaria e se establece a súa composición, organización e funcións.							
Reto		Consolidar a rede de Nodos de Innovación como ferramenta de mellora continua do Sistema Público de Saúde de Galicia.							
Responsable/es		Director/a da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.							
Cronograma		2026		2027		2028		2029	
		1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S
		☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒
Duración		A dinamización da rede de nodos de innovación ten carácter continuo para o período 2026-2029.							
Indicadores/Resultados esperados¹		2026		2027		2028		2029	
☒ N° de propostas ao Plan de formación en materia de innovación		1		1		1		1	
☒ N° de eventos/congresos anuais dos nodos de innovación		1		1		1		1	
☒ N° de reunións dos coordinadores de nodos de innovación		4		4		4		4	
☒ N° de ideas/proxectos a recibir a través da Plataforma		5		5		5		5	
☒ Posta en marcha de ideas/proxectos seleccionados (Nº)		2		2		2		2	

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.



ACCIÓN 4.1.2 POÑER EN MARCHA A CONVOCATORIA ANUAL DOS PREMIOS DE INNOVACIÓN EN SAÚDE NO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA								
Descrición	No 2019 coa finalidade de impulsar a participación dos pacientes e profesionais sanitarios na Plataforma de Innovación convocouse a primeira edición dos premios de innovación en saúde, unha iniciativa que pretende ser permanente de carácter anual.							
Reto	Lograr a participación nos Premios anuais de innovación en saúde e a involucración da rede de Nodos.							
Responsable/es	Director/a da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.							
Cronograma	2026		2027		2028		2029	
	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒
Duración	Carácter anual para o período 2026-2029.							
Indicadores/Resultados esperados¹	2026		2027		2028		2029	
☒ Convocatoria Premio de innovación (Nº)	1		1		1		1	
☒ Nº de ideas/proxectos a recibir nos nodos de innovación	20		20		20		20	
☒ Organización acto de entrega dos Premios de innovación (Nº)	1		1		1		1	
☒ Apoios para a posta en marcha de ideas/proxectos seleccionados (Nº)	4		4		4		4	

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

ACCIÓN 4.1.3

PROMOVER E PARTICIPAR EN ACCIÓNS DE DIVULGACIÓN DO COÑECEMENTO CIENTÍFICOS E TECNOLÓXICO, O DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN NO ÁMBITO SANITARIO EN COLABORACIÓN COS AXENTES DO ECOSISTEMA DE INNOVACIÓN

Descrición

ACIS, xunto co Servizo Galego de Saúde, os institutos de investigación biomédica e as fundacións sanitarias, funciona como núcleo do ecosistema galego de coñecemento en saúde. Ademais a Consellería de Sanidade conta dende o 2013 co Consello para a Innovación en Materia Sanitaria, como órgano de carácter permanente e consultivo no cal participan persoas de relevancia en materia de innovación en saúde.

Neste ecosistema, o papel da ACIS é promover, dinamizar e dar soporte ás relacións entre os centros de investigación, o tecido empresarial e os axentes de apoio (Clúster Saúde de Galicia, Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida de Galicia BIOGA, Axencia Galega de Innovación GAIN, Universidades, etc.) para garantir a adecuada circulación do coñecemento e a súa posta en valor de cara ao paciente e ao mercado.

Esta acción persegue promover e divulgar o coñecemento científico e tecnolóxico en Galicia, fomentando o interese polo investigación, o desenvolvemento e a innovación no ámbito sanitario, así como a través de congresos e reunións de carácter científico e de especialistas no sector sanitario. Son numerosas as accións nas que participamos ou colaboramos directamente como os foros anuais de Transferencia dos resultados da I+D+i, Biotecnoloxía, ou Compra Pública Innovadora entre outros. Participamos tamén na medición e/ou na colaboración da elaboración de estratexias galegas de innovación, biotecnoloxía, economía circular ou de especialización intelixente RIS3.

Reto

Fomentar o interese pola innovación no ámbito sanitario, participando na elaboración e implantación de estratexias de I+D+i no ámbito da saúde.

Responsable/es

Director/a da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.

Cronograma

2026	2027	2028	2029
1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
☒	☒	☒	☒

Duración

Promover e participar en accións de divulgación científica e o desenvolvemento e innovación sanitaria ten carácter continuo para o período 2026-2029.

Indicadores/Resultados esperados¹

	2026	2027	2028	2029
☒ N° accións co CSG	2	2	2	2
☒ N° accións con BIOGA	2	2	2	2
☒ N° accións con outros axentes de apoio (GAIN, Universidades)	2	2	2	2
☒ N° eventos de divulgación organizados/ coa participación da ACIS	3	3	3	3

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

Obxectivo operativo 4.2: Promover proxectos de I+D+i en Intelixencia Artificial en coordinación coa Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información

A Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información da Consellería de Sanidade lidera a transformación dixital do Sistema Público de Saúde de Galicia, transformando e evolucionando o modelo de atención aos cidadáns co apoio necesario dos profesionais sanitarios, permitindo dar resposta aos retos do sector e da poboación.

Un dos obxectivos do Sistema Público de Saúde é favorecer o tránsito cara un verdadeiro proceso de transformación dixital aproveitando as oportunidades que ofrece a intelixencia artificial ou a *big data*. Para facilitar esta transformación é necesario apoiar e promover as actividades de investigación científica, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación en intelixencia artificial e outras tecnoloxías dado o seu alto impacto e capacidade de disrupción, e por ser estratéxico para o desenvolvemento e transformación dixital no Servizo Galego de Saúde.

Para levar a cabo o obxectivo conxunto a Axencia Galega de Coñecemento en Saúde participa e/ou lidera proxectos dende o ano 2021 como *TARTAGLIA* para a creación dunha rede federada de intelixencia artificial para acelerar a investigación sanitaria; ou no 2025 como *ImageDataSpace* para a creación dun espazo de datos para a investigación e desenvolvemento de novos produtos baseados en imaxe médica. Estes proxectos se enmarcan dentro de programas nacionais de misións de I+D+i en Intelixencia artificial e da Estratexia Nacional de Intelixencia artificial e son financiados pola Unión Europea.

Fíxanse para o Obxectivo Operativo 4.2 os resultados esperados que se reflicten na seguinte táboa para o período de vixencia do Contrato Plurianual de Xestión:

Acción	Indicador	V ¹	C ¹
4.2.1. Coordinar e executar o proxecto ImageDataSpace – Espazo de datos para a investigación e desenvolvemento de novos produtos baseados en imaxe médica	Nº de reunións de coordinación do proxecto co Ministerio	3	100%
	Nº casos de uso desenvolvidos	3	
	Nº entregables do proxecto	14	

V¹: Valor do acumulado do indicador meta no período 2026-2029. C¹: Grao de cumprimento esperado

Accións de desenvolvemento do O.O. 4.2

ACCIÓN 4.1.3		COORDINAR E EXECUTAR O PROXECTO IMAGEDATASPACE – ESPAZO DE DATOS PARA A INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE NOVOS PRODUTOS BASADOS EN IMAXE MÉDICA							
Descrición		O proxecto xorde da necesidade de aproveitar o vasto potencial que ofrecen as imaxes médicas dixitais para mellorar a atención sanitaria e fomentar a innovación en saúde en España. Así, ImageDataSpace creará un espazo de datos federado especializado en imaxes médicas, que permitirá o desenvolvemento e validación de novos produtos (modelos de intelixencia artificial ou sistemas de axuda á decisión) sen comprometer a privacidade nin a seguridade dos datos clínicos. ImageDataSpace ten un orzamento de 445.938 euros e enmárcase no Plan de recuperación, transformación e resiliencia-Next Generation EU (Programa Espazos de Datos Sectoriais) na convocatoria de 2024 para a concesión de axudas, no ámbito da dixitalización, para a transformación dixital dos sectores produtivos estratéxicos mediante a creación de demostradores e casos de uso de Espazos de Compartición de Datos.							
Reto		Impulsar a investigación científica, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación en Intelixencia Artificial.							
Responsable/es		Director/a da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.							
Cronograma		2026		2027		2028		2029	
		1 ^{er} S	2º S	1 ^{er} S	2º S	1 ^{er} S	2º S	1 ^{er} S	2º S
		☒	☒						
Duración		O proxecto ten unha duración máxima ata o 2026.							
Indicadores/Resultados esperados ¹				2026	2027	2028	2029		
☒ Nº de reunións de coordinación do proxecto co Ministerio				3					
☒ Nº casos de uso desenvolvidos				3					
☒ Nº entregables do proxecto				14					

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

Obxectivo operativo 4.3: Promover a transferencia dos resultados da investigación biomédica cos Institutos de Investigación Sanitaria

A investigación biomédica no Sistema Público de Saúde de Galicia está estruturada en torno a tres Institutos de Investigación Sanitaria (IIS): Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña (INIBIC), Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS) e o Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur (IISGS). O sistema xera un número moi significativo de patentes ao ano, algunha delas con alto potencial de valor para o sector privado e para os pacientes. Nos últimos anos en Galicia constituíronse varias empresas de base tecnolóxica e asináronse acordos de valorización con varias entidades privadas. A transferencia dos resultados de investigación contribúe a sustentabilidade da investigación biomédica galega e ao mesmo tempo abre o camiño para que os pacientes se poidan beneficiar dos resultados da investigación.

Fíxanse para o Obxectivo Operativo 4.3 os resultados esperados que se reflicten na seguinte táboa para o período de vixencia do Contrato Plurianual de Xestión:

Acción	Indicador	V ¹	C ¹
4.3.1. Promover e executar un Programa de Desenvolvemento Precomercial dos Resultados da Investigación Sanitaria (PRIS)	Nº proxectos apoiados no PRIS-T	12	100%
	Nº proxectos apoiados no PRIS-5P	10	
	Nº eventos de divulgación organizados/participados sobre transferencia	3	

V¹: Valor do acumulado do indicador meta no período 2026-2029. C¹: Grao de cumprimento esperado

Accións de desenvolvemento do O.O. 4.3

ACCIÓN 4.3.1 PROMOVER E EXECUTAR UN PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO PRECOMERCIAL DOS RESULTADOS DA INVESTIGACIÓN SANITARIA (PRIS)								
Descrición		A finalidade do Programa de desenvolvemento precomercial dos resultados de investigación do Sistema público de saúde (PRIS) é transformar o coñecemento, o esforzo e os recursos da I+D+i biosanitaria en valor económico e social, orientando os esforzos cara a liñas de alta capacidade de transferencia que xeren retornos sustentables de alto impacto. O Programa PRIS pretende impulsar a profesionalización da xestión da I+D+i biomédica dotándoa de servizos de alto valor engadido: protección de resultados de investigación e xestión da propiedade intelectual e industrial, valorización, estudos de prospectiva, avaliación das tecnoloxías, creación de empresas de base tecnolóxica (spin-off), procura de licenciarios a nivel nacional e internacional, asesoramento xurídico en acordos de transferencia de tecnoloxías, captación de investimento privado (capital risco e businessangels). No 2024, no marco do proxecto Interreg España-Portugal comezou un Programa de Desenvolvemento Precomercial dos Resultados de Investigación do Sistema público de saúde Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal (PRIS-T) dotado con 500.000 e duración ata o 2026. No 2026 está prevista a posta en marcha dun programa similar baseado no marco do Plan de innovación sanitaria en medicina 5P PRECISAÚDE, denominado Programa de Desenvolvemento Precomercial dos Resultados de Investigación do Sistema público de saúde en medicina 5P (PRIS-5P) ata o 2028.						
Reto		Avanzar na cadea de valor, reducindo o tempo de chegada ao mercado dos resultados da investigación e incrementando o potencial comercial dos resultados xerados polos investigadores sanitarios						
Responsable/es		Director/a da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.						
Cronograma		2026		2027		2028		2029
		1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S 2 ^o S
		☒	☒	☒	☒	☒	☒	
Duración		PRIS-T ata o 2026 / PRIS-5P ata o 2028.						
Indicadores/Resultados esperados¹		2026		2027		2028		2029
☒ N° proxectos apoiados no PRIS-T		12						
☒ N° proxectos apoiados no PRIS-5P						10		
☒ N° eventos de divulgación organizados/participados sobre transferencia		1		1		1		

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

Obxectivo operativo 4.4: Coordinar programas de Compra Pública Innovadora e garantir a posición de liderado a nivel europeo e nacional

Este obxectivo persegue a promoción da innovación aberta axudando a canalizar as innovacións e iniciativas do sector privado con potencial para mellorar o sistema sanitario galego. A Compra Pública Innovadora (CPI) posicionouse como principal ferramenta para a promoción da innovación aberta na Servizo Galego de Saúde. Gracias a CPI, empresas e centros tecnolóxicos desenvolven tecnoloxías que responden a retos sanitarios do noso Sistema. Cómpre neste sentido sinalar a experiencia do Servizo Galego de Saúde dende 2010 con iniciativas como InnovaSaúde, Hospital 2050 (H2050) e Código 100, casos de éxito xa concluídos e recoñecidos de pulo á innovación dende a administración co obxectivo combinado de dinamizar o mercado e de mellorar a prestación de servizos públicos, tanto na modalidade de compra pública precomercial como na de compra pública de tecnoloxías innovadoras.

Os primeiros recoñecementos chegaron da man dos proxectos InnovaSaúde e Hospital 2050 co 2º Premio Europeo de Compra Pública Innovadora (Procurement of Innovation Award 2015) da Comisión Europea e o Premio Nacional de Innovación 2013, na modalidade de Compra Pública Innovadora. No 2021, o Servizo Galego de Saúde logra ser gañador dos I Premios Europeos á Contratación Pública de Innovación do Consello Europeo de Innovación (EIC), nunha candidatura onde se recolleu a traxectoria e os proxectos en execución nese momento como Código 100, Innova MicroLab ou INNOVATRIAL.

Co aval do coñecemento e a experiencia acumulados grazas a estas iniciativas, o Servizo Galego de Saúde da man da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde continúa con ambiciosos proxectos como o Plan de Innovación Sanitaria en medicina 5P PRECISAÚDE dotado con 20 millóns de euros ata o 2028 ou proxectos europeos de compra pública precomercial como REHEAL no eido da sustentabilidade e circularidade das cadeas de subministro dotado con máis de 7 millóns de euros.

Fíxanse para o Obxectivo Operativo 4.4 os resultados esperados que se reflicten na seguinte táboa para o período de vixencia do Contrato Plurianual de Xestión:

Acción	Indicador	V ¹	C ¹
4.4.1. Xestionar e coordinar o Plan de Innovación Sanitaria en medicina 5P -	Nº de pregos CPI redactados	8	
	Nº de proxectos en execución	8	100%
	Nº de eventos de difusión	3	



Acción	Indicador	V ¹	C ¹
PRECISAUDE en nome do Servizo Galego de Saúde	Nº xustificacións económico-técnicas co Ministerio	3	100%
	Nº de pregos CPI redactados	1	
4.4.2. Xestionar e coordinar o proxecto de Compra Pública Precomercial REHAL no eido da sustentabilidade e circularidade das cadeas de subministro co Servizo Galego de Saúde	Nº de proxectos en execución	2	
	Nº de eventos organizados/participados de difusión da CPP	5	100%
4.4.3. Contribuír ao despregamento e o seguimento das solucións desenvolvidas no proxecto INNOVATRIAL a través do acordo entre o Servizo Galego de Saúde e o Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI)	Nº de reunións de seguimento do acordo de cesión dos prototipos co CDTI	4	
	Nº de reunións co grupo de traballo formado pola SX Sistemas e os Institutos de Investigación	4	
	Nº de portais desenvolvidos/actualizados e/ou manuais en CPI en saúde	8	100%
4.4.4. Posicionar ao Servizo Galego de Saúde como entidade a nivel nacional e europeo referente en Compra Pública Innovadora e establecer un modelo de xestión dos DPIs e retornos económicos derivados	Nº de eventos organizados/participados sobre a CPI en saúde	8	
	Nº de estudos /actuacións realizadas para o establecemento dun modelo de xestión dos DPIs e retornos económicos da CPI	8	

V¹: Valor do indicador meta no período 2026-2029. C¹: Grao de cumprimento esperado.

Accións de desenvolvemento do O.O. 4.4

ACCIÓN 4.4.1		XESTIONAR E COORDINAR O PLAN DE INNOVACIÓN SANITARIA EN MEDICINA 5P – PRECISAÚDE EN NOME DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE							
Descrición	PRECISAÚDE céntrase na aplicación de técnicas de diagnóstico e tratamento específicas para cada paciente tendo en conta as súas características individuais, mellorando a súa calidade de vida e reducindo os seus efectos secundarios. Esta novo paradigma de atención Sanitaria chamada Medicina 5P, está baseada na personalización de tratamentos e terapias ás características de cada paciente, a prevención de enfermidades e promoción de estilos de vida saudables, a predición para anticipar factores de risco, a participación activa da cidadanía no ambiente sanitario e o enfoque nas necesidades de saúde da poboación. Dado que a medicina 5P constitúe un enfoque amplo, o plan de innovación PRECISAÚDE céntrase ao redor de catro ámbitos de actuación prioritarios: - Solucións innovadoras baseadas en biomarcadores: orientados ao diagnóstico precoz, a detección de recorrencias e o cribado do cancro; a anticipar a resposta a tratamentos nutricionais para a obesidade, así como a avanzar no diagnóstico temperán e o seguimento de trastornos mentais. - Sistemas de simulación innovadores: para aplicar novas técnicas hemodinámicas para o tratamento da parada cardio-respiratoria e de ECMO así como do tratamento de feridas crónicas. - Solucións para a análise xenómica avanzada: integrando a análise e a etiquetaxe automatizada de datos xenómicos con minería de datos para a detección de patróns en relación aos datos clínicos dos pacientes. - Solucións innovadoras de terapias avanzadas: para o desenvolvemento de terapia xénica e celular, pretendendo dispoñer de novas inmunoterapias celulares avanzadas que dean resposta a problemas de saúde non cubertos polas necesidades do mercado. Tamén aspira a desenvolver unha plataforma de xestión da produción de terapias avanzadas a través de sistemas innovadores O proxecto conta cun orzamento de 20 millóns de euros financiado nun 60% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) dentro do Programa operativo Plurirrexional de España (POPE) 2014-2020 no marco da convocatoria FID-CPI do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades.								
Reto	Desenvolvemento de solucións innovadoras no eido da medicina 5P para o Sistema público de saúde de Galicia.								
Responsable/es	Director/a da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.								
Cronograma	2026		2027		2028		2029		
	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S	
	☒	☒	☒	☒	☒	☒			



ACCIÓN 4.4.1

**XESTIONAR E COORDINAR O PLAN DE INNOVACIÓN SANITARIA EN MEDICINA
5P – PRECISAÚDE EN NOME DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

Duración

A execución do proxecto prolongarase ata o 2028.

Indicadores/Resultados esperados ¹	2026	2027	2028	2029
☒ N° de pregos CPI redactados	8			
☒ N° de proxectos en execución		8	8	
☒ N° de eventos de difusión	1	1	1	
☒ N° xustificacións económico-técnicas co Ministerio	1	1	1	

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.



ACCIÓN 4.4.2

XESTIONAR E COORDINAR O PROXECTO DE COMPRA PÚBLICA PRECOMERCIAL REHEAL NO EIDO DA SUSTENTABILIDADE E CIRCULARIDADE DAS CADEAS DE SUMINISTRO CO SERVIZO GALEGRO DE SAÚDE

Descrición

REHEAL reúne hospitais, provedores, investigadores e responsables políticos para deseñar e probar solucións innovadoras que fagan que as cadeas de subministración sanitarias sexan máis circulares, resilientes e climáticamente neutras a través da modalidade de Compra Pública Precomercial.

Os Grupos de Compradores Locais (GLC) son a pedra angular do proceso de innovación de REHEAL. Hai cinco GLC, situados en Escocia, Galicia (España), Dinamarca, Grecia e Polonia, que xuntos representan a máis de 260 hospitais, 300.000 profesionais sanitarios e 17 millóns de cidadáns. Cada GLC funciona como un centro de innovación rexional, reunindo xestores de compras sanitarias, actores da cadea de subministración e partes interesadas locais para codeseñar, probar e perfeccionar solucións prácticas de compra circular.

O valor estimado da licitación CPP ascende a : 3.750.000 euros financiados ao 100% pola Comisión Europea.

Reto

Desenvolvemento de solucións innovadoras no eido da sustentabilidade e circularidade das cadeas de subministro.

Responsable/es

Director/a da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.

Cronograma	2026		2027		2028		2029	
	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒

Duración

A execución do proxecto prolongarase ata o 2029.

Indicadores/Resultados esperados¹

	2026	2027	2028	2029
☒ N° de pregos CPI redactados	1			
☒ N° de proxectos en execución		2	2	2
☒ N° de eventos organizados/participados de difusión da CPP	2	1	1	1

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.



ACCIÓN 4.4.3 CONTRIBUIR AO DESPREGAMENTO E O SEGUIMENTO DAS SOLUCIÓN DESENVOLVIDAS NO PROXECTO INNOVATRIAL A TRAVÉS DO ACORDO ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CENTRO PARA EL DESARROLLO TECNOLÓGICO INDUSTRIAL (CDTI)								
Descrición	A Axencia Galega de Coñecemento en Saúde puxo en marcha en 2020 xunto co Centro para en Desarrollo Tecnológico Industrial CDTI o reto tecnolóxico de busca de solucións innovadoras no eido da xestión dos estudos de investigación biomédica e en ciencias da saúde a través da modalidade de Compra Pública Precomercial cun orzamento de 12 millóns de euros. Trátase de solucións innovadoras que sirvan de ferramenta de apoio para a xestión de todo o proceso desde o inicio ata a finalización dos estudos de investigación biomédica e en ciencias da saúde. Finalizado o proxecto no 2025 co desenvolvemento de dous prototipos plenamente funcionais foron cedidos á Administración pública colaboradora que neste caso é o Servizo Galego de Saúde para a súa validación e posible despregamento.							
Reto	Contribuír á validación a gran escala e despregamento dunha solución comercial baseada nos resultados da CPP de INNOVATRIAL.							
Responsable/es	Director/a da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria							
Cronograma	2026		2027		2028		2029	
	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
Duración	O acordo entre o Servizo Galego de Saúde e o CDTI establece un máximo 5 anos, ata o 2030.							
Indicadores/Resultados esperados ¹		2026	2027	2028	2029			
☒	Nº de reunións de seguimento do acordo de cesión dos prototipos co CDTI	1	1	1	1			
☒	Nº de reunións co grupo de traballo formado pola SX Sistemas e os Institutos de Investigación	1	1	1	1			

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

ACCIÓN 4.4.4		POSICIONAR AO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE COMO ENTIDADE A NIVEL NACIONAL E EUROPEO REFERENTE EN COMPRA PÚBLICA INNOVADORA E ESTABLECER UN MODELO DE XESTIÓN DOS DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL E RETORNOS ECONÓMICOS DERIVADOS							
Descrición		O vangardista modelo de compra pública innovadora promovido polo Servizo Galego de Saúde foi pioneiro no seu momento en España e é na actualidade un referente a nivel europeo. Mobilizados máis de 140 millóns de euros, deseñadas licitacións en tódalas modalidades de CPI (CPTI, CPP e AI) e con solucións despregadas tanto no sistema público como comercializadas a nivel nacional e europeo é momento de facer balance do impacto da CPI en Galicia e no sistema público de saúde. Proponse despregar un portal informativo da CPI buscando colaboracións a nivel nacional e europeo no marco tamén da estratexia de CPI da Xunta de Galicia para contribuír ao coñecemento en CPI dende a experiencia propia. Proponse ademais conxuntamente coa Consellería de Facenda o establecemento dun modelo de xestión dos Dereitos de Propiedade Intelectual e retornos económicos derivados da CPI.							
Reto		Posicionar ao Servizo Galego de Saúde como referente nacional e europeo en CPI e establecemento dun modelo de retornos económicos da CPI.							
Responsable/es		Director/a da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria							
Cronograma		2026		2027		2028		2029	
		1 ^{er} S	2º S	1 ^{er} S	2º S	1 ^{er} S	2º S	1 ^{er} S	2º S
		☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒
Duración		O posicionamento do SERGAS como líder na CPI ten carácter continuo para o período 2026-2029.							
Indicadores/Resultados esperados ¹		2026		2027		2028		2029	
☒	Nº de portais desenvolvidos/actualizados e/ou manuais en CPI en saúde	2		2		2		2	
☒	Nº de eventos organizados/participados sobre a CPI en saúde	2		2		2		2	
☒	Nº de estudos /actuacións realizadas para o establecemento dun modelo de xestión dos DPIs e retornos económicos da CPI	1		1		1		1	

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

Obxectivo operativo 4.5: Promover a innovación aberta impulsada polos usuarios no Sistema Sanitario no marco da rede de Living Labs de Saúde de Galicia (LABSAÚDE)

A innovación aberta é un compoñente fundamental do Sistema Europeo de innovación, onde todas as partes interesadas deben de participar e crear unha interacción fluída e combinar as ideas dos sistemas de innovación. Baséase no modelo de Cuádrupla Hélice onde as administracións públicas, a industria, a academia e a sociedade traballan xuntos para co-crear o futuro e impulsar cambios estruturais máis aló do alcance do que calquera organización ou persoa podería facer só.

A participación dos usuarios no proceso de innovación favorece o desenvolvemento de bens e servizos máis acorde ás súas necesidades. Os *Living Lab* constitúen unha aproximación á innovación aberta impulsada polos usuarios, creando unha contorna para a co-creación e experimentación coa activa participación dos usuarios desde etapas temperás do ciclo de innovación.

Con este obxectivo, o Servizo Galego de Saúde puxo en marcha no 2020 a Rede de *Living Labs* de Saúde de Galicia (LABSAÚDE), comezando a súa andaina a través do *Living Lab* de Ourense e continuado o traballo mediante a creación do *Living Lab* de Vigo no 2025. LABSAÚDE xorde como mecanismo facilitador para a creación e posta en marcha de proxectos innovadores nunha contorna na que interactúan múltiples axentes, para dar resposta a necesidades reais detectadas no Sistema de Saúde de Galicia.

Fíxanse para o Obxectivo Operativo 4.5 os resultados esperados que se reflicten na seguinte táboa para o período de vixencia do Contrato Plurianual de Xestión:

Acción	Indicador	V ¹	C ¹
4.5.1 Despregar e desenvolver a Rede de Living Labs de Saúde de Galicia (LABSAÚDE)	Nº de proxectos executados no Living Lab de Vigo no marco da segunda convocatoria	10	100%
	Nº de convenios de colaboración a asinar para o desenvolvemento de proxectos modelo Living Lab	13	
	Nº de eventos/formación organizados/participados sobre o modelo Living Lab	4	

V¹: Valor do indicador meta no período 2026-2029. C¹: Grao de cumprimento esperado.

Accións de desenvolvemento do O.O. 4.5

ACCIÓN 4.5.1		DESPREGAR E DESENVOLVER A REDE DE LIVING LABS DE SAÚDE DE GALICIA (LABSAÚDE)							
Descrición		Os Living Labs promoven un modelo de colaboración público privada para o desenvolvemento dun espazo de "co-produción e co-deseño" no que as empresas poden deseñar e testar os seus produtos en colaboración con profesionais e pacientes. Para levar á práctica esta iniciativa é necesario incorporar metodoloxías de traballo que satisfagan as motivacións de todos os actores involucrados (comunidades de pacientes, profesionais sanitarios e empresas). Ao mesmo tempo é necesario un equipo humano que guíe o proceso. A primeira convocatoria de selección de proxectos foi no ano 2020 para o Living Lab de saúde de Ourense, a segunda no 2025 para o Living Lab de Vigo situado no Hospital Meixoeiro. Neste último hospital se realizaron unhas obras de adaptación de espazos para dotalos de salas de experimentación e testeo. Máis aló das iniciativas de constitución formal dos Living Labs como espazos de experimentación e testeo, o modelo Living Lab de LABSAÚDE abrangue iniciativas de testeo e co-creación no eido de programas ou proxectos de innovación/europeos que se pretenden continuar a apoiar mediante convenios de colaboración e asesoramento sobre regulación dos DPIs, posibles incompatibilidades con axudas de estado e aprobación dos pertinentes comités de ética da investigación.							
Reto		Consolidación e desenvolvemento da Rede de Living Labs de Saude de Galicia.							
Responsable/es		Director/a da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.							
Cronograma		2026		2027		2028		2029	
		1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
		☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒
Duración		A consolidación e desenvolvemento da Rede de Living Labs de Saude de Galicia ten carácter continuo para o período 2026-2029.							
Indicadores/Resultados esperados ¹		2026		2027		2028		2029	
☒ N° de proxectos executados no Living Lab de Vigo no marco da segunda convocatoria		10							
☒ N° de convenios de colaboración a asinar para o desenvolvemento de proxectos modelo Living Lab		10		1		1		1	
☒ N° de eventos/formación organizados/participados sobre o modelo Living Lab		1		1		1		1	

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

Obxectivo operativo 4.6: Promover a internacionalización do Sistema Público de Saúde de Galicia a través de redes europeas relevantes de innovación

Este obxectivo persegue a promoción da innovación que se está a realizar no sistema sanitario a nivel internacional, principalmente promovendo a participación en redes e relacións de intercambio de coñecemento para ter ao alcance outras experiencias de ámbito europeo /global.

O Sistema público de saúde galego a través da ACIS é membro dende o 2020 de redes como o Instituto Europeo de Innovación e Tecnoloxía (EIT) ou a European Network of Living Labs (ENoLL), a federación internacional que agrupa os mellores Living Labs de Europa e do mundo. Preténdese continuar a posicionar Galicia en redes de referencia coma a Regions for Health Network (RHN) da Organización Mundial da Saúde (OMS) ou EUREGHA a rede de referencia para administracións sanitarias rexionais e locais europeas.

A ACIS busca tamén compartir e posicionar a Galicia como referente internacional con intercambios de coñecemento como os Twinings, seminarios temáticos con outras rexións europeas como Escocia ou Gales en Reino Unido onde compartimos estratexias comúns. E xunto con Servizo Galego de Saúde compartimos iniciativas europeas como a New European Bauhaus, unha iniciativa creativa e interdisciplinar que abre un espazo de encontro para deseñar futuros xeitos de vivir e se sitúa na encrucillada entre arte, cultura, inclusión social, ciencia e tecnoloxía. A iniciativa leva o Pacto Verde Europeo aos lugares onde vivimos e chama a un esforzo colectivo por imaxinar e construír un futuro sostible, inclusivo e fermoso para a mente e para a alma de todos. O Servizo Galego de Saúde foi seleccionado pola Comisión Europea como socio desta iniciativa, único servizo de saúde europeo que figura como socio. O Obxectivo pretende continuar a traballar no intercambio de coñecemento a nivel internacional con novas iniciativas.

Neste obxectivo inclúense tamén a galardóns e distincións de referencia europea coma a European Innovation Partnership on Active and Healthy Ageing (EIP on AHA), onde a Comisión Europea recoñeceu a Galicia como Reference Site con catro estrelas, das catro posibles, nas súas últimas dúas edicións que se celebran cada tres anos.

No eido de recoñecementos e premios, destaca o galardón do Consello Europeo de Innovación (EIC) onde recoñeceu ao SERGAS como gañador dos I Premios Europeos á Contratación Pública de Innovación (EUIPAwards) no 2021. O SERGAS a través da ACIS tamén logrou recoñecementos como os PROCURA + Awards, RegioStars ou o premio europeo á Adopción de Solucións Innovadoras da Comisión. O obxectivo é continuar a presentación de candidaturas de alto recoñecemento e nivel europeo e internacional.

Fíxanse para o Obxectivo Operativo 4.6 os resultados esperados que se reflicten na seguinte táboa para o período de vixencia do Contrato Plurianual de Xestión:

Acción	Indicador	V¹	C¹
4.6.1 Garantir a posición de liderado de Galicia na rede do European Innovation Partnership on Active and Healthy Ageing (EIP on AHA).	Nº de reunións internacionais da rede nas que se participará	8	100%
	Nº de participación en iniciativas da rede.	4	
4.6.2 Posicionar a Galicia no Consorcio do European Institute of Innovation and Technology (EIT Health Spain)	Nº de reunións do consorcio nas que se participará	12	100%
	Nº de actividades/accións de difusión	4	
4.6.3 Posicionar a Galicia na Rede Europea de Living Labs (ENoLL)	Nº de reunións internacionais do consorcio nas que se participará.	8	100%
	Nº de actividades/accións de difusión	4	

V¹: Valor do acumulado do indicador meta no período 2026-2029. C¹: Grado de cumprimento esperado.

Accións de desenvolvemento do O.O. 4.6

ACCIÓN 4.6.1		GARANTIR A POSICIÓN DE LIDERADO DE GALICIA NA REDE DO EUROPEAN INNOVATION PARTNERSHIP ON ACTIVE AND HEALTHY AGEING (EIP on AHA)							
Descrición		O Sistema Sanitario Galego foi recoñecido pola rede EIP on AHA en 2019 como “reference site” de 4 estrelas (das 4 posibles), revalidando dito fito no ano 2022 o que ven a confirmar que o noso Sistema sanitario ofrece valor engadido e probado para os cidadáns no ámbito do envellecemento. A rede do EIP on AHA inclúe a mais de 70 rexións de toda Europa. Galicia foi recoñecida por esta rede como rexión de referencia con 4 estrelas polo seu traballo a favor da promoción dun envellecemento saudábel. Esta candidatura obriga a un traballo permanente en varios ámbitos e proxectos relacionados coa promoción da innovación para unha mellor xestión da poboación envellecida.							
Reto		Manter a posición de liderado de Galicia no EIP on AHA a través do recoñecemento como rexión de referencia europea en envellecemento activo e saudábel.							
Responsable/es		Director/a da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.							
Cronograma		2026		2027		2028		2029	
		1 ^{er} S	2º S	1 ^{er} S	2º S	1 ^{er} S	2º S	1 ^{er} S	2º S
									
Duración		O numero de estrelas é avaliado cada tres anos, pero o traballo necesario para manter a posición de líder en innovación é continuo para o período 2026-2029.							
Indicadores/Resultados esperados ¹		2026		2027		2028		2029	
	Nº de reunións internacionais da rede nas que se participará	2		2		2		2	
	Nº de participación en iniciativas da rede.	1		1		1		1	

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.



ACCIÓN 4.6.2		POSICIONAR A GALICIA NO CONSORCIO DP EUROPEAN INSTITUTE OF INNOVATION AND TECHNOLOGY (EIT HEALTH SPAIN)							
Descrición		EIT Health é o maior organismo europeo para a innovación en saúde e ten como misión acelerar o emprendemento e a innovación en vida saudable e envellecemento activo, proporcionando novas oportunidades e recursos para o beneficio de todos os cidadáns. A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) é socio do nodo EIT Health Spain con efectos 1 de xaneiro 2020, xunto con outras entidades de toda España, -entre elas universidades, empresas, centros de investigación, hospitais e centros tecnolóxicos- todas elas líderes no seu sector e comprometidas coa innovación en saúde e o seu impacto na mellora da calidade de vida dos cidadáns.							
Reto		Acelerar o emprendemento e a innovación en vida saudable e envellecemento activo, proporcionando novas oportunidades e recursos para o beneficio de todos os cidadáns.							
Responsable/es		Director/a da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.							
Cronograma		2026		2027		2028		2029	
		1 ^{er} S	2º S	1 ^{er} S	2º S	1 ^{er} S	2º S	1 ^{er} S	2º S
									
Duración		Manter a posición de liderado dentro do consorcio EIT Health para o período 2025-2029.							
Indicadores/Resultados esperados ¹		2026		2027		2028		2029	
	Nº de reunións do consorcio nas que se participará	3		3		3		3	
	Nº de actividades/accións de difusión	1		1		1		1	

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.



ACCIÓN 4.6.3 POSICIONAR A GALICIA NA REDE EUROPEA DE LIVING LABS (ENOLL)

Descrición

A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) en representación da Rede de Living Labs de Saúde de Galicia (LABSAÚDE) é dende o 1 de setembro de 2020 membro oficial da federación internacional da ENoLL. Fundada en novembro de 2006 baixo a Presidencia Europea de Finlandia, esta rede Internacional de Living Labs está presente nos cinco continentes ademais de Europa. Ata o momento, a rede consta de máis de 300 Living Labs de todo o mundo. Despois dun exhaustivo proceso de solicitude e revisión, o comité avaliador da ENoLL determinou que LABSAÚDE e a súa formulación metodolóxica cumpren cos requisitos necesarios.

Reto

Internacionalización da Rede de Living Labs de Saúde de Galicia (LABSAÚDE).

Responsable/es

Director/a da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.

Cronograma	2026		2027		2028		2029	
	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒

Duración

Búscase manter a rede LABSAÚDE relacionada ás mellores prácticas e experiencias a nivel europeo/global durante o período 2025-2029.

Indicadores/Resultados esperados ¹	2026	2027	2028	2029
☒ N° de reunións internacionais do consorcio nas que se participará.	2	2	2	2
☒ N° de actividades/accións de difusión	1	1	1	1

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

Obxectivo operativo 4.7: Promover a internacionalización a través do liderado e participación en proxectos europeos de innovación

A participación de proxectos europeos aporta novos coñecementos para avanzar na sustentabilidade do sistema, así como o acceso a unha rede de contactos mais ampla proxectando tamén cara o exterior as capacidades e potencialidades do Sistema Galego de Saúde. A través dos proxectos europeos entrase en contacto con mais empresas innovadoras, mais centros tecnolóxicos e de I+D+i que poden dar resposta a demandas do noso sistema e tamén permite o desenvolvemento de proxectos en colaboración con outras administracións sanitarias de ámbito europeo.

No eido dos proxectos europeos ACIS conta cunha gran experiencia con proxectos pasados e presentes logrados en convocatorias de proxectos de carácter rexional como: Interreg Europe, Interreg SUDOE ou Interreg España-Portugal; convocatorias do programa marco da UE como: H2020, Horizon Europe nas modalidades de Research and Innovation Action (RIA), Coordination and Support Action (CSA) ou Pre-Commercial Procurement (PCP); ou programas marco de saúde como EU4Health con Accións Conxuntas (Joint Actions).

As temáticas varían en función dos proxectos, en moitos casos complementarios as accións expostas nos obxectivos operativos anteriores de innovación coma: boas prácticas en atención primaria, novos modelos de financiamento dos servizos públicos de saúde, living labs de saúde, transferencia dos resultados da investigación biomédica, compra pública innovadora, economía circular no eido dos téxtiles médicos e nas cadeas de subministro, xenómica, redes de innovación sanitaria, redes de oncoloxía, exoesqueletos vinculados á política social, cardioloXía ou oncoloxía radioterápica.

Trátase en moitos dos casos de proxectos colaborativos con outros departamentos da Consellería de Sanidade e dos Institutos de Investigación Sanitaria. Apoiamos tamén ás Fundacións públicas de investigación con aqueles trámites necesarios no nome do Servizo Galego de Saúde para a correcta xestión e desenvolvemento dos proxectos.

Fíxanse para o Obxectivo Operativo 4.7 os resultados esperados que se reflicten na seguinte táboa para o período de vixencia do Contrato Plurianual de Xestión:



Acción	Indicador	V ¹	C ¹
4.7.1 Executar o proxecto CIRCE xunto coa Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria	Nº de reunións do consorcio	10	100%
	Nº de talleres e conferencias organizadas/participadas	1	
	Nº de boas prácticas a transferir	1	
	Nº de xustificacións económico-técnicas	1	
4.7.2 Executar o proxecto Invest4Health	Nº de reunións do consorcio	8	100%
	Nº de talleres e conferencias organizadas/participadas	1	
	Nº de modelos de financiamento en validación/estudo	1	
	Nº de xustificacións económico-técnicas	1	
4.7.3. Executar o proxecto Innov4life xunto coa área sanitaria de Vigo	Nº de reunións do consorcio	8	100%
	Nº de talleres e conferencias organizadas/participadas	1	
	Nº de proxectos de testeo no living lab captados/en execución	10	
	Nº de xustificacións económico-técnicas	1	
4.7.4 Coordinar e executar o proxecto TRANSFIRESAÚDE	Nº de reunións do consorcio	8	100%
	Nº de talleres e conferencias organizadas/participadas	2	
	Nº de proxectos de valorización/transferencia apoiados/en apoio	12	
	Nº de xustificacións económico-técnicas	1	
4.7.5 Coordinar e executar o proxecto HERCULES	Nº de reunións do consorcio	30	100%
	Nº de talleres e conferencias organizadas/participadas	5	
	Nº de boas prácticas a transferir /a coñecer	6	
	Nº de xustificacións económico-técnicas	6	
4.7.6 Executar o proxecto JA Personalised Cancer Medicine xunto coa Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria	Nº de reunións do consorcio	12	100%
	Nº de talleres e conferencias participadas	4	
	Nº de xustificacións económico-técnicas	4	
4.7.7 Executar o proxecto CEMTex co Servizo Galego de Saúde	Nº de reunións do consorcio	36	100%
	Nº de talleres e conferencias organizadas/participadas	7	
	Nº de boas prácticas a transferir /a coñecer	7	
	Nº de xustificacións económico-técnicas	8	
4.7.8 Executar o proxecto REHEAL xunto co Servizo Galego de Saúde	Nº de pregos CPI / proxectos en execución	3	100%
	Nº de eventos organizados/participados	8	
	Nº de xustificacións económico-técnicas	4	
4.7.9 Contribuir á execución do proxecto MAG-SUDOE coa Fundación Pública de Medicina Xenómica e a FIDIS	Nº de reunións do consorcio	5	100%
	Nº de talleres e conferencias participadas	3	



Acción	Indicador	V ¹	C ¹
4.7.10 Coordinar e executar o proxecto INTEGRASAÚDE	Nº de reunións do consorcio	24	100%
	Nº de talleres e conferencias organizadas/participadas	6	
	Nº de proxectos de innovación apoiados/en apoio	10	
	Nº de xustificacións económico-técnicas	3	
4.7.11 Executar o proxecto EQUIO xunto coa Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria	Nº de reunións do consorcio	24	100%
	Nº de talleres, conferencias e formacións organizadas/participadas	6	
	Nº actuacións transfronteirizas da CCCN	6	
	Nº de xustificacións económico-técnicas	3	
4.7.12 Executar o proxecto EXOCARE xunto coa área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, área sanitaria de Vigo, e a Consellería de Política Social	Nº de reunións do consorcio	24	100%
	Nº de talleres, conferencias e formacións organizadas/participadas	6	
	Nº proxectos apoiados /en execución	6	
	Nº de xustificacións económico-técnicas	3	
4.7.13 Executar o proxecto estratéxico NEW HEALTH xunto coa Fundación Pública Galega de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	Nº de reunións do consorcio	24	100%
	Nº de talleres, conferencias e formacións organizadas/participadas	6	
	Nº proxectos apoiados /en execución mediante incubadoras	3	
	Nº de xustificacións económico-técnicas	3	
4.7.14 Executar o proxecto JA SAMIRA xunto coa Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria e GALARIA EPSS	Nº de reunións do consorcio	20	100%
	Nº de talleres, conferencias e formacións organizadas/participadas	4	
	Nº de xustificacións económico-técnicas	4	

V¹: Valor do acumulado do indicador meta no período 2026-2029. C¹: Grado de cumprimento esperado.

Accións de desenvolvemento do O.O. 4.7

ACCIÓN 4.7.1		EXECUTAR O PROXECTO CIRCE XUNTO COA DIRECCIÓN XERAL DE ASISTENCIA SANITARIA							
Descrición		O proxecto CIRCE <i>Joint Action Transfer of Best Practices in Primary Care</i> está destinado á transferencia e implantación de boas prácticas na atención primaria. O proxecto o conforman un total de 49 socios entre os que destacan servizos de saúde, organizacións e entidades afiliadas de 14 Estados membros. A súa finalidade é transferir e implantar boas prácticas levadas a cabo na atención primaria de 4 estados membros (Bélxica, España, Portugal e Eslovenia) entre os 12 países participantes restantes. As boas prácticas obxecto de transferencia foron seleccionadas pola Comisión Europea na convocatoria lanzada en decembro de 2020. No caso de Galicia seleccionouse modelo de teleasistencia a través da plataforma TELEA. Esta iniciativa europea ten unha duración de 3 anos nos que se levan a cabo diversas actividades destinadas a fomentar o intercambio de coñecementos, tales como workshops, visitas e desprazamentos de persoal, cursos, programas de formación, etc. Ademais, desenvolveranse actividades piloto que replicarán as boas prácticas para monitorizar a súa posible implantación nos sistemas sanitarios dos socios interesados. O orzamento total do proxecto son 12.218.074 de euros.							
Reto		Compartir o sistema de teleasistencia galego con rexións europeas.							
Responsable/es		Director/a da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.							
Cronograma	2026		2027		2028		2029		
	1 ^{er} S	2º S	1 ^{er} S	2º S	1 ^{er} S	2º S	1 ^{er} S	2º S	
	☒	☒							
Duración		O proxecto executarase ata o 2026.							
Indicadores/Resultados esperados ¹			2026	2027	2028	2029			
☒	Nº de reunións do consorcio		10						
☒	Nº de talleres e conferencias organizadas/participadas		1						
☒	Nº de boas prácticas a transferir		1						
☒	Nº de xustificacións económico-técnicas		1						

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

ACCIÓN 4.7.2 EXECUTAR O PROXECTO INVEST4HEALTH

Descrición

O proxecto europeo Invest4Health *Mobilising novel finance models for health promotion and disease prevention*, está destinado a incentivar novos modelos de financiamento para a promoción da saúde e a prevención de enfermidades.

O proxecto Invest4Health enmárcase dentro das accións de investigación e innovación (RIA) de Horizonte Europa e ten por finalidade garantir o acceso a unha asistencia sanitaria innovadora, sostible e de calidade, promovendo novos modelos de financiamento para os sistemas sanitarios.

A acción Invest4Health está coordinada pola rexión sueca de Skåne e conta ca participación dun total de 18 entidades de 8 países, e ten unha duración de 3 anos e medio (42 meses).

Galicia colabora na definición conxunta das necesidades; validar enfoques e propostas; comunicar, difundir e participar nas actividades que se leven a cabo; e aportar a súa experiencia como comprador público de solucións innovadoras. O orzamento total do proxecto son 5.500.000 de euros.

Reto

Compartir e coñecer novos modelos de financiamento innovadores dos sistemas públicos de saúde.

Responsable/es

Director/a da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.

Cronograma	2026		2027		2028		2029	
	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
	☒	☒						

Duración

O proxecto executarase ata o 2026.

Indicadores/Resultados esperados ¹	2026	2027	2028	2029
☒ N° de reunións do consorcio	8			
☒ N° de talleres e conferencias organizadas/participadas	1			
☒ N° de modelos de financiamento en validación/estudo	1			
☒ N° de xustificacións económico-técnicas	1			

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

ACCIÓN 4.7.3

EXECUTAR O PROXECTO INNOV4LIFE XUNTO COA ÁREA SANITARIA DE VIGO

Descrición

O proxecto europeo transfronteirizo Innov4life *Ecosistema transfronteirizo de innovación colaborativa en saúde*, pretende o desenvolvemento e mellora das capacidades de investigación e innovación e a asimilación de tecnoloxías avanzadas cunha duración de 3 anos aproximadamente e un total de sete socios da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

O cambio demográfico é un reto social mundialmente recoñecido e ben documentado. Calcúlase que a elevada demanda de servizos e de asistencia sanitaria debida ao envellecemento da poboación, acompañado dunha elevada carga de enfermidades crónicas, incrementa o gasto sanitario e social. A Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal é especialmente vulnerable, cunhas taxas de envellecemento moi superiores á media europea.

Para afrontar este problema, é preciso establecer modelos de prestación de coidados máis sustentables como parte dun proceso de Transformación Dixital coa consecuente mellora da eficacia, da accesibilidade e a resiliencia dos sistemas de asistencia sanitaria a través solucións para manter a saúde dos cidadáns, mesmo cando o acceso presencial á atención médica non se atope dispoñible, en especial en persoas que padecen algún tipo de dexeneración cognitiva ou quen coide destas persoas. Deste xeito, Innov4life centrarase na cocreación, apoio ao desenvolvemento, validación e promoción de solucións dixitais innovadoras e disruptivas sendo este proxecto a primeira iniciativa de creación dunha rede transfronteiriza de Living Labs especializados en saúde dixital mediante servizos de validación de solucións dixitais centradas nas demencias e na dexeneración cognitiva. O orzamento total do proxecto son 1.563.283 de euros.

Reto

Consecución dun living lab transfronteirizo entre Galicia e Norte do Portugal no eido da saúde.

Responsable/es

Director/a da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.

Cronograma	2026		2027		2028		2029	
	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
	☒	☒						

Duración

O proxecto executarase ata o 2026.

Indicadores/Resultados esperados ¹	2026	2027	2028	2029
☒ N° de reunións do consorcio	8			
☒ N° de talleres e conferencias organizadas/participadas	1			
☒ N° de proxectos de testeo no living lab captados/en execución	10			
☒ N° de xustificacións económico-técnicas	1			

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

ACCIÓN 4.7.4 COORDINAR E EXECUTAR O PROXECTO TRANSFIRESAÚDE

Descrición

TRANSFIRESAÚDE *Impulso da integración do ecosistema de I+D+i en saúde rexional para a adopción de solucións avanzadas*, é un proxecto liderado pola Axencia Galega de Coñecemento en Saúde xunto con outros seis socios de Galicia (Universidade de Vigo, CITIUS, Eurocidade Chaves-Verín) e Norte de Portugal (Instituto de investigación a Universidade de Porto I3S, Centro Clínico Académico 2CA Braga, Asociación Centro de Medicina P5 ACMP5) e unha duración de 3 anos aproximadamente.

O proxecto aposta polo reforzo da integración do ecosistema de investigación e innovación en saúde eurorrexional para o desenvolvemento de actuacións conxuntas para abordar os retos vinculados ao envellecemento activo e saudable e a medicina personalizada, preferentemente na contorna da atención primaria. Ademais da coordinación do proxecto, entre as tarefas a liderar por parte da ACIS está o desenvolvemento dun plan de acción conxunto entre os principais grupos de investigación rexionais, a creación dunha plataforma colaborativa para o desenvolvemento de solucións innovadoras e unha convocatoria de impulso dos resultados da investigación biomédica por valor de medio millón de euros.

Este reto interrexional só pode abordarse conformando un partenariado transfronteirizo que afronte a problemática dende enfoques diferentes pero complementarios. Por unha parte, o reforzo da integración do ecosistema investigador, identificando as principais necesidades do sector sanitario e traballando na súa abordaxe. E a aceleración dos mellores resultados de investigación biomédica para a súa aproximación ao mercado e fomento da colaboración público/privada (como pode ser a Compra Pública Innovadora no que o Servizo Galego de Saúde é referente europeo). O orzamento total do proxecto son 1.821.137 de euros.

Reto

Avanzar na integración do ecosistema de I+D+i en saúde da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Responsable/es

Director/a da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.

Cronograma	2026		2027		2028		2029	
	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
	☒	☒						

Duración

O proxecto executarase ata o 2026.

Indicadores/Resultados esperados ¹	2026	2027	2028	2029
☒ N° de reunións do consorcio	8			
☒ N° de talleres e conferencias organizadas/participadas	2			
☒ N° de proxectos de valorización/transferencia apoiados/en apoio	12			
☒ N° de xustificacións económico-técnicas	1			

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.



ACCIÓN 4.7.5 COORDINAR E EXECUTAR O PROXECTO HERCULES

Descrición HERCULES *Health Empowerment through Regional Collaboration by fostering innovation from the demand-side*, é un proxecto liderado pola Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS) xunto con 7 rexións europeas, dentro do programa de colaboración interrexional Interreg Europe, cunha duración de 3 anos.

En 2019, máis da quinta parte da poboación da Unión Europea tiña 65 anos ou máis, e as proxeccións indican que a porcentaxe de persoas de 80 ou máis anos multiplicaránse por dous. Por outra banda, a crise da Covid-19 amosounos a importancia das innovacións que sen dúbida poderán axudar ao ineludible proceso de transformación dos sistemas de saúde nun proceso máis proactivo, preventivo e personalizado.

O proxecto HERCULES pretende desenvolver un plan estratéxico a nivel europeo para o despregamento na contorna sanitaria de solucións que aborden esta temática, baseado nunha análise das vulnerabilidades, recursos e capacidades das rexións implicadas. Buscarase a participación de tódolos axentes da quintuple hélice (cidadáns, autoridades rexionais, empresas, inversores e academia). O orzamento total do proxecto son 1.609.666 de euros.

Reto Compartir boas prácticas no eido da innovación sanitaria dende a demanda e implantar unha acción piloto co coñecemento adquirido.

Responsable/es Director/a da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.

Cronograma	2026		2027		2028		2029	
	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
	☒	☒	☒	☒	☒	☒		

Duración O proxecto executarase ata o 2028.

Indicadores/Resultados esperados ¹	2026	2027	2028	2029
☒ N° de reunións do consorcio	12	12	6	
☒ N° de talleres e conferencias organizadas/participadas	2	2	1	
☒ N° de boas prácticas a transferir /a coñecer	2	2	2	
☒ N° de xustificacións económico-técnicas	2	2	1	

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

ACCIÓN 4.7.6

EXECUTAR O PROXECTO JA PERSONALISED CANCER MEDICINE XUNTO COA DIRECCIÓN XERAL DE ASISTENCIA SANITARIA

Descrición

O proxecto JA PCM Personalised Cancer Medicine ten como obxectivo principal desta Acción Conxunta (JA) ampliar o acceso e o coñecemento da PCM en toda Europa coa visión de desenvolver intervencións sanitarias ao longo da vida, desde unha perspectiva multidimensional: desde a persoa, o paciente con cancro e o sobrevivente. Ten unha duración total de 48 meses ata o 2029.

Os 45 socios da JA recoñecen que a prevención, o diagnóstico, o tratamento e o seguimento deben abordarse de maneira coordinada para lograr o máximo beneficio para o paciente. Polo tanto, a JA centrase en tres áreas: 1) prevención personalizada e detección precoz, 2) medicina personalizada e 3) seguimento personalizado e prevención terciaria.

En colaboración co SERGAS participamos nos paquetes de traballo de ampliación do espazo de tratamento mediante o acceso baixo a xeración sistemática de evidencias, a innovación dixital para mellorar a prestación de coidados de supervivencia, e o paquete de datos, avaliación de tecnoloxías sanitarias e acceso. O orzamento total do proxecto son 25.280.904 de euros.

Reto

Compartir boas prácticas e posicionar Galicia no eido da prevención, diagnóstico, tratamento e seguimento do cancro.

Responsable/es

Director/a da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.

Cronograma	2026		2027		2028		2029	
	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒

Duración

O proxecto executarase ata o 2029.

Indicadores/Resultados esperados ¹	2026	2027	2028	2029
☒ N° de reunións do consorcio	3	3	3	3
☒ N° de talleres e conferencias participadas	1	1	1	1
☒ N° de xustificacións económico-técnicas	1	1	1	1

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

ACCIÓN 4.7.7

EXECUTAR O PROXECTO CEMTex CO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Descrición

O proxecto CEMTex *Closing the loop on Circular Medical Textiles for the transition to a Circular Economy*, de 4 anos de duración, céntrase na identificación dos obstáculos existentes tanto nos marcos de contratación pública polo lado da demanda como nas cuestións loxísticas e de cumprimento polo lado da oferta, e proporcionará solucións e boas prácticas para axudar a construír mellores instrumentos políticos que podan favorecer a transición dos produtos téxtiles médicos dun só uso aos de usos múltiples, co fin de fomentar a economía circular e, ao mesmo tempo, mellorar a autonomía europea e crear novas oportunidades de negocio.

En colaboración co Servizo Galego de Saúde e GALARIA no labor de coordinadores da Estratexia de Economía Circular do SERGAS, participamos co resto de socios na identificación dos numerosos pescozos de botella tanto nos marcos de contratación pública polo lado da demanda como nas cuestións loxísticas e de cumprimento polo lado da oferta, e proporcionamos solucións e mellores prácticas para axudar a construír mellores instrumentos políticos que poidan favorecer tanto o uso da produción como a reutilización de téxtiles médicos circulares e impulsar as cadeas de valor rexionais e a economía circular en xeral. Forman o consorcio 10 rexións europeas. O orzamento total do proxecto son 1.349.760 de euros.

Reto

Compartir e coñecer boas prácticas no eido da circularidade dos téxtiles médicos con rexións europeas e a implantación dunha acción piloto.

Responsable/es

Director/a da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.

Cronograma	2026		2027		2028		2029	
	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒	

Duración

O proxecto executarase ata o 2029.

Indicadores/Resultados esperados ¹	2026	2027	2028	2029
☒ N° de reunións do consorcio	10	10	10	6
☒ N° de talleres e conferencias organizadas/participadas	2	2	2	1
☒ N° de boas prácticas a transferir /a coñecer	2	2	2	1
☒ N° de xustificacións económico-técnicas	2	2	2	2

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.



ACCIÓN 4.7.8

EXECUTAR O PROXECTO REHEAL XUNTO CO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Descrición

O proxecto REHEAL *Reverse Healthcare Supply Chains for Circular Economy*, está destinado a facilitar a adquisición sostible, o reacondicionamento, a reciclaxe e a recuperación de recursos nos sistemas sanitarios, mediante ferramentas dixitais e o despregamento dunha estratexia de contratación pública de innovación.

REHEAL enmárcase no Programa Horizon Europe PCP e atopase financiado pola Unión Europea na súa totalidade. Este proxecto está liderado pola Universidade de Edimburgo (Reino Unido) como socio coordinador e conta coa participación como socios de 7 entidades europeas pertencentes a diferentes ámbitos para o seu desenvolvemento.

O proxecto pretende facilitar a adquisición sostible, o reacondicionamento, a reciclaxe e a recuperación de recursos nos sistemas sanitarios ao mesmo tempo que introducir a perspectiva de xénero e fomentar novas oportunidades de mercado para novas empresas e PEMES que adopten modelos orientados á economía circular. Para acadar este obxectivo empregará unha estratexia de Compra Pública de innovación xunto con metodoloxías CivTech, para codiseñar e pilotar solucións innovadoras de cadea de subministro inversa con 20 provedores, así como un proceso de testeo baseado en Living labs. O orzamento total do proxecto son 7.358.767 de euros.

Reto

Desenvolvemento de solucións innovadoras no eido da sustentabilidade e circularidade das cadeas de subministro.

Responsable/es

Director/a da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.

Cronograma	2026		2027		2028		2029	
	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒

Duración

A execución do proxecto prolongarase ata o 2029.

Indicadores/Resultados esperados¹

	2026	2027	2028	2029
☒ N° de pregos CPI / proxectos en execución	1	2	2	2
☒ N° de eventos organizados/participados	2	2	2	2
☒ N° de xustificacións económico-técnicas	1	1	1	1

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.



ACCIÓN 4.7.9

CONTRIBUIR Á EXECUCIÓN DO PROXECTO MAG-SUDOE COA FUNDACIÓN PÚBLICA DE MEDICINA XENÓMICA E A FIDIS

Descrición

MAG-SUDOE propón unha solución pioneira para implementar conxuntamente un servizo mentoría en asesoramento xenético (MAG) no suroeste de Europa, beneficiando os tres países implicados. O proxecto promove a resiliencia dos servizos de xenética e mellorará os coñecementos e recursos dos seus profesionais a través de actividades de formación inherentes a: 1) a transferencia de habilidades da acción piloto portuguesa para avaliar a viabilidade dun programa MAG; 2) o desenvolvemento conxunto de metodoloxías MAG; e 3) o deseño dunha estratexia conxunta para a súa implementación. Aproveitará as sinerxías entre as asociacións de profesionais do asesoramento xenético e as institucións biomédicas líderes en innovación sanitaria. Os resultados proporcionarán un punto de partida para promover o MAG a escala transnacional, creando evidencias para fundamentar as decisións de política sanitaria para un sistema sanitario equitativo e de calidade.

O proxecto está liderado polo grupo de xenética do IDIS a través da súa Fundación xunto con catro socios e outros catro asociados entre os que está a Axencia Galega de Coñecemento en Saúde con 3 anos de duración. O orzamento total do proxecto son 1.274.025 de euros..

Reto

Contribuír ao coñecemento no ámbito da medicina xenética na rexión transfronteiriza SUDOE..

Responsable/es

Director/a da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.

Cronograma	2026		2027		2028		2029	
	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
	☒	☒	☒	☒	☒			
Duración	O proxecto executarase ata o 2028.							
Indicadores/Resultados esperados¹	2026		2027		2028		2029	
☒ N° de reunións do consorcio	2		2		1			
☒ N° de talleres e conferencias participadas	1		1		1			

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.



ACCIÓN 4.7.10

COORDINAR E EXECUTAR O PROXECTO INTEGRASAÚDE

Descrición

O proxecto INTEGRASAÚDE *Centro de Innovación Transfronteirizo para promover a adaptación dos sistemas de saúde pública a unha atención eficaz centrada na persoa*, está baseado en estruturas transfronteirizas ad hoc para o diagnóstico, a promoción e a implementación práctica da innovación sanitaria. O proxecto utiliza unha colaboración multidisciplinar e complementaria (con 7 entidades esenciais do ecosistema sanitario eurorrexional nos sectores social, sanitario, de innovación e do coñecemento) sen cuxo papel e experiencia combinados sería imposible identificar, acelerar e implementar as solucións innovadoras e as tecnoloxías avanzadas.

Os servizos sanitarios de Galicia e o Norte de Portugal enfróntanse a unha situación de fragilidade estrutural debido á dispersión territorial e ao envellecemento progresivo da súa poboación, o que impacta especialmente na atención primaria e social, dificultando a prestación de servizos eficientes e equitativos; polo tanto, é urxente un cambio de paradigma cara a unha atención sanitaria e social coordinada, proactiva e centrada no paciente.

A Axencia Galega de Coñecemento en Saúde lidera o proxecto aproximadamente 3 anos de duración onde o papel da rede de Nodos de innovación sanitaria será moi relevante. O orzamento total do proxecto son 1.202.074 de euros.

Reto

Avanzar na integración do ecosistema de innovación en saúde da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Responsable/es

Director/a da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.

Cronograma	2026		2027		2028		2029	
	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
	☒	☒	☒	☒	☒	☒		

Duración

O proxecto executarase ata o 2028.

Indicadores/Resultados esperados ¹	2026	2027	2028	2029
☒ N° de reunións do consorcio	8	8	8	
☒ N° de talleres e conferencias organizadas/participadas	2	2	2	
☒ N° de proxectos de innovación apoiados/en apoio	10	10	10	
☒ N° de xustificacións económico-técnicas	1	1	1	

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.



ACCIÓN 4.7.11		EXECUTAR O PROXECTO EQUIO XUNTO COA DIRECCIÓN XERAL DE ASISTENCIA SANITARIA							
Descrición		EQUIO <i>Equidade transfronteiriza contra o cancro</i> / <i>Cara á creación dunha rede integral de atención oncolóxica (CCCN)</i>, é un proxecto innovador destinado a consolidar unha rede transfronteiriza integral de atención oncolóxica entre Galicia e o norte de Portugal, aliñada co Plan Europeo de Loita contra o Cancro. O seu obxectivo central é garantir o acceso equitativo a unha atención oncolóxica de calidade mediante a promoción da integración de servizos sanitarios diagnósticos e tratamentos innovadores para dous tipos de cancro: o cancro de pulmón e o cancro colorrectal. Para conseguilo, o proxecto abrangue catro actividades clave. A primeira ten como obxectivo mellorar os protocolos clínicos e desenvolver vías específicas para pacientes con cancro de pulmón e colorrectal. A segunda promove a medicina personalizada, que optimizará as decisións clínicas en casos complexos, incluíndo o diagnóstico molecular avanzado. A terceira busca estruturar e gobernar a Rede Transfronteiriza Integral de Atención Oncolóxica (CCCN-T-GNP). A cuarta fortalece as capacidades profesionais mediante a formación especializada continua. EQUIO achega un valor significativo en termos europeos ao abordar directamente os obxectivos estratéxicos do Plan Europeo de Loita contra o Cancro, especialmente en canto á equidade, a calidade da atención e a medicina personalizada. Ao establecer unha rede transfronteiriza integral, este proxecto actúa como un modelo pioneiro para a cooperación transfronteiriza en saúde, ofrecendo solucións concretas ás barreiras administrativas, clínicas e regulamentarias que a miúdo limitan o acceso equitativo a terapias innovadoras contra o cancro. O proxecto ten 3 anos de duración, conforman o consorcio o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega de Coñecemento en Saúde e o Instituto Português de Oncologia do Porto Francisco Gentil, E.P.E. Trátase dos 3 actores relevantes claves para a consecución dun CCCN transfronteirizo. O orzamento total do proxecto son 1.958.887 de euros.							
Reto		Creación dunha rede integral de atención oncolóxica (CCCN) transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal.							
Responsable/es		Director/a da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.							
Cronograma		2026		2027		2028		2029	
		1 ^{er} S	2º S	1 ^{er} S	2º S	1 ^{er} S	2º S	1 ^{er} S	2º S
		☒	☒	☒	☒	☒	☒		
Duración		O proxecto executarase ata o 2028.							
Indicadores/Resultados esperados ¹		2026		2027		2028		2029	
☒ N° de reunións do consorcio		8		8		8			
☒ N° de talleres, conferencias e formacións organizadas/participadas		3		3		3			
☒ N° actuacións transfronteirizas da CCCN		2		2		2			
☒ N° de xustificacións económico-técnicas		1		1		1			

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

ACCIÓN 4.7.12

EXECUTAR O PROXECTO EXOCARE XUNTO COA ÁREA SANITARIA DE LUGO, A MARIÑA E MONFORTE DE LEMOS, ÁREA SANITARIA DE VIGO, E A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Descrición

O proxecto EXOCARE *Estratexia conxunta de mobilidade asistida*, pretende abordar un problema que afecta ao sector dos coidados na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, onde existen altas taxas de envellecemento e onde as persoas coidadoras xogan un papel crucial.

O proxecto, impulsado desde Galicia, céntrase nos coidadores mediante o estudo da situación eurorrexional (problemas e recursos dispoñibles) e o desenvolvemento de programas de formación e solucións tecnolóxicas de atención destinadas a reducir os trastornos musculoesqueléticos derivados do esforzo físico que supoñen os traslados de pacientes. O uso destes dispositivos ten como obxectivo diminuír as lesións laborais, especialmente as lumbares e dorsais, que son a principal causa de baixa por enfermidade no sector. Tamén busca dignificar e profesionalizar este traballo e combater a precariedade laboral e a falta de recoñecemento.

Outro obxectivo clave é democratizar o acceso ás solucións tecnolóxicas desenvolvidas, garantindo que sexan accesibles e sostibles. Desenvolverase un modelo de exoesqueleto de baixo custo e, ao final do proxecto, crearase un repositorio de exoesqueletos de acceso compartido, buscando solucións eficaces noutras iniciativas similares.

Así, non só mellorará as condicións laborais das persoas coidadoras, senón que tamén contribuirá a mellorar a calidade da atención que reciben as persoas maiores e dependentes, previndo riscos e potenciando o valor do sector.

O proxecto ten 3 anos de duración e un total de 11 socios relevantes no eido da mobilidade asistida. O orzamento total do proxecto son 1.310.857 de euros.

Reto

Creación dunha estratexia conxunta de mobilidade asistida transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal.

Responsable/es

Director/a da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.

Cronograma	2026		2027		2028		2029	
	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
	☒	☒	☒	☒	☒	☒		

Duración

O proxecto executarase ata o 2028.

Indicadores/Resultados esperados ¹	2026	2027	2028	2029
☒ N° de reunións do consorcio	8	8	8	
☒ N° de talleres, conferencias e formacións organizadas/participadas	3	3	3	
☒ N° proxectos apoiados /en execución	2	2	2	
☒ N° de xustificacións económico-técnicas	1	1	1	

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.



ACCIÓN 4.7.13

EXECUTAR O PROXECTO ESTRATÉGICO NEW HEALTH XUNTO COA FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Descrición

O proxecto estratéxico New Health *Plataforma Transfronteiriza para a Innovación e os Servizos Sanitarios Avanzados*, promove unha transformación estrutural do sistema sanitario na Eurorrexión a través da cooperación transfronteiriza, a innovación tecnolóxica e o acceso equitativo. Busca avanzar cara a un modelo de atención máis eficiente, dixital, sostible e centrado nas persoas que responda de forma coordinada aos desafíos compartidos do territorio. Para iso, están a crearse marcos comúns de planificación, gobernanza e prestación de asistencia sanitaria para fomentar a integración dos servizos, a continuidade da atención e o uso compartido dos recursos.

A dixitalización é fundamental, promovendo infraestruturas interoperables, ferramentas de toma de decisións clínicas e solucións dixitais de saúde adaptadas aos entornos rurais. Refórzanse as competencias dos profesionais sanitarios e foméntase a transferencia de coñecementos entre as partes interesadas do ecosistema sanitario. A innovación aberta conecta a investigación, a tecnoloxía e a atención para acelerar as novas solucións sanitarias.

Centrándose nas enfermidades cardiovasculares e oncolóxicas, o obxectivo é mellorar a prevención, o diagnóstico e o tratamento dun xeito colaborativo e centrado no paciente. Priorízase garantir a equidade territorial mediante a redución das barreiras xeográficas e administrativas e a garantía do acceso a unha atención de calidade en toda a Eurorrexión. A cohesión, a sustentabilidade e a innovación son os piares desta proposta, deseñada para lograr un impacto duradeiro na saúde da poboación.

O proxecto conta con 3 anos de duración aproximadamente, e un total de 12 socios fronteirizos entre España e Portugal e está liderado pola FIDIS. O orzamento total do proxecto son 6.895.180 de euros..

Reto

Creación dunha Plataforma Transfronteiriza para a Innovación e os Servizos Sanitarios Avanzados entre España e Portugal.

Responsable/es

Director/a da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.

Cronograma	2026		2027		2028		2029	
	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
	☒	☒	☒	☒	☒	☒		

Duración

O proxecto executarase ata o 2028.

Indicadores/Resultados esperados ¹	2026	2027	2028	2029
☒ N° de reunións do consorcio	8	8	8	
☒ N° de talleres, conferencias e formacións organizadas/participadas	3	3	3	
☒ N° proxectos apoiados /en execución mediante incubadoras	2	2	2	
☒ N° de xustificacións económico-técnicas	1	1	1	

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

ACCIÓN 4.7.14

EXECUTAR O PROXECTO JA SAMIRA XUNTO COA DIRECCIÓN XERAL DE ASISTENCIA SANITARIA E GALARIA EPSS

Descrición

Os obxectivos do proxecto JA SAMIRA (Acción Conxunta) conformado por 60 socios europeos e no que está o Servizo Galego de Saúde, GALARIA EPSS. e a ACIS, son a posta en marcha dun sistema rexional integral, exportable a outros estados membros, que optimice e estandarice as doses de radiación recibidas por todos os pacientes sometidos a imaxes médicas con radiación ionizante en todos os centros do Servizo Galego de Saúde. Tamén pilota a adopción dunha ferramenta asistida por IA derivada do proxecto SINFONIA para a análise de riscos dos efectos nocivos da exposición á radiación en pacientes, traballadores, coidadores, acompañantes e poboación xeral durante o tratamento de pacientes con sospeita ou diagnóstico de cancro de mama, linfoma e tumores cerebrais. Ademais, estende o sistema de seguridade do paciente en radioterapia a toda a rede. O obxectivo é garantir que a dose de radiación á que están expostos os pacientes sexa a mínima necesaria, compatible con imaxes e tratamentos válidos. Ademais, o obxectivo é estandarizar os protocolos de adquisición de imaxes en todos os centros da comunidade autónoma e establecer niveis de referencia asociados ao catálogo de recoñecementos médicos. Os profesionais tamén terán un acceso máis doado á información sobre exposicións previas para axudar na toma de decisións sobre a súa xustificación. Todo isto utilizará as evidencias, as leccións aprendidas e as recomendacións derivadas dos proxectos SAMIRA (por exemplo, cando corresponda, QuADRANT, EU-JUST-CT, SIMPLERAD, Guía sobre protección radiolóxica n.º 206), traducíndoas así en implementación práctica en toda unha rexión dun Estado membro.

Para acadar os obxectivos finais do proxecto proposto, o Servizo Galego de Saúde desenvolvería diversas accións que poderían transferirse como boas prácticas: 1) Formación dos profesionais implicados; 2) Creación dun Comité Centralizado de Dosificación; 3) Creación de comités locais de dosificación; 4) Creación dun Comité Centralizado de Notificación de Incidencias e Análise de Riscos; 5) Creación de comités locais de notificación de incidentes e análise de riscos. O orzamento total do proxecto son 11.500.000 de euros.

Reto

Creación dun sistema rexional integral, exportable a outros estados membros, que optimice e estandarice as doses de radiación recibidas por todos os pacientes sometidos a imaxes médicas con radiación ionizante.

Responsable/es

Director/a da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.

Cronograma	2026		2027		2028		2029	
	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S	1 ^{er} S	2 ^o S
	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒	☒

Duración

O proxecto executarase ata o 2029.

Indicadores/Resultados esperados ¹	2026	2027	2028	2029
☒ N.º de reunións do consorcio	5	5	5	5
☒ N.º de talleres, conferencias e formacións organizadas/participadas	1	1	1	1



ACCIÓN 4.7.14	EXECUTAR O PROXECTO JA SAMIRA XUNTO COA DIRECCIÓN XERAL DE ASISTENCIA SANITARIA E GALARIA EPSS
----------------------	---

☒ N° de xustificacións económico-técnicas	1	1	1	1
---	---	---	---	---

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

Eixo 5. Avaliación

Neste Eixo 5 preténdese proporcionar evidencia científica que sustente a toma de decisións do Sistema Público de Saúde de Galicia no relativo á incorporación de tecnoloxías sanitarias, así como a adopción de mellores prácticas clínicas.

